

MEMORIA

RESPONSABILIDAD SOCIAL UNIVERSITARIA

RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA



RS | UDC 2011



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA

RESPONSABILIDAD SOCIAL UNIVERSITARIA

RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA

RS | UDC
2011

A elaboración da Memoria de responsabilidade social da Universidade da Coruña (UDC) é froito do convenio de colaboración asinado por INDITEX, S.A. e a UDC, o 10 de marzo de 2010, polo que ambas as institucións acordaron sumar esforzos co obxecto de promover a implantación dun modelo de responsabilidade social universitaria.

A coordinación técnica das actuacións que se realizaron levouna a cabo o Consello Social da UDC, en calidade de órgano de participación da sociedade na universidade.

ÍNDICE

COMPROMISO E RESPONSABILIDADE: CARTA DO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA	8
UNHA UNIVERSIDADE CON COMPROMISO SOCIAL: CARTA DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA	10
AVANZANDO POLA SENDA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL: CARTA DA VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA	12
COMO É A MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA?	14
BLOQUE I. QUE SOMOS? COMO SOMOS?	16
A. NATUREZA DA UDC	18
B. COMO SOMOS? O COMPROMISO SOCIAL DA UDC	20
1. QUE COMPROMISOS ASUME A UDC EN MATERIA DE RS? A misión da UDC	21
2. QUE ESTRATEXIA SEGUE A UDC EN MATERIA DE RSU? A visión da UDC	22
3. COMO SE APLICA A ESTRATEXIA DA UDC EN MATERIA DE RSU? Os valores da UDC	24
4. COMO SE DESPREGAN OS COMPROMISOS DA UDC EN MATERIA DE RS?	25
C. A ESTRUCTURA DA UDC	27
1. CAMPUS TERRITORIAL. A UDC integrada no territorio	27
2. CAMPUS PARTICIPATIVO. A estrutura de goberno da UDC	28
3. CAMPUS DOCENTE. A estrutura académica da UDC	29

BLOQUE II. OS GRUPOS DE INTERESE DA UDC	30
POR QUE OS GRUPOS DE INTERESE?	32
A. O ESTUDANTADO	35
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	35
2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN	43
3. INTERNACIONALIZACIÓN	49
4. AMBIENTE	52
5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACION E A COMUNICACIÓN	52
6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	55
7. COMUNICACIÓN	55
8. CULTURA	55
9. DEPORTE	56
10. COMPROMISO SOCIAL	60
11. ACTUACIÓN SOCIAL	64
12. XESTIÓN EFICIENTE	67
B. O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)	71
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	73
2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN	77
3. INTERNACIONALIZACIÓN	83
4. AMBIENTE	84

5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN	84
6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	85
7. COMUNICACIÓN	85
8. CULTURA	86
9. DEPORTE	86
10. COMPROMISO SOCIAL	86
11. ACTUACIÓN SOCIAL	87
12. XESTIÓN EFICIENTE	87
C. O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)	89
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	89
2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN	93
3. INTERNACIONALIZACIÓN	94
4. AMBIENTE	94
5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN	94
6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	95
7. COMUNICACIÓN	95
8. CULTURA	95
9. DEPORTE	95
10. COMPROMISO SOCIAL	95
11. ACTUACIÓN SOCIAL	96
12. XESTIÓN EFICIENTE	99
D. A CIDADANÍA	101
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	101
2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN	103
3. INTERNACIONALIZACIÓN	103
4. AMBIENTE	104
5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN	117
6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	117
7. COMUNICACIÓN	118
8. CULTURA	119
9. DEPORTE	120
10. COMPROMISO SOCIAL	120
11. ACTUACIÓN SOCIAL	123
12. XESTIÓN EFICIENTE	123

E. A EMPRESA	125
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	125
2. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN	126
3. INTERNACIONALIZACIÓN	141
4. AMBIENTE	141
5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN	142
6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	142
7. COMUNICACIÓN	142
8. CULTURA	142
9. DEPORTE	142
10. COMPROMISO SOCIAL	142
11. ACTUACIÓN SOCIAL	143
12. XESTIÓN EFICIENTE	143
F. A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	145
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	146
2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN	146
3. INTERNACIONALIZACIÓN	146
4. AMBIENTE	147
5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN	147
6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	147
7. COMUNICACIÓN	147
8. CULTURA	147
9. DEPORTE	148
10. COMPROMISO SOCIAL	148
11. ACTUACIÓN SOCIAL	149
12. XESTIÓN EFICIENTE	150

BLOQUE III. INDICADORES DE RESPONSABILIDADE SOCIAL
DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

156

ANEXO I. ENDEREZOS DAS PÁXINAS WEB DA UDC

158

ANEXO II. SIGLAS

168

PARA MÁIS INFORMACIÓN SOBRE A MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSI-
DADE DA CORUÑA

172

COMPROMISO E RESPONSABILIDADE:

D. XOSÉ LUÍS ARMESTO, reitor

A edición da *Memoria de Responsabilidade Social Universitaria* correspondente ao ano 2011 permítelle á Universidade da Coruña facer un novo exercicio de transparencia para que os seus grupos de interese dispoñan doutra ferramenta informativa máis.

Isto somos, isto facemos e estes son os nosos obxectivos. O ano pasado elaborouse, por primeira vez, a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria e agora dámoslle continuidade a esta iniciativa co mesmo espírito de compromiso e responsabilidade con que daquela nos presentamos.

A ampla documentación que aquí se achega e se detalla, enfocada a cada un dos nosos seis grupos de interese (PDI, PAS, estudantado, cidadanía, administración pública e empresa) ofrece unha fotografía correcta de como se substancian no día a día os compromisos da nosa institución.

Eses compromisos, establecidos e recollidos nos nosos estatutos e noutros documentos posteriores, xiran sempre arredor dunha idea central: servizo público. Na xestión da Universidade da Coruña, este concepto vai máis alá dunha simple definición administrativa. No actual contexto socioeconómico galego, estatal e internacional, defendemos un modelo de universidade pública – por tanto, mantida cos recursos de todos– para o pleno cumprimento da nosa responsabilidade social ao servizo da poboación galega.

A primeira responsabilidade social universitaria é garantir o exercicio do dereito de calquera cidadán ou cidadá a acceder ao ensino superior con garantías de igualdade. Na prestación dese servizo reside a base sobre a que se asenta o desenvolvemento da nosa misión social. Vén sendo así nestes últimos anos e seguirá a ser nos vindeiros, cando menos mentres o meu equipo de goberno teña a honra de dirixir a xestión da Universidade da Coruña. Para manter e mellorar a cohesión social, coido fundamental que se garanta o dereito a acceder á educación superior, porque opera con clareza como mecanismo de ascenso social.

Lonxe de formalismos ou retóricas baleiras, queremos que a presente Memoria sirva para que os nosos grupos de interese que, en realidade, son a propia sociedade no

seu conxunto, coñezan mellor o que e o como do noso traballo cotián. Porque, coñecendo mellor, formarán unha opinión máis cabal sobre o valor da universidade, sobre a súa eficiencia e sobre a magnitude dos resultados do seu quefacer.

Na Universidade da Coruña gradúanse cada ano arredor de 3.000 mozos e mozas. Bos profesionais, altamente cualificados nas súas respectivas disciplinas, cun nivel homologable ao de calquera universidade europea. Son persoas preparadas para se integraren no mercado laboral, que é a vía pola que a universidade realiza a súa máis importante contribución ao desenvolvemento do seu contorno socioeconómico.

Unha segunda vía pola que a sociedade recibe os beneficios do seu investimento no servizo público da educación superior exprésase pola función investigadora, alí onde se acubilla o cerne do progreso cultural e material dun país, ben sexa con investigación básica, ben con investigación aplicada. Non esquezamos que as universidades públicas executan dous terzos de toda a investigación desenvolta en Galicia.

A Universidade asesora, colabora coas administracións públicas e coas empresas que compoñen o noso tecido produtivo. A conversión do coñecemento no centro do modelo económico –cara ao que semella que nos diriximos– acentúa a responsabilidade da universidade na transferencia de resultados da investigación. Isto é: na innovación. Xa que logo, serán poucos todos os esforzos que se fagan por ampliar ou mellorar a osmose entre a universidade e o seu contorno empresarial.

Temos unha universidade moderna e innovadora, sustentable e razoablemente dimensionada que presta un servizo insubstituíble á sociedade galega, en xeral, e ás áreas metropolitanas da Coruña e de Ferrol, en particular. O valor dese servizo tense que medir en termos de rendibilidade social, non de tamaño ou de contabilidade empresarial ou financeira.

Co obxectivo de mellorar esa medición social, a transparencia, o rendemento de contas e a nosa eficiencia, presentamos esta Memoria de Responsabilidade Social Universitaria correspondente a 2011.



UNHA UNIVERSIDADE CON COMPROMISO SOCIAL:

D. ANTONIO ABRIL, Presidente do Consello Social
da Universidade da Coruña

A presentación desta Memoria de responsabilidade social constitúe unha nova oportunidade para reafirmar o compromiso global da UDC coa transparencia, a rendición de contas, a sustentabilidade social e ambiental e a colaboración público-privada como a mellor vía para optimizar a xestión de recursos que, agora máis que nunca, son escasos ante necesidades inesgotables.

Cando, en marzo de 2010, a UDC e INDITEX, S.A formalizaron o seu acordo de colaboración para a promoción conxunta da responsabilidade social non só se produciu a sinatura dun contrato no marco da relación universidade-empresa, o que xa en por si é relevante, senón, e sobre todo, tivo lugar a creación dun rico espazo de colaboración público-privada que está sendo capaz de xerar proxectos de interese común para a sociedade.

A primeira Memoria de responsabilidade social da UDC foi pioneira e significativa, ao situar a UDC á cabeza das universidades que apostan pola transparencia e polo compromiso social reforzado como elementos distintivos do seu plan estratéxico. Esta segunda Memoria insiste nese camiño, que é o único posible para que unha institución que é titular do servizo público de ensino superior se presente, renda contas e obteña o recoñecemento de quen é a súa dona e daquela a quen se debe: a sociedade.

A creación, por parte do actual equipo de goberno, dunha vicerreitoría que leva o apelido *Responsabilidade Social* -catalizador de importantes proxectos no ámbito da seguridade e saúde laborais, da igualdade de xénero, da atención á diversidade e, en xeral, da innovación e do fomento da responsabilidade social- evidencian que o proxecto se fortalece.

O contexto a que se enfronta a universidade pública nos nosos días é realmente complexo. A crise económica debilitou os seus alicerces ao tempo que a sociedade lle exige que, agora máis que nunca, asuma un papel pro-

tagonista no necesario cambio cara a un novo modelo produtivo.

As universidades só poderán superar a conxuntura recorrendo á innovación, á estrita e eficiente asignación dos recursos dispoñibles e á diversificación das fontes de financiamento de que se nutren. Non só a rendibilidade senón a necesidade de apostar pola implantación da responsabilidade social no ámbito da universidade pública para a consecución destes obxectivos é indubidable.

Estamos ante unha excelente ferramenta para os nosos xestores que permite que a definición de obxectivos e estratexias asente sobre a base do diálogo directo cos distintos grupos de interese. A responsabilidade social é un valioso mecanismo de optimización do proceso de toma de decisións no ámbito da universidade pública.

Trátase, ademais, dun centro de interese compartido coa empresa e co resto de institucións do noso contorno, alén dun excelente compás que orienta a universidade para converxer cos obxectivos de importantes instrumentos de planificación e estímulo como a Estratexia Europa 2020, o Sétimo Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento (FP7), a Estratexia Universidade 2015 ou o Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego vixente, que inclúe a consecución de obxectivos en materia de responsabilidade social dentro dos criterios de repartición do fondo por resultados.

O documento que se presenta nace como contribución á aposta da UDC pola responsabilidade social, froito dun intenso traballo de colaboración entre o equipo de goberno e o Consello Social da UDC. É reflexo dun importante exercicio de compromiso coa mellora continua e coa innovación, polo cal aproveito para felicitar a toda a comunidade universitaria.



UNHA UNIVERSIDADE CON COMPROMISO SOCIAL:

DNA. ARACELI TORRES, vicerreitora do Campus de Ferrol e
Responsabilidade Social

En xuño de 2011 a Universidade da Coruña presentou, en colaboración co Consello Social e con Inditex, a súa primeira *Memoria de responsabilidade social universitaria*. Uns meses despois, o profesor D. Xosé Luís Armesto foi elixido pola comunidade universitaria como novo reitor. No seu programa de goberno incluíase a proposta de elevar ao rango de vicerreitoría a responsabilidade social universitaria.

Desde xaneiro de 2012 teño a honra de estar á fronte da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Coa nova configuración pretendemos dúas cousas. Por un lado, estimular a mentalización dos propios colectivos que forman a comunidade universitaria e que, ao tempo, son grupos de interese (profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos) para compartirmos as estratexias de actuación da Universidade da Coruña. Polo outro, queremos que os nosos grupos de interese alleos á comunidade universitaria (cidadanía, administracións públicas e empresas) coñezan polo miúdo as características das accións que levamos a cabo para cumprirmos os obxectivos que nos son propios.

Somos conscientes de que non sempre resulta doado trasladarlles aos propios grupos de interese a importancia de visualizarmos a rede de obxectivos compartidos. Sobre todo cando, como sucede no caso das universidades e tamén doutras organizacións, a responsabilidade social ten un carácter evidentemente transversal e se estende a tarefas de xestión de distintos ámbitos. Pénsese, por exemplo, na aplicación de criterios de sustentabilidade ambiental, de cooperación ao desenvolvemento, de eficiencia enerxética, de rendemento de contas ou de participación e corresponsabilidade.

Alén das misións que hoxe asumen as universidades públicas (ensino, investigación e transferencia de resultados), as institucións de educación superior teñen a obriga de se ofrecer en á sociedade como referente de


valores e de formas de xestión en ámbitos que non lles son específicos, como a igualdade de xénero, os criterios de saúde e seguridade laboral ou a atención aos membros da comunidade universitaria con algunha discapacidade.

O contexto de crise económica en que nos estamos movendo estes anos obríganos a todas e a todos os que manexamos orzamentos públicos a extremar a nosa eficiencia e a manter, malia os recortes substanciais nos recursos, o compromiso de lles ofrecer aos nosos grupos de interese o servizo público que nos compete, salvagardando sempre o dereito da cidadanía a unha educación superior de calidade e a execución dos nosos compromisos educativos e científicos.

Nas páxinas que seguen preséntase un informe detallado de como enfronta a nosa institución as distintas dimensións da responsabilidade social universitaria, especificadas para cada un dos nosos grupos de interese. O detalle das epígrafes correspondentes (formación complementaria, tecnoloxías da información, normalización lingüística, internacionalización, cultura etcétera) devolve unha imaxe nítida das nosas actuacións e dos principios que as guían.

En setembro de 2011, a Unión Europea fixo pública a súa axenda para a modernización dos sistemas de educación superior do continente. É posible que a persistencia da crise, coas súas repercusións no “estado de ánimo” institucional para o proxecto europeo, dificulte, atrase ou disipe algúns dos seus obxectivos máis ambiciosos. Mais non se esvaecerá a idea, recollida no seu texto, de que os sistemas de educación superior modernos e eficaces son a base dunha sociedade aberta, segura de si mesma e sustentable, así como dunha economía creadora, innovadora e emprendedora.

Nesa liña traballamos na Universidade da Coruña.



A RAZÓN DE SER DA MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A UDC é unha universidade pública firmemente comprometida cun obxectivo de interese xeral e indubidable transcendencia social: o ensino público superior. Pero lonxe de pensar que a propia finalidade social da súa actividade, nas súas misións de docencia, investigación e transferencia de resultados á sociedade, fai innecesario un maior compromiso expreso, asume a responsabilidade de elaborar e publicar unha “Memoria anual de responsabilidade social” coa maior implicación social que esta supón.

Segundo o precedente da Memoria de responsabilidade social do exercicio 2010, a metodoloxía de traballo céntrase na relación da UDC con todos e cada un dos seus grupos de interese que, con propósito de síntese, se resumen en seis: Estudiantado, PDI, PAS, Cidadanía, Empresa e Administración pública. Con base nesta proposta, a Memoria estrutúrase en capítulos diferenciados que facilitan localizar con axilidade a información máis relevante para cada grupo de interese. Isto permite unha mellor comprensión do documento e o desenvolvemento de propostas concretas de mellora. Con isto, a UDC aposta decididamente por abrir canles específicas para facilitar a comunicación coa comunidade universitaria e a sociedade, a través de cada un dos seus protagonistas, innovando no ámbito da universidade pública española e reforzando o seu compromiso de ser unha universidade sustentable, aberta e participativa.

Una memoria de responsabilidade social debe ser, así o asume a UDC, un exercicio de transparencia e de

rendición de contas, de recoñecemento de obrigas e de asunción de compromisos, o resultado dun esforzo colectivo de toda a comunidade universitaria que, evidentemente, vai máis alá dun simple exercicio de comunicación. Pero ademais é, no caso da UDC, un exemplo de colaboración público-privada en que a sociedade, a través da súa representación no goberno da universidade, o Consello Social da UDC, fai efectivo o seu compromiso de apoio á UDC e ao seu equipo de goberno, para integrar a responsabilidade social na xestión diaria da institución. Na súa execución, un comité de traballo en que participan o reitor, vicerreitores das áreas con maior implicación na responsabilidade social e o Consello Social da UDC, coordina os labores de obtención de información e asunción de obrigas e obxectivos nun proceso de elaboración participativo e enriquecido pola achega de diferentes visións desde o público e o privado.

A creación, no novo equipo de goberno da universidade, dunha vicerreitoría que leva na súa denominación e na definición das súas funcións a “Responsabilidade social”, é unha mostra evidente do compromiso da universidade coa súa responsabilidade social e, ao asumir os labores de coordinación universitaria para a elaboración desta memoria, facilita a súa redacción e mellora a súa calidade.

A Memoria de responsabilidade social estrutúrase en tres grandes bloques:

BLOQUE I. QUE SOMOS? COMO SOMOS?

Presenta o perfil, a estrutura e a dimensión da UDC, para facilitar a comprensión das diferentes iniciativas e indicadores que se presentan ao longo do documento. Tamén inclúe a misión, a visión, os valores e os compromisos.

BLOQUE II. OS GRUPOS DE INTERESE DA UDC.

Divídese en seis grandes ámbitos, que se corresponden cos grupos de interese da UDC: Estudiantado, Persoal Docente e Investigador (PDI), Persoal de Administración e Servizos (PAS), Cidadanía, Empresa e Administracións públicas.




Gráfico 1. Os seis grupos de interese da UDC.

Pola súa vez, cada ámbito estrutúrase en doce áreas de actuación, que se presentan no gráfico anexo.



Gráfico 2. As doce áreas de actuación da UDC.

BLOQUE III. INDICADORES DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

No último bloque, preséntanse os indicadores de desempeño de responsabilidade social da Universidade da Coruña. Para a súa elaboración tómase como base a Guía para a elaboración de memorias de sustentabilidade da *Global Reporting Initiative* na súa versión G 3.1, pero adaptándoa ás características dunha institución de educación superior de carácter público, no marco do Sistema de Educación Superior do Estado Español.



BLOQUE I

QUE
SOMOS?
COMO
SOMOS?

NATUREZA DA UDC

A Universidade da Coruña creouse en 1989 con motivo da ordenación do Sistema Universitario de Galicia¹ e, ao igual que outras institucións de educación superior, comparte os obxectivos de ensinar, investigar e transferir coñecementos á sociedade. Aínda que pode considerarse un centro público relativamente novo, neste case cuarto de século de traxectoria, a UDC está perfectamente integrada na comunidade galega e claramente comprometida co seu progreso socioeconómico.

Cumprindo cos obxectivos antes mencionados, esta universidade desempeña un innegable papel protagonista no fomento e na transferencia de coñecemento, de tecnoloxía e de capital humano, contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento do tecido produtivo que a rodea e favorecendo a consolidación das áreas da Coruña e de Ferrol como unha gran rexión do coñecemento. Neste sentido cabe recordar que a sede da UDC se encontra repartida entre estas dúas rexións urbanas da provincia da Coruña, unha área en que se concen-

tran 650.000 habitantes, arredor do 25% da poboación total de Galicia.

En palabras de Xosé Luís Armesto, elixido reitor da UDC o 13 de decembro do ano 2011, *“Somos unha universidade pública, moderna e en permanente progresión, ordenada, ben integrada e cos perfís académicos correctamente definidos”*.

Na UDC queremos ser unha universidade aberta para todos os colectivos: Estudantado, PDI, PAS, Cidadanía, Empresa e Administración pública, así como un aliado eficaz para a defensa dos intereses de cada un deles.

Cremos e apostamos por Galicia e pola colaboración interuniversitaria co fin de cohesionar, coordinar e fortalecer o Sistema Universitario Galego. Mostra disto é que o 40% dos posgraos oficiais da UDC teñen carácter interuniversitario.

¹ Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia. Os seus estatutos foron aprobados o 4 de febreiro de 1992 polo Claustro da UDC, e foron publicados no DOG do 17 de setembro de 1992.



No plano administrativo e económico, a UDC é unha institución saneada, froito dunha xestión seria, baseada nunha planificación coherente, no equilibrio e no rigor orzamentario. A estas características tamén se pode sumar a de ser unha universidade sustentable, que aposta por un futuro baseado no aproveitamento eficiente dos recursos de que dispón.

En resumo, nestas máis de dúas décadas de historia e grazas á colaboración de todas as persoas que forman e formaron parte desta institución, perfilamos a nosa identidade e as liñas estratéxicas de actuación para seguir avanzando nos obxectivos que antes se mencionaban: a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, ao servizo da sociedade.



COMO SOMOS? O COMPROMISO SOCIAL DA UDC

O noso compromiso social xa se expresa no artigo 1 dos nosos estatutos, que recolle as funcións da UDC como institución ao servizo da cidadanía. O noso compromiso formal coa responsabilidade social iniciouse no ano 2003, coa adhesión aos dez principios do Pacto Mundial de Nacións Unidas. Estes principios de alcance internacional, baseados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Declaración da Organización Internacio-

nal do Traballo relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo, na Declaración de Río sobre Ambiente e Desenvolvemento e na Convención de Nacións Unidas contra a corrupción, permítenos ter un marco de referencia para alinear as nosas estratexias e apoiar as nosas actuacións. Pensamos que, nun mundo global, os nosos compromisos sociais tamén deben ser globais e ser recollidos na nosa misión, visión e valores.

1.- QUE COMPROMISOS ASUME A UDC EN MATERIA DE RS? A MISIÓN DA UDC

A nosa misión ten como obxectivo trasladar a todos os grupos de interese, como configuramos na nosa estratexia de responsabilidade social:

A MISIÓN DA UDC

A UDC é unha institución pública que ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión de cultura e de coñecemento científico, tecnolóxico e profesional a través do desenvolvemento da investigación e da docencia.

A UDC concibe a súa finalidade esencial como un servizo público de calidade orientado á procura de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade por medio da busca de avances sociais, científicos e tecnolóxicos nun marco de valores éticos xeralmente aceptados.

Forma parte da misión da UDC a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

A UDC manifesta explicitamente o seu compromiso co estudo e desenvolvemento integral de Galicia, singularmente da súa identidade social, cultural e lingüística e, ao mesmo tempo, promoverá a súa plena integración no Espazo Europeo de Educación Superior e a súa proxección nos países de fala portuguesa e en América Latina.

Gráfico 3. A misión da UDC.

2.- QUE ESTRATEXIA SEGUE A UDC EN MATERIA DE RSU? A VISION DA UDC

A nosa visión recolle aquilo que queremos chegar a ser, e para o que desenvolvemos as nosas estratexias e actuacións. Esta configúrase nos seguintes elementos:

A VISION DA UDC

Unha universidade pública que asegura un funcionamento participativo e democrático a través dos seus órganos de goberno, tanto colexiados como unipersoais.

Unha universidade pública que actúa con independencia de poderes ou grupos de tipo económico, político, ideolóxico, relixioso ou social.

Unha universidade pública que colabora co sector privado e dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, axeitado ás súas necesidades e aos seus obxectivos, tanto presentes coma futuros.

Unha universidade pública que actúa con transparencia e informa amplamente a comunidade universitaria e o conxunto da sociedade da xestión e dos resultados, tanxibles e intanxibles, que derivan da súa actuación.

Un servizo público que conta cuns medios persoais, materiais e financeiros xestionados con eficiencia e eficacia para cumprir coa súa misión e cos obxectivos que lle son propios. De acordo co seu carácter de servizo público, a UDC tenderá a favorecer:

- O acceso máis amplo posible aos seus servizos por parte de todas as persoas interesadas, sen prexuízo dos requirimentos de formación e dos coñecementos que se determinan nas correspondentes disposicións académicas e legais.
- O alto nivel de calidade que deben posuír os servizos e as prestacións universitarias nunha sociedade baseada no coñecemento.
- O equilibrio necesario entre un financiamento suficiente para a provisión de equipamentos e servizos de calidade e unha estrutura de taxas e prezos públicos equitativa e/ou asumible polos interesados.

Unha universidade que se desenvolve en espazos integrados de forma harmónica e que actúa en prol da cohesión territorial, social e económica. En consecuencia, a UDC ten que pór en valor todo o seu potencial humano, científico e tecnolóxico para conseguir un maior e mellor desenvolvemento económico e cultural do seu contorno.



Unha universidade que, a través do fomento do espírito libre e crítico, procura a extensión e a renovación do legado cultural herdado.

Unha universidade que se fai presente na sociedade grazas á extensión universitaria, materializada na oferta de actividades culturais, deportivas e de formación permanente.

Unha universidade que busca a excelencia na investigación e no proceso de ensino- aprendizaxe e que entende a calidade sobre a base dos seguintes aspectos:

- O deseño dunha oferta de titulacións de interese para o conxunto da sociedade e con capacidade para atraer estudantes procedentes tanto do noso contorno próximo (o sistema universitario galego e español) como do Espazo Europeo de Educación Superior, dos países de fala portuguesa e de América Latina.
- O deseño e a implantación de metodoloxías docentes modernas, innovadoras e eficaces que posibiliten o proceso de adquisición de destrezas e capacidades por parte dos egresados nos diferentes ámbitos do coñecemento.
- A dotación de infraestruturas e espazos adecuados para o desenvolvemento da actividade docente, a investigación e a transferencia de resultados.
- A implicación na inserción dos titulados no mercado laboral.
- O incremento da cualificación do seu propio capital intelectual a través da formación permanente do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos, da intensificación das relacións cos axentes sociais e económicos e da innovación e mellora continua dos procesos e estruturas.
- A procura da formación integral da persoa a través dunha docencia de calidade, que deberá asegurar que o proceso de ensino atende ás necesidades da aprendizaxe individual do estudante e facilita, a través da tutoría e dos mecanismos de avaliación máis axeitados, a consecución dos obxectivos por parte do estudiantado.
- A creación e o desenvolvemento de grupos de investigación básicos e aplicados, así como o fomento da xeración de redes con vínculos entre investigadores propios da UDC ou alleos a ela que contribúan activamente ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.
- O funcionamento de grupos de investigación capaces de captar en convocatorias competitivas financiamento público ou privado a través da prestación de servizos por medio de convenios e contratos.

Gráfico 4. A visión da UDC

3.- COMO SE APLICA A ESTRATEXIA DA UDC EN MATERIA DE RSU? OS VALORES DA UDC

Consecuentes cos compromisos globais de responsabilidade social e coa nosa misión e visión, establecemos unha serie de valores, que temos en consideración en todas as actuacións da comunidade universitaria:

OS VALORES DA UDC

A afirmación dos dereitos humanos e a consecuente loita contra calquera discriminación por razóns sociais, ideolóxicas, económicas, relixiosas, de nacemento, de discapacidade, de xénero ou de orientación sexual.

A formación de profesionais, vinculada á formación dunha cidadanía libre e crítica que contribúa, desde os seus destinos laborais e desde os seus saberes, á extensión e ao asentamento na sociedade dos principios democráticos de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo.

O principio da liberdade de cátedra no ámbito dos dereitos académicos, e a transparencia e a participación dos diferentes sectores da comunidade universitaria, a través dos órganos colexiados de goberno, no ámbito da xestión universitaria.

O traballo en equipo, que representa en por si un valor social estimable e contribúe á mellor formación dos estudantes e dos novos investigadores, así como ao fortalecemento da investigación no seu conxunto.

A busca do desenvolvemento sustentable como compoñente esencial da súa responsabilidade social corporativa, para o cal orientará a tarefa docente e investigadora cara á integración harmónica do progreso económico, á conservación do medio e ao progreso social.

A paz, o fortalecemento do diálogo e da intermediación entre as diferentes culturas e a cooperación internacional entre os pobos, como medio para erradicar a violencia e a explotación das persoas, por seren incompatibles co desenvolvemento das sociedades e co coñecemento libre e desinteresado.

A procura da calidade e excelencia na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, coa súa conseguinte avaliación, que teñen como última meta conseguir maiores cotas de benestar social.

O compromiso da UDC coa transformación e co desenvolvemento da sociedade galega responsabilízaa especialmente do cultivo, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais máis inmediatos, tanto no ámbito artístico coma no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.

Ávocación europeísta da UDC súmase, natural e indisolublemente, a proxección nos países de fala portuguesa e latinoamericanos, aos cales nos unen fortes lazos históricos e familiares.

Gráfico 5. Os valores da UDC

4.- COMO SE DESPREGAN OS COMPROMISOS DA UDC EN MATERIA DE RS?

Os nosos compromisos, misión e valores permítennos diferenciarnos doutras institucións de educación superior, o cal se reflicte nos obxectivos específicos que marcamos en tres grandes ámbitos de traballo:

OS COMPROMISOS DA UDC EN MATERIA DE RSU

No ámbito da docencia

- Ter unha oferta docente que responda ás demandas da sociedade e aos retos do século XXI.
- Potenciar a cultura da calidade e a innovación.
- Facilitar a transición no proceso de integración no Espazo Europeo de Educación Superior.
- Desenvolver un mapa de titulacións competitivo.
- Fomentar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Captar estudantado e coordinarse con outros niveis educativos.
- Fomentar as prácticas en empresas e institucións.
- Axilizar e simplificar os procedementos de xestión.
- Reforzar o papel da biblioteca para a integración no Espazo Europeo de Educación Superior.

No ámbito da I+D+i

- Incrementar a investigación de calidade.
- Traballar en prol da colaboración entre as empresas e os grupos de investigación para a mellora da competitividade.
- Desenvolver o parque tecnolóxico.
- Fomentar a relación con outros grupos de investigación nos ámbitos estatal e internacional.
- Ampliar, mellorar e optimizar as infraestruturas, os equipamentos e os servizos de apoio á investigación.
- Mellorar os procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores.
- Promover a transferencia dos resultados da investigación á sociedade e o papel da UDC como axente de desenvolvemento rexional.

No ámbito da relación universidade – sociedade

- Impulsar as actividades culturais da UDC e a apertura á sociedade en xeral.
- Fomentar a cultura crítica, solidaria e participativa.
- Potenciar as relacións internacionais.
- Incrementar o aproveitamento das instalacións deportivas.
- Potenciar a proxección da imaxe da UDC.
- Normalizar a lingua galega.
- Facilitar a relación dos campus cos contornos metropolitanos.
- Adaptar os campus de Ferrol e A Coruña aos principios do urbanismo sustentable e da arquitectura ecolóxica.
- Desenvolver a implantación urbanística dos campus de Ferrol e A Coruña.
- Realizar unha oferta residencial universitaria en Ferrol e A Coruña.
- Facilitar a plena integración do estudantado, do PDI e do PAS que, por razóns físicas, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades para o acceso igualitario á vida universitaria.

Gráfico 6. Os compromisos da UDC en materia de RSU



ESTRUTURA DA UDC

1.- CAMPUS TERRITORIAL. A UDC INTEGRADA NO TERRITORIO

A Universidade da Coruña está estruturada territorialmente nos campus da Coruña e de Ferrol, buscando con iso un desenvolvemento equilibrado de todo o territorio e unha atención especial ás singularidades locais.

A Reitoría e os principais servizos administrativos da UDC están localizados na Mestranza, na cidade da Coruña. O campus de Esteiro conta cunha Vicexerencia e cunha Secretaría Técnica que o dotaron de maior autonomía, contribuíndo así ao obxectivo de fortalecer a relación da UDC coa cidade de Ferrol e, por extensión, coa mancomunidade de Ferrolterra.




Gráfico 7. Estrutura territorial da UDC.

2.- CAMPUS PARTICIPATIVO. A ESTRUCTURA DE GOBERNO DA UDC

A relativa xuventude da UDC permitiunos estruturar unha universidade participativa e áxil, tal e como reflicte a estrutura de representación dos órganos de goberno, colexiados e unipersoais, así como as súas funcións e competencias. No seguinte gráfico móstrase esta relación e a correspondencia cos capítulos e seccións dos estatutos da UDC nos cales se regula o seu réxime xurídico (máis información no título II “Do Goberno e representación da Universidade” nos estatutos da universidade, publicados no DOG do 17 de setembro de 1992).



Gráfico 8. Estrutura de goberno da UDC

No capítulo I do Informe do reitor ao Claustro de 2011 está recollida a actividade realizada polos órganos de goberno durante este mesmo ano:

- As actuacións de índole institucional en que participou o reitor.
- Os membros que compuxeron o Consello de Dirección.
- Os membros que compuxeron o Consello de Goberno e os principais acordos que se adoptaron.
- Os membros que compuxeron o Claustro Universitario e os principais acordos que se adoptaron.
- Os membros que compuxeron o Consello Social da UDC e os principais acordos que se adoptaron (máis información sobre o Consello Social da UDC, na súa Memoria de actividades 2011).



3.- CAMPUS DOCENTE. A ESTRUCTURA ACADÉMICA DA UDC

A estrutura académica da UDC está integrada por facultades, escolas, departamentos, institutos universitarios de investigación e outros centros, tal e como se mostra no seguinte gráfico:



Gráfico 9. Estrutura académica



BLOQUE II

OS GRUPOS DE INTERESE

POR QUE OS GRUPOS DE INTERESE?

Cando falamos de grupos de interese (en inglés, *stakeholders*), estámonos a referir a individuos e colectivos que se poden ver afectados polas políticas, os obxectivos e as decisións ou as accións da UDC, que pola súa vez poden ter intereses ou expectativas sobre as actuacións da UDC. Este enfoque permítenos mellorar a transparencia, a rendición de contas e a mellora continua, aspirando con iso a fortalecer e mellorar o diálogo entre

a institución, a comunidade universitaria e a sociedade en xeral.

Co obxecto de dar cabida a todas as inquedanzas, establecemos seis amplos grupos de interese, cos cales vimos traballando dende o ano 2009 e que se presentan no seguinte gráfico:




Gráfico 10. Os grupos de interese da UDC.

Nas páxinas seguintes desenvólvese un capítulo con información específica para cada un deles, en diferentes ámbitos. Con iso preténdese facilitar a comprensión, o cal non é restritivo para que existan informacións noutros capítulos que poidan ser relevantes para outras persoas.





O ESTUDANTADO

O estudantado é o noso grupo de interese máis relevante e a razón de ser da vocación educativa de calquera institución de ensino. Na UDC buscamos formar non só excelentes profesionais, senón tamén cidadáns excepcionais, fomentando, a través da formación regulada e permanente, o espírito crítico, o compromiso social e a capacitación profesional.

Tamén facemos un esforzo de coordinación con outros dous grupos relevantes, cuxos intereses e obxectivos se combinan cos dos estudantes, o PDI e o PAS. Que os tres grupos satisfagan as súas expectativas de forma simultánea e colaboradora é o gran reto da universidade en que estamos a traballar con empeño.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

O noso compromiso cos estudantes vai máis alá da formación formal e académica, dos estudos que selecciona. A UDC pretende ser unha institución que dea unha formación en habilidades e que acompañe o estudantado non só nos últimos anos de formación previos á súa incorporación ao mercado laboral, senón tamén ao longo da súa carreira profesional.

Para el, e no marco da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), as titulacións universitarias da UDC estruturáronse sobre a base de dous grandes obxectivos estratéxicos:

- A orientación profesional e a especialización. Consideramos que a preparación do estudantado para o mercado laboral é fundamental. Para iso, estable-

cemos programas de prácticas externas de carácter obrigatorio e de formación continua, para aqueles profesionais que queren seguir formándose ou que volven ás aulas para avanzar na súa carreira laboral. Neste sentido, o obxectivo dos programas de máster e dos posgraos é permitir completar a formación dos estudantes xa titulados, con programas que permiten unha especialización ou progresar no ámbito da investigación.

- A colaboración e a internacionalización. Co fin de mellorar a calidade e optimizar os recursos, traballamos na creación de titulacións interuniversitarias, tanto con universidades nacionais coma internacionais. Este labor foi máis intenso coas outras dúas universidades do ámbito autonómico, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

A nosa oferta docente, especialmente destacable nas ensinanzas tecnolóxicas, artículase en catro áreas de coñecemento:

- Ciencias da Saúde.
- Artes e Humanidades.
- Enxeñaría e Arquitectura.
- Ciencias Sociais e Xurídicas.

Como resultado desta estratexia, consideramos que os resultados dos últimos anos son positivos, pois os descensos son mínimos no contexto da caída xeral que está a sufrir o conxunto do sistema universitario. É destacable o crecemento no número de estudantes titulados e nos matriculados nos másters oficiais e programas de doutoramento.

• Evolución da estrutura académica:

	2009	2010	2011
Centros	25	24	24
Facultades	11	12	13
Escolas técnicas superiores	4	4	4
Escolas universitarias propias	7	5	4
Escolas universitarias adscritas	3	3	3
Departamentos	4	44	43
Institutos de Investigación Universitaria	6	6	6
Centros tecnolóxicos de investigación	3	3	3

Táboa 1. Evolución da estrutura académica, 2009 -2011.

• Evolución do número de estudos impartidos:

	2009	2010	2011
Titulacións oficiais	113	130	133
Graos	26	38	38
Titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior	47	47	47
Programas de máster	40	45	48
Títulos propios de posgrao	20	24	28
Programas de doutoramento	31	38	39
Programas de doutoramento con mención de excelencia	10	10	10
UDC	5	5	5
Interuniversitarios	5	5	5

Táboa 2. Evolución do número de estudos impartidos, 2009 -2011.

• Evolución do número de estudantes matriculados:


	2009	2010	2011
Graos e titulacións non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior	20.203	19.962	19.581
Mulleres	10.116	10.060	9.829
Homes	10.087	9.902	9.752
Títulos propios de posgrao	434	535	625
Programas de máster propios	231	339	369
Cursos de especialización	175	137	135
Cursos de formación específica de posgrao	28	59	121
Programas de máster oficiais	871	933	1.054
Mulleres	515	561	618
Homes	356	372	436
Programas de doutoramento	1.363	1.259	1.351
Mulleres	716	652	676
Homes	647	607	675
Total	22.871	22.689	22.611

Táboa 3. Evolución do número de estudantes matriculados, 2009/2010- 2011/2012.

• Distribución do estudantado de grao e titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), analizado por áreas científicas:

Área de Artes e Humanidades	2,68
Área de Ciencias	3,77
Área de Ciencias da Saúde	6,42
Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	42,2
Área de Enxeñaría e Arquitectura	44,93

Gráfico 11. Distribución do estudantado de grao e titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, analizado por áreas científicas, 2011/2012.



• Distribución do estudantado de grao e titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior por áreas científicas, sobre o total da UDC:




Gráfico 12. Distribución do estudantado de grao e titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior por áreas científicas sobre o total da UDC, 2011/2012.

• Evolución do número de estudantes de novo ingreso:

	2009	2010	2011
Estudantes de novo ingreso	3.652	3.592	3.530
Mulleres	1.962	1.925	1.883
Homes	1.690	1.667	1.647

Táboa 4. Evolución do número de estudantes de novo ingreso, 2009/2010 -2011/2012.

• Evolución do número de estudantes titulados:

	2009	2010	2011
Graos e titulacións non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior	2.750	2.897	3.039
Programas oficiais de posgrao	322	353	399
Total	3.072	3.250	3.438

Táboa 5. Evolución do número de estudantes titulados, 2009/2010 -2011/2012.

• Evolución do número de estudantes que solicitou a expedición de título:

	2009	2010	2011
Estudantes que solicitaron a expedición de título	2.750	2.897	3.039
Mulleres	1.641	1.666	1.759
Homes	1.109	1.231	1.280

Táboa 6. Evolución do número de estudantes que solicitou a expedición de título, 2009 -2011.

• Evolución do número dos estudantes que presentaron a tese de doutoramento e que obtiveron o Diploma de Estudos Avanzados (DEA):

	2009		2010		2011	
Tese	99	100%	92	100%	93	100%
Mulleres	35	35,35%	45	48,91%	51	54,83%
Homes	64	64,65%	47	51,08	42	45,16%
Diplomas de Estudos Avanzados (DEA)	285	100%	325	100%	110	100%
Mulleres	141	49,47%	172	52,92%	50	45,45%
Homes	144	50,53%	153	47,07%	60	54,55%

Táboa 7. Evolución do número de estudantes que presentaron a tese de doutoramento e que obtiveron o Diploma de Estudos Avanzados (DEA), 2008/2009 -2010/2011.

• A taxa de éxito e a taxa de eficiencia das titulacións impartidas poden ser consultadas no capítulo 2 do Informe do reitor ao Claustro 2011.





Unha elevada porcentaxe do estudiantado da UDC procede da Comunidade galega, aínda que nos dous últimos cursos, entre 2009 e 2012, se rexistrou un lixeiro aumento das matriculacións doutras comunidades autónomas e doutros países, como se pode observar nas seguintes táboas:

- Evolución do número de estudantes matriculados nos graos e titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior:

	2009	2010	2011
Galicia	18.696	18.675	18.276
Mulleres	9.385	-	9.203
Homes	9.311	-	9.073
España	1.116	1.080	1.148
Mulleres	539	-	554
Homes	577	-	594
Estranxeiro	15	16	12
Mulleres	6	-	3
Homes	9,00	-	9
Descoñecido	376	191	145
Mulleres	186	-	69
Homes	190	-	76
Total	20.203	19.962	19.581

Táboa 8. Evolución do número de estudantes matriculados nos graos e titulacións non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior por procedencia 2009/2010 -2011/2012.



- Evolución do número de estudantes matriculados nos programas de másters oficiais, por procedencia:

	2009	2010	2011
Galicia	770	850	965
Mulleres	446	507	566
Homes	324	343	399
España	33	43	52
Mulleres	21	29	34
Homes	12	14	18
Estranxeiro	12	22	22
Mulleres	8	15	8
Homes	4	7	14
Descoñecido	56	18	15
Mulleres	40	10	10
Homes	16	8	5
Total	871	933	1.054

Táboa 9. Evolución do número de estudantes matriculados nos programas de máster oficiais, por procedencia, 2009/2010 -2011/2012.

• Evolución do número de estudantes matriculados nos programas de doutoramento, por procedencia:

	2009	2010	2011
Galicia	410	1.126	1.196
Mulleres	219	592	603
Homes	191	534	593
España	9	35	38
Mulleres	5	17	19
Homes	4	18	19
Estranxeiro	18	52	57
Mulleres	2	28	26
Homes	16	24	31
Descoñecido	30	46	60
Mulleres	14	15	28
Homes	16	31	32
Total	467	1.259	1.351

Táboa 10. Evolución do número de estudantes matriculados nos programas de doutoramento, 2009/2010 -2011/2012.

Para reforzar esta oferta académica e como mostra da nosa iniciativa investigadora e das relacións co mundo empresarial, a UDC conta con seis institutos universitarios e cinco cátedras empresariais.

Institutos Universitarios de Investigación:

- Instituto de Estudos Europeos Salvador de Madariaga.
- Instituto de Xeoloxía Isidro Parga Pondal.
- Instituto de Medio Ambiente.
- Instituto de Ciencias da Saúde.
- Instituto de Estudos Irlandeses Amergin.
- Instituto de Estudos Marítimos.

Toda a información sobre cada instituto universitario de investigación pode consultarse na epígrafe de Transferencia de coñecemento e investigación do ámbito Per-soal Docente e Investigador (PDI).

Cátedras empresariais:

- Cátedra Bioibérica S.A.
- Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social.
- Cátedra Fundación Caixa Galicia.
- Cátedra da Empresa Familiar da UDC.
- Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Española da Universidade de Dhaka.

Para ver con detalle o obxecto de cada cátedra empre-sarial, pódese consultar a epígrafe de Transferencia de coñecemento do ámbito Empresa.

Neste contexto, convén destacar o Curso de Formación Específica de Posgrao en Responsabilidade Social, pro-movido pola Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social e o Consello Social da UDC, que viu a luz por primei-ra vez durante o curso académico 2011/2012.

Baixo o compromiso de implantar un modelo de respon-sabilidade social na UDC, a Cátedra Inditex-UDC de Res-ponsabilidade Social proxectou a creación dun espazo de reflexión vinculado aos seguintes ámbitos de actividade: formación académica, investigación aplicada e transfe-rencia de coñecemento en materia de responsabilidade social. Materializouse este cometido na súa vertente for-mativa no Curso de Formación Específica de Posgrao de Responsabilidade Social da UDC, dirixido a titulados uni-versitarios e a profesionais da empresa, a Administración pública e a organizacións sen ánimo de lucro.

O principal obxectivo deste Curso é completar a forma-ción do estudantado, a través da aprendizaxe de coñece-mentos teóricos, e mellorar o seu nivel de especialización, mediante a adquisición de competencias e habilidades necesarias para unha área profesional que, ademais de innovadora, é clave para o desenvolvemento sustentable.

No ámbito da transferencia, a Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social organizou un ciclo de conferen-cias, que levou por título “En Código Aberto”. Para o seu desenvolvemento contouse con importantes especialis-tas do sector empresarial e académico, ambos pertencen-tes a organizacións con destacada actividade internacio-nal, os cales contribuíron a que a responsabilidade social pasase a ser un fenómeno próximo e comprensible para a comunidade universitaria e a cidadanía, en xeral. As catro conferencias organizadas foron as seguintes:

- “Innovar para atacar os retos sociais do s. XXI” por Al-fred Vernis, profesor e director do Instituto de Innova-ción Social de ESADE.
- “Investigar desde Galicia” por Ángel Carracedo Álva-rez, director do Instituto de Medicina Legal da Univer-sidade de Santiago de Compostela.
- “O valor da responsabilidade social corporativa” por Marta de la Cuesta, directora da Cátedra Telefónica – UNED de Responsabilidade Social Corporativa e Sus-tentabilidade.
- “Sociedade civil e transparencia” por Antonio Garri-gues Walker, presidente de Garrigues Abogados y Ase-sores Tributarios.

Ademais, dentro das **Accións Jean Monnet**, creadas pola Comisión Europea, impártese un curso permanente e dúas cátedras docentes: Institucións do Dereito Comu-nitario e Dereito Comunitario do Mar. O seu obxectivo é reforzar a docencia e a investigación sobre a integración europea nas universidades, tanto dos estados membros da Unión Europea coma doutros países.

2.- TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

Consideramos que unha universidade moderna debe acompañar unha formación de calidade, diversa e adap-tada aos novos tempos, con programas que apoiem e fa-ciliten a inserción laboral dos estudantes. Para iso a UDC articula diversos programas a través da FUAC, o SAEI, o SAPE, o Viveiro de Empresas e o Portal de Empleo.

1. O Consello Social da UDC

O Consello Social da UDC mantén desde o ano 1995 un convenio de colaboración coa Confederación de Empre-sarios de Galicia (CEG) para a realización dun programa de prácticas profesionais destinado ao estudantado da UDC. Durante o ano 2011, 76 estudantes de diversas titu-lacións participaron neste programa.

Por outra banda, de entre as accións promovidas na UDC para mellorar a empregabilidade do estudantado e dos titulados universitarios e fomentar o emprendemento, cabe destacar a posta en marcha do programa “Labora-lia”, organizado polo Consello Social da UDC e a FUAC, en colaboración coa Fundación Ronsel.

Na edición correspondente ao ano 2011, “Laboralia” des-envolveuse en cinco xornadas, que permitiron aos par-ticipantes aproximarse a ferramentas para a mellora da súa empregabilidade e coñecer de primeira man cales son as competencias profesionais clave nos procesos de selección de persoal. “Laboralia” contou para iso coa colaboración dos responsables dos Departamentos de Recursos Humanos de destacadas empresas nacionais e internacionais.

O fomento do espírito emprendedor é un obxectivo es-tratéxico da UDC no ámbito da formación permanente. O Consello Social da UDC contribúe de forma activa á súa consecución a través do programa de formación en com-petencias “Escola de Emprendedores”.

“Escola de Emprendedores” é un programa promovido polo Consello Social da UDC e a FUAC, en colaboración coa Asociación Galega da Empresa Familiar e a Funda-ción Ronsel. O programa, baseado no modelo *learning by doing*, ten por obxectivo proporcionar ao estudantado e aos titulados universitarios as competencias, destrezas e

ferramentas que todo emprendedor necesita para pór en marcha un proxecto empresarial.

2. A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC)


A Unidade de Emprego e Formación da Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) é a responsable de xestionar as prácticas profesionais para o estudiantado, co obxectivo de que poida complementar e enriquecer a súa formación, traballando nas competencias que necesitará no seu futuro profesional. Estes programas de prácticas réxense polo correspondente convenio de colaboración entre a empresa que acolle o estudante e a FUAC.

No ano 2011, a FUAC xestionou seis programas de prácticas e formación en diferentes ámbitos:

Programas de prácticas e formación xestionados pola FUAC

Programa de formación práctica de verán “Tempus”
Programa de formación para estudantes e titulados universitarios coa Confederación de Empresarios
Programa de formación para titulados universitarios
Programa de formación para titulados universitarios nos concellos
Programa de formación para titulados universitarios cos colexios profesionais
Programa de formación para titulados universitarios coa Cámara de Comercio

Táboa 11. Programas de prácticas e formación xestionados pola FUAC, 2011



Estes programas contaron coa participación de 1.031 titulados universitarios, 183 estudantes e 504 empresas. Ademais, 53 estudantes participaron no programa de prácticas de verán TEMPUS.

Outro dos obxectivos principais da Unidade de Emprego e Formación é mellorar a empregabilidade dos universitarios, así como fomentar a súa inserción laboral. Para iso, a FUAC puxo en marcha unha “Estratexia integral de emprego”, que busca cubrir as necesidades de formación en competencias do estudiantado universitario, moitas delas detectadas nos estudos “Competencias profesionais dos universitarios” e “Estudo sobre competencias específicas nas ensinanzas tecnolóxicas da UDC”, desenvolvidos polo Observatorio Ocupacional da UDC e financiados polo Consello Social da UDC, en colaboración con empresas como Megasa Siderúrgica S.L.

A “Estratexia integral de emprego” iníciase no nivel máis básico de formación e orientación e complétase con diversas actividades diferenciadas, segundo se opte pola inserción por conta allea ou por conta propia. En ambos os casos, trabállase a formación en competencias emprendedoras e profesionais demandadas polo mercado laboral.



A FUAC xestionou os seguintes programas de emprego, mellora da empregabilidade e emprendemento:

Programas de emprego e mellora da empregabilidade xestionados pola FUAC

PROGRAMA	PARTICIPANTES	ENTIDADE PROMOTORA	OBXECTO
Plan de emprego UNINSERT	100 titulados universitarios desempleados	Xunta de Galicia	Programa integral de emprego cuxo obxectivo é a inserción laboral dos participantes.
Programa Laboralia	96 estudantes e universitarios	Consello Social UDC	Programa de emprego cuxo obxectivo é mellorar a empregabilidade e a ocupabilidade dos participantes.
Programa de desenvolvemento de competencias profesionais	75 estudantes e universitarios	Obra Social Novacaixagalicia	Programa de formación en competencias cuxo obxectivo é a mellora da empregabilidade dos participantes.
Programa Assessment Week	60 mulleres estudantes e tituladas universitarias	Xunta de Galicia	Programa de cualificación cuxo obxectivo é desenvolver e consolidar as competencias profesionais das participantes.
Programa "O poder das redes sociais"	156 titulados universitarios desempleados	Xunta de Galicia	Programa de mellora da empregabilidade cuxo obxectivo é formar no uso das redes sociais para mellorar a busca de emprego dos participantes.
Programa habilidades dixitais para a mellora da empregabilidade da muller universitaria	20 mulleres tituladas universitarias desempleadas	Deputación da Coruña	Programa de formación en ferramentas 2.0 cuxo obxectivo é mellorar a busca de emprego das participantes.
Programa de formación ocupacional asistencia a dirección	15 universitarios desempregados	Xunta de Galicia	Programa cuxo obxectivo é mellorar a ocupabilidade dos participantes a través da formación.

Táboa 12. Programas de emprego e mellora da empregabilidade xestionados pola FUAC, 2011.

Programas de emprendemento xestionados pola FUAC

PROGRAMA	PARTICIPANTES	ENTIDADE PROMOTORA	OBXECTO
Aula universitaria de promoción económica	29 estudantes e titulados universitarios	Deputación da Coruña	Programa de dotación de coñecementos para o fomento do emprendemento e a promoción económica social.
Programa de desenvolvemento de competencias emprendedoras	25 estudantes e titulados universitarios	Entidade copromotora: Consello Social UDC. Entidade cofinanciadora: Asociación Galega da Empresa Familiar	Programa de potenciación das competencias, destrezas e ferramentas para o emprendemento.
Programas de colaboración para o fomento do espírito emprendedor		IGAPE e BIC Galicia	Seminarios de planificación empresarial, difusión de cultura emprendedora e seminarios de xeración e maduración de ideas empresariais.

Táboa 13. Programas de emprendemento xestionados pola FUAC, 2011.



Ademais, a FUAC xestionou os seguintes cursos de formación:

Cursos de formación xestionados pola FUAC

PROGRAMA	COLABORADOR
Cursos FUAC presenciais e <i>on line</i>	
Cursos de formación continua	Fundación Tripartita
Cursos sobre comunicación	Facultade de Comunicación
Curso media training “Intervencións persoais nos medios de comunicación”	Facultade de Ciencias da Comunicación e o ITE de Novacaixagalicia
VIII Edición do curso de orientación ocupacional, acreditado pola UDC como curso de especialización dentro dos estudos de posgrao, e pola Xunta de Galicia, como acción formativa experimental e complementaria do Plan FIP, cofinanciado pola Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo	Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo (Dirección Xeral de Formación e Colocación)
V Edición do curso de habilidades directivas, acreditado pola UDC como curso de especialización dentro dos estudos de posgrao, e pola Xunta de Galicia, como acción formativa experimental e complementaria do Plan FIP, cofinanciado pola Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo	Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo (Dirección Xeral de Formación e Colocación)
Cursos de formación ocupacional AFD ou experimentais	Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo (Dirección Xeral de Formación e Colocación)
IV Curso de habilidades directivas e técnicas de comunicación para mulleres	Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Igualdade
Curso outdoor training	Facultade de Empresariais

Cursos propostos polos docentes da UDC.
Táboa 14. Cursos de formación xestionados pola FUAC, 2011.

3. O Portal de Emprego

O Portal de Emprego é unha ferramenta *online* a través da cal o estudantado pode consultar as ofertas de traballo e de prácticas profesionais que publican as empresas que colaboran coa UDC. Unha das vantaxes deste portal é actuar como elemento facilitador do emprego entre os estudantes e as empresas colaboradoras. O acceso ao servizo virtual realízase a través da web da UDC: <http://www.udc.es>. Pódese apreciar a crecente demanda de usuarios.

Programas de emprendemento xestionados pola FUAC

	2009	2010	2011
Estudiantes inscritos	5.180	6.349	7.277
Estudiantes activos	3.724	4.491	5.041
Empresas inscritas	347	416	469
Prácticas xestionadas	223	257	289
Ofertas xestionadas	170	223	263

Táboa 15. Evolución dos resultados do Portal de Emprego da UDC, 2009 -2011.

4. O Servizo de Emprendemento e Emprego (SAEE)

A UDC tamén pon á disposición do estudantado servizos de inserción laboral e apoio á creación de empresas ou busca de primeiro emprego. Dende o Servizo de Orientación Laboral e dende o Servizo de Autoemprego, ambos os dous dependentes organicamente do SAEE, ofrécese o asesoramento necesario para que os titulados afronten o inicio da súa carreira profesional.

Todo iso plásmase no desenvolvemento das seguintes actividades:

- Formación para a creación de empresas e busca activa de emprego por medio de seminarios e obradoiros.
- Asesoramento sobre o plan de empresa, as formas xurídicas das empresas, etc.
- Información sobre axudas a subvencións, técnicas de autoemprego, etc.

Dentro das accións de carácter divulgativo, o SAEE colaborou ou participou nas seguintes:

- IV Reunión Tecnolóxica Empresa-Universidade.
- Xestión de prácticas das bolsas Leonardo.
- Premio ao Espírito Emprendedor.
- Procesos de selección de estudantes con diferentes empresas: Deloitte, Everis, Generali, Ministerio de Defensa ou Siemens, entre outras.
- Seminarios de orientación laboral.
- Seminarios sobre a creación de empresas de economía social, que contaron coa participación de 136 persoas.
- Xornadas de orientación profesional para estudantes universitarios “Coñécete-véndete”, organizadas en tres convocatorias distintas, en colaboración coa Escola de Negocios Novacaixagalicia.
- Curso online “Móvetete por Europa”, sobre as oportunidades de mobilidade na Unión Europea, en colaboración con Europe Direct e a Deputación da Coruña.
- Participación no grupo de traballo “Emprego” da Rede Universitaria de Asuntos Estudiantís (RUNAE).
- Participación na Rede Coruña Emprega, na Rede Ferrol Innova, e na Rede Eusumo.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos resultados do SAEE entre os anos 2009 e 2011, con relación á creación de empresas e postos de traballo vinculados a estas:

Evolución do número de empresas e postos de traballo creados co apoio do SAEE

	2009	2010	2011
Empresas creadas	13	16	16
Postos de traballo creados	24	38	41

Táboa 16. Evolución do número de empresas e postos de traballo creados co apoio do SAEE, 2009 -2011.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos resultados do SAEE entre os anos 2010 e 2011:

Evolución dos resultados do SAEE

	2010	2011
Ofertas de emprego recibidas	114	87
Convenios de colaboración asinados	41	35
Usuarios de Axenda SGC	549	1.851
Currículos enviados a ofertas de emprego	734	456
Titulados universitarios atendidos	1.699	2.646
Estudantes universitarios atendidos	514	1.093
Usuarios non universitarios atendidos	891	1.662
Total de usuarios atendidos en orientacións, información e consultas	3.349	5.401

Táboa 17. Evolución dos resultados do SAEE, 2010 -2011.

5. O Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)

O SAPE facilita información sobre as características académicas dos diferentes estudos universitarios e a orientación sobre as saídas profesionais. Así mesmo, informa sobre os dereitos do estudantado e sobre o modo de exercelos. Ten tamén como función informar sobre as bolsas e axudas convocadas, promover a creación e accións que se levarán a cabo nesta materia, ou organizar cursos enfocados cara á futura inserción laboral dos titulados.



Na seguinte táboa móstrase a relación destes cursos nos anos 2010 e 2011:

Relación de cursos organizados polo SAPE

	2010	2011
Curso de seguridade viaria	96	90
Técnicas de manexo do estrés	66	67
Técnicas de estudo	32	35
Habilidades comunicativas (escritas)	55	55
Habilidades comunicativas (orais)	39	40
Dinámica de grupos	21	22
Total	309	309

Táboa 18. Relación dos cursos organizados polo SAPE, 2010 -2011..

6. O Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica

O Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica da UDC está situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) e depende funcionalmente da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). O seu obxectivo é que as ideas do estudantado que se poidan materializar en proxectos empresariais contén co apoio e co asesoramento necesario para o seu desenvolvemento nas súas primeiras fases.

No ano 2011, o Viveiro acolleu e apoiou sete iniciativas empresariais:

- Allgenetics (www.allgenetics.eu).
- Hidrosoft.
- Avansig (www.avansig.com).
- Sedaqua.
- Goovent Technologies (www.goovent.com).
- Trileuco Solutions (www.trileucosolutions.com).
- Galebook (www.galebook.net).



3. INTERNACIONALIZACIÓN

A necesaria adaptación aos crecentes retos globais implica que sexamos capaces de capacitar os nosos estudantes para un potencial proceso de internacionalización. Pola súa vez deberemos adaptarnos e capacitarnos como universidade para recibir máis estudantes internacionais. Todo iso require que os nosos profesionais, PDI e PAS, e o conxunto da institución se adapte a ese proceso de internacionalización. No caso da UDC este dáse cara a Europa e, por obvias razóns culturais e lingüísticas, cara aos países latinoamericanos.

Neste sentido, a UDC traballa para ter presenza máis alá das súas fronteiras a través, non só da mobilidade internacional dos membros da súa comunidade universitaria, senón tamén a través do mantemento de relacións cun amplo número de universidades de todo o mundo.

Froito deste esforzo, a mobilidade real da UDC incrementouse nun 2,37% no curso académico 2010/2011 con respecto ao anterior. O obxectivo é mellorar o número de mobilidades en todas as categorías, e este dato é, sen dúbida, mostra de que a UDC está no bo camiño.

A UDC estivo presente en:

- Association of International Educators (NAFSA): Annual Conference & Expo, a conferencia internacional de educación máis importante do mundo, celebrada no ano 2011 en Vancouver.
- European Association for International Education (EAIE), a feira internacional de educación superior

máis importante de Europa, celebrada no ano 2011 en Copenhagen.

- Europosgrados 2011, en Arxentina e en Colombia, dúas das feiras de posgrao máis importantes de Iberoamérica. A UDC acudiu á cita xunto coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, co apoio do programa Universia.

Para apoiar este labor son fundamentais a Oficina de Relacións Internacionais e o Centro de Idiomas, así como o blog (<http://patfeeduc.blogspot.com.es>), a través do que está toda a comunidade universitaria puntualmente informada das actividades no ámbito da internacionalización.

1. A Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

A ORI é o servizo que xestiona e centraliza as actuacións de carácter internacional da UDC. Entre os seus obxectivos destacan a captación de bolsas en todas as convocatorias relevantes, a recuperación da xestión do Programa Leonardo e a mellora da dotación de bolsas mediante a cooperación con outros organismos, como por exemplo, o programa de xestión de prácticas Student Mobility for Placements (SMP) coa entidade Universia.es.

O crecemento do número de estudantes participantes nos programas de mobilidade internacional é unha mostra do necesario traballo da ORI e da súa boa xestión.

• Evolución do número de estudantes participantes nos programas de mobilidade:

	2008/2009			2009/2010			2010/2011	
	Nº Saíntes	Nº Entrantes	Nº Total	Nº Saíntes	Nº Entrantes	Nº Total	Nº Saíntes	Nº Total
Programas de mobilidade europeos	410	345	753	410	303	713	467	762
"Erasmus estudos	405	343	-	405	301	-	451	644
Erasmus prácticas	5	0	-	5	2	-	16	17
AECID"	191	2	-	0	0	-	-	1
Prácticas Leonardo da Vinci	90	0						
ANUIES CRUE	7	11	18	3	13	16	4	13
Programas bilaterais	17	66	63	32	41	73	31	64
Erasmus mundus	0	5	5	-	3	3	-	3
EU articulation scheme	2	0	2	8	-	8	8	8
Programas visitantes	0	7	-	-	-	-	1	7
MAEC AECI	0	2	2	-	12	12	-	6
Total	526	435	961	548	390	938	511	863

Táboa 19. Evolución do número de estudantes participantes nos programas de mobilidade, 2008/2009 -2010/2011.

• Evolución do número de estudantes participantes nos programas de mobilidade por convenios bilaterais:

	2009	2010	2011
Saíntes	26	43	44
Entrantes	77	54	42
Total	103	97	86

Táboa 20. Evolución do número de estudantes participantes nos programas de mobilidade por convenios bilaterais, 2008/2009 -2010/2011.

Italia, Portugal e Polonia son os tres destinos preferidos do estudantado da UDC. As titulacións preferentes para gozar dos programas de mobilidade son: Enxeñaría de

Canles, Camiños e Portos, Arquitectura, e Ciencias do Deporte e Educación Física.

O estudantado estranxeiro con máis presenza nas aulas da UDC procede de Italia, Francia e Polonia, e as titulacións máis demandadas son Economía e Empresa, Filoxía e Dereito.

Para os estudantes de intercambio, a UDC conta cun programa de acollida, no cal participou un total de 91 estudantes, un 53,84% máis que no ano 2010. Neste contexto, incrementouse nun 50% o número dos colaboradores no programa “acompañantes”.

Aproveitando a celebración do 25 aniversario das bolsas Erasmus, conxuntamente coas universidades de Santiago de Compostela e Vigo, inaugurouse o FINDER, nome co que foi bautizado o novo punto de encontro para o estudantado internacional, situado no Pavillón de Estudantes do campus de Elviña.

Os convenios e programas de cooperación

Unha das competencias da ORI é a xestión dos proxectos de cooperación iberoamericana, para os que se presentaron 13 solicitudes, o que permitiu realizar 4 novos proxectos. Ademais, publicouse unha convocatoria para financiar os estudos de posgrao a estudantes iberoamericanos, e concedéronse 10 bolsas.

Neste ámbito o obxectivo é incrementar os socios da UDC, para completar unha oferta que pretende ser o máis ampla posible para a comunidade universitaria. Mostra diso son os 265 convenios vixentes no peche de exercicio, dos que 116 eran novos.

2. O Centro de Idiomas

O Centro de Idiomas é un servizo que apoia a actividade da ORI, co convencemento de que a formación en idiomas é a mellor chave para o futuro do estudantado e de toda a comunidade universitaria. O Centro de Idiomas ofrece unha ampla diversidade de cursos, centrados nos idiomas de maior utilidade na Unión Europea como alemán, inglés, francés, portugués ou italiano.

No curso académico 2010/2011, o número de matriculados incrementouse nun 25,72% con respecto ao curso académico anterior, tal e como reflicte a táboa de datos. Este dato positivo evidencia que este centro se consolida como institución de referencia no ensino de idiomas estranxeiros.

Evolución do número de estudantes matriculados no Centro de Idiomas

	2009	2010	2011
Aprendizaxe de segundos idiomas	1.409	1.709	2.250
Alemán	131	175	330
Francés	219	233	263
Inglés	699	922	1.229
Italiano	214	219	245
Portugués	86	82	100
Aprendizaxe de galego como idioma estranxeiro	39	17	294
Aprendizaxe de español como idioma estranxeiro	293	307	16
Aprendizaxe de idiomas estranxeiros	30	31	35
Total	1.771	2.064	2.595

Táboa 21. Evolución do número de estudantes matriculados no Centro de Idiomas da UDC, 2008/2009 -2010/2011.



Ademais dos cursos en idiomas estranxeiros, o centro tamén organiza cursos de español e galego para o estudantado visitante, en colaboración co Departamento de Galego, Portugués, Francés, e Lingüística e co Departamento de Filoloxía Española e Latina, atendendo así ás necesidades lingüísticas dos participantes nos programas Erasmus e Leonardo da Vinci e no programa de intercambio co College of the Holy Cross.

Tamén se promove o desenvolvemento de programas compartidos, como o curso “Introdución ao ensino de idiomas estranxeiros”, desenvolvido en colaboración co Centro de Formación de Profesorado do Instituto Cervantes, a Universidade Pompeu Fabra e a Universidade de Barcelona, onde se impartiu. A matrícula de 7 estudantes da UDC contou co apoio económico da UDC.

Tamén como froito da colaboración entre Cambridge ESOL, o British Council e IDP-Education-IELTS Australia, o Centro de Idiomas é centro examinador de IELTS (International English Language Testing System).

4. AMBIENTE

A **Oficina de Medio Ambiente (OMA)** é o servizo responsable de coordinar todas as actividades relacionadas co respecto e o coidado polo ambiente. Aínda que todas as actuacións nesta materia están recollidas na epígrafe Ambiente do ámbito Cidadanía, a seguir salientanse os aspectos de maior interese para o estudantado.

Bolsas de colaboración

A OMA concede bolsas de colaboración a cada un dos centros da UDC a través das cales o estudantado recibe formación teórica e práctica, sobre a monitorización de indicadores de impacto ambiental nos centros. Ademais, estes colaboran na organización e coordinación de actividades ambientais da OMA no propio centro e nos campus.

No ano 2011, a OMA contou coa colaboración de 14 bolseiros:

- 9 estudantes situados en diferentes centros dos campus de Elviña e A Zapateira, que realizaron un traballo de promoción de actividades e divulgación ambiental. Non se lles solicitou aos candidatos un perfil formativo ambiental.
- 5 estudantes situados na propia OMA aos que si se lles exixiu un perfil ambiental determinado, dada a especialización das actividades desenvolvidas: estudo botánico do Monte da Fraga, Proxecto Sostauga, Compost, etc.

No ano 2012, manterase o número de bolsas durante o primeiro semestre, e reducirase un 40% por razóns orzamentarias no segundo semestre.

Programa de préstamo de bicicletas

No curso 2010/2011, a OMA puxo 140 bicicletas á disposición da comunidade universitaria para fomentar a mobilidade sustentable, contando co asesoramento especializado da “Asociación por unha Mobilidade Responsable Móbiliza”.

Proxectos de voluntariado ambiental

Co obxectivo de favorecer a educación ambiental e a sensibilización de toda a comunidade universitaria, a OMA organizou os seguintes proxectos de voluntariado ambiental:

- O “Proxecto Ríos”, cuxo obxecto é coñecer os ríos que discorren polo ámbito da UDC e aqueles organismos vivos que forman parte do seu territorio.
- O “Proxecto SOSTAUGA”, cuxo obxecto é avanzar na xestión sustentable da auga.
- A celebración do “Día Mundial das Zonas Húmidas”, a través de actividades de voluntariado ambiental nos lagos de Xuño e Muro, en Porto do Son.
- A “Primavera Ambiental”, en cuxo marco se desenvolveron boas prácticas entre a comunidade universitaria no ámbito do ambiente.
- A “II Feira da Sustentabilidade”, en cuxo marco se organizaron obradoiros e actividades de sensibilización ambiental.

5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

A formación para o uso e coñecemento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) é outra das fortalezas que a UDC ofrece aos seus alumnos a través da Aula de Formación Informática (AFI).

1. Aula de Formación Informática (AFI)

A AFI é o servizo responsable dos cursos de formación en materia de novas tecnoloxías. O obxectivo desta oferta docente é completar o coñecemento académico do estudantado de cara a alcanzar un maior grao de especializa-



ción nunha materia cada vez máis importante, tanto nas aulas coma no mercado laboral.

As táboas mostran os resultados da xestión da AFI, así como o perfil dos participantes.

Evolución dos resultados da AFI

	2009/2010	2010/2011
Cursos	42	25
Prazas ofertadas	820	480
Prazas ocupadas	673	463
% ocupación	77,86 %	0,96 %

Táboa 22. Evolución dos resultados da AFI, 2009/2010 -2010/2011.

Detalle dos participantes nos cursos da AFI, por colectivo

GRUPO	%
Estudantes 1º ciclo	37,61%
Estudantes 2º ciclo	43,59%
Estudantes 3º ciclo	2,56%
Programa Máster	1,28%
Total	85,04%
PDI	2,99%
PAS	7,69%
Outros	4,27%
Total	100%

Táboa 23. Detalle dos participantes nos cursos da AFI por colectivo, 2010/2011.

2. O Servizo de Informática e Comunicación (SIC)

O SIC é o servizo que proporciona á comunidade universitaria servizos TIC (tecnoloxías da información e as co-

municacións) para a mellora dos procesos administrativos, docentes e investigadores da universidade, e está á disposición de todos os grupos de interese da UDC.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos indicadores cuantitativos vinculados ao SIC entre os anos 2010 e 2011:

Evolución dos indicadores cuantitativos do SIC

	2010	2011
Estudantes que utilizan o Campus Virtual	20.868	20.328
Tarxetas universitarias emitidas ou renovadas	7.789	6.657
Visitas á páxina web institucional	4.581.037	5.643.565
% de despregamento da rede Wifi	0,94	0,95
Usuarios habilitados na rede Wifi	25.060	32.088
Usuarios con actividade na rede Wifi	15.439	19.250
Actuacións especiais da rede: auto/videoconferencia	71	68
Postos de consulta bibliográfica	77	82
Postos dispoñibles en AulasNET	565	583
Postos dispoñibles en aulas de docencia	1.074	1.175
Contas de correo electrónico dos estudantes	85.412	88.240
Sms enviadas para notificación de notas	17.089	45.612
Sms enviadas para resolución de bolsas	2.832	2.321
Sms enviadas para notificación a colectivos	16.788	6.155

Táboa 24. Evolución dos indicadores cuantitativos vinculados ao SIC, 2010 -2011.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) é o servizo responsable de promover e facilitar o uso do galego como lingua propia da UDC. No ano 2011, o SNL organizou o “IV Curso de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros/as”, coa participación de 21 estudantes. O SNL tamén apoia o estudantado con asesoramento para a realización dos seus traballos de investigación en lingua galega. Presentamos os resultados deste asesoramento na seguinte táboa.

Axudas para a realización de traballos de investigación en lingua galega

	Nº
Tese de doutoramento	2
Traballos de investigación tutelados	1
Traballos de fin de máster	32
Traballos de fin de grao	5
Proxectos de fin de carreira	35
Total	75

Táboa 25. Axudas para a realización de traballos de investigación en lingua galega, 2011.

7. COMUNICACIÓN

A transferencia de resultados e a comunicación coa cidadanía pódense articular a través de numerosas canles. A UDC non é allea ás novas tendencias no ámbito da comunicación e participa da revolución que as redes sociais están a xerar. A inmediatez na transmisión de información que permiten estes soportes, a súa convivencia cos medios tradicionais, e a súa utilización masiva por parte da mocidade son oportunidades que a UDC está a aproveitar con numerosas iniciativas de achegamento á comunidade educativa.

O equipo de goberno ten como obxectivo prioritario velar pola transparencia informativa na súa xestión. Nesa liña, estableceuse unha canle fluída de comunicación tanto co PDI coma co PAS e, desde logo, co estudantado,

que pasa os anos máis decisivos para a súa futura vida profesional vinculado á UDC. De feito, a UDC conta hoxe cun perfil institucional propio nas redes sociais máis populares (Facebook, Tuenti e Twitter):

- En www.facebook.com/udc.gal, con 2.733 seguidores e un alcance da información publicada que chega ata os 6.296 usuarios.
- En Twitter (@UDC_gal), con 3.743 seguidores e 1.350 tuits escritos.

O perfil nas redes sociais mostra unha clara defensa do galego, mediante os dominios escollidos, rematados en “gal” en ambos os dous casos.

En apoio desta estratexia, a UDC conta coa Rede Amiga UDC como proxecto 2.0. Esta é unha iniciativa que xorde da colaboración entre o Consello Social da UDC e a FUAC, dentro do compromiso de ambas as institucións cos conceptos de universidade socialmente responsable e academicamente emprendedora.

A Rede Amiga UDC pretende servir de espazo de comunicación aberto e continuo en que todos os grupos de interese e os amigos da UDC contribúan á construción dunha universidade mellor a través dos seus comentarios ou suxestións.

8. CULTURA

Tan importante é para a UDC impartir formación de calidade como contar cunha oferta ampla de actividades de extensión cultural, pola simple razón de que a UDC non só forma o estudantado a través dos programas da formación regulada, senón que tamén aposta pola formación en valores, a través do fomento da arte e da cultura. Para iso apóianse diversas entidades e aulas culturais, que poñen a súa oferta ao servizo de toda a comunidade universitaria e de toda a sociedade.

A **Aula de teatro e danza** organizou as seguintes actuacións:

- As obras “Rede na rede”, de Rut Balbís, na Coruña, e “Nunca durmo”, de Rubén Ruibal, en Ourense.
- XVIII Festival Internacional de Teatro da Coruña (FI-TEUC).
- Encontros de danza das universidades galegas, en Santiago e Lugo.
- Cursos de iniciación á danza contemporánea e de interpretación teatral, na Coruña e Ferrol.
- Obradoiros para a creación dun texto dramático.

- Obradoiro cos estudantes da Universidade Sénior.
- Curso de técnicas de voz falada e cantada para teatro.

Dende a **Aula de cine e imaxe** organizáronse as seguintes actividades:

- 6 cursos: o primeiro deles sobre técnicas de animación en stop-motion, e os outros sobre: “O cinema norteamericano dos anos 60”, “Redescubriendo Chaplin”, “O cinema de Luis Buñuel”, “O cinema xaponés”, “Unha historia do cinema xaponés” e “O cinema de John Ford”.
- “V Curso de verán: Escritas cinematográficas entre a experimentación e a industria”, vinculado á exposición dedicada en Normal ao cineasta estadounidense David Lynch.
- Proxección de varios curtos de vangarda e películas experimentais.

En canto á **Aula de música**, a súa oferta centrouse nos programas que se detallan:

- V Ciclo de concertos didácticos.
- V Ciclo de novos intérpretes.
- I Ciclo de concertos de música nos campus.
- Obradoiro de canto coral.
- Programación habitual na Escola de Música da Coruña.
- Participación da Camerata Vocal da UDC no “Concerto de Nadal e no acto de apertura do curso, así como no concerto no “Collegium Musicum” de La Rioja, e nas “XIV Xornadas Polifónicas Internacionais Cidade de Ávila”.
- XVII Campus rock, celebrado nunha discoteca da Coruña, coa participación de “Ornamento e Delito” (poprock post-punk) e “Jenny Hval” (experimental/folk).

Cátedra cultural Jorge Juan

No marco da Cátedra cultural Jorge Juan programáronse 10 conferencias sobre distintas cuestións relacionadas coa **cultura naval**. En concreto, varios dos temas tratados foron as investigacións dos arqueólogos da UDC, a situación económica de España e a evolución da cidade de Ferrol, entre outras.

A dirección da cátedra, xestionada conxuntamente polo campus de Ferrol e a Armada, foi compartida polo capitán de navío David Rodríguez López e por Fernando Agulló Leal, profesor titular da Facultade de Ciencias do Traballo, que substituíu o primeiro no mes de outubro.

Na oferta cultural destaca o novo espazo de intervención cultural denominado Normal, que é unha mostra deste esforzo para conectar cos intereses dos nosos

estudantes. Esta ambiciosa aposta da UDC para dinamizar as artes de vangarda ten como audiencia natural o colectivo dos novos artistas, con especial énfase nos familiarizados coas novas tecnoloxías.

A todo iso hai que sumar a celebración de numerosas **exposicións** nas diversas dependencias da UDC, entre as que destacan:

- “Agora é isto”, “Action Reaction”, “Acción#1 Polaquia, Ning e SR.X” e “#Negro”, en Normal.
- No campo audiovisual, “Maia Deren”, “Esferobite”, “Radiografía dun autor de tebeos” e “Marcos Nine”.
- Outras actividades, como os foros “Alterando o normal”, “Tanxencias de arte urbana” e “Situación, formatos e estruturas actuais de danza profesional en Galicia”, e o concerto de música contemporánea “Espazo Ixor”.
- No salón de actos do campus de Ferrol, a exposición colectiva “O Courel”, da sección de fotografía do Grupo Bazán.

Como complemento desta oferta cultural, desenvólvense os seguintes **obradoiros de formación**:

- No campus da Coruña, obradoiros sobre: cociña, Photoshop, percusión, radio, literatura, iniciación á fotografía e arte.
- No campus de Ferrol, obradoiros de: fotografía, artesanía en coiro, introdución ao jazz ou percepción da obra artística, así como audicións comentadas de música rock.

9. DEPORTE

A UDC aposta por fomentar o deporte de base, individual ou colectivo, recreativo ou competitivo. Durante o ano 2011, preto de 3.500 membros da comunidade universitaria elixiron o deporte como forma de gozar do seu tempo de ocio e de mellorar as súas capacidades.

O programa de actividade física e deportiva está en permanente evolución, así como tamén os convenios vixentes con diferentes administracións públicas para a promoción e o fomento do deporte universitario e as actividades saudables. A formalización destas colaboracións permite articular actividades e o uso de instalacións deportivas en beneficio de todos.

No ano 2011, os resultados foron moi satisfactorios, sobre todo en canto a participación. Cumpriuse así o obxectivo principal de servizo público en beneficio de toda a comunidade universitaria, fomentando valores de máximo interese para a vida universitaria como o compañeirismo, a cooperación e a solidariedade.

Mostra deste compromiso foron os 120 participantes na entrega do Premio UDC Deportes 2011, o cal foi outorgado á Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física en recoñecemento ao seu labor educativo e á súa contribución á profesionalidade do deporte en Galicia ao longo dos seus 25 anos de existencia. Por terceiro ano consecutivo celebrouse o Día do Deporte na UDC no campus de Elviña.

Competicións


As ligas universitarias contaron con aproximadamente 2.000 estudantes pertencentes a 183 equipos, en modalidades deportivas como o fútbol 7 (75 equipos), baloncesto (28 equipos), fútbol sala (76 equipos) e rugby (4 equipos).

Os campionatos internos procuraron a participación da comunidade universitaria en modalidades menos tradicionais e con menor demanda como: tenis, tiro con arco, pádel, xadrez, tenis de mesa e bádminton, onde participaron máis de 120 persoas.

Nos Campionatos Galegos Universitarios, a representación da UDC superou os 250 participantes repartidos nas seguintes modalidades de competición: deportes colectivos (rugby masculino e feminino, baloncesto masculino e feminino, voleibol masculino e feminino, balonmán masculino e feminino, fútbol sala masculino e feminino, fútbol 11 masculino e fútbol 7 feminino), atletismo en ruta (10 km), orientación, voleipraia, natación e xadrez. A UDC conseguiu resultados importantes, como a vitoria en 6 modalidades de equipo, coa correspondente posibilidade de participar nos Campionatos de España Universitarios. Os campionatos galegos en que se participou foron:

- Campionato Galego Universitario de Natación, no que participaron máis de 70 deportistas das tres universidades galegas.
- Campionato Galego Universitario de Voleipraia, en que participaron 44 deportistas das tres universidades galegas.
- Campionato Galego Universitario de Orientación.
- Campionato Galego de Xadrez.
- Campionato Galego de Atletismo, con distintas probas de circuitos en ruta de 10 km.

Nos Campionatos de España Universitarios participaron estudantes de 1º, 2º e 3º ciclo, procedentes de todas as universidades de España, sumando máis de 5.000 deportistas de alto rendemento. O número de participantes da UDC superou os 220. En moitas das modalidades hai que ter, con anterioridade, unha marca, un ránking, un grao, un hándicap mínimo ou unha difícil fase de clasificación para poder participar.



É de destacar que estes deportistas constitúen unha parte moi importante do presente e do futuro do deporte de competición de alto nivel e son, polos seus resultados, unha referencia para o resto do deporte universitario. Os estudantes da UDC participaron nas fases interzonais dos seguintes campionatos:

- Campionato de España Universitario de Voleibol feminino e masculino, fútbol 11 masculino e fútbol 7 feminino.
- Campionato de España Universitario de Balonmán masculino e rugby masculino.

A UDC participou en 20 campionatos organizados polo Consello Superior de Deportes, alcanzando unha das maiores cotas de participación no ámbito estatal. Un total de 80 participantes nos seguintes deportes individuais: atletismo, xadrez, bádminton, campo a través, judo, karate, pádel, volei praia, tenis de mesa, orientación, tenis, taekwondo, esgrima, triatlón e raids de aventura.

É importante destacar que de todas as modalidades deportivas citadas, a UDC conseguiu as seguintes 9 medallas: medalla de ouro para o equipo de raid de aventura e medalla de bronce para o equipo de triatlón. En deportes individuais, Miguel Souto Mínguez foi prata en esgrima na modalidade de florete; Francisco Javier Sieira Rodríguez, ouro en taekwondo; Alejandro Sanmartín Carreira, prata en judo; Rubén Rodríguez González, bronce en judo; Ana M Vidal Bouza e M^a José Corral Bouza, ouro en voleipraia feminino; Pablo Vidal Bouza e Borja González Vicente, bronce en voleipraia masculino e Brais Canosa Fernández, bronce en triatlón.

Respecto ás modalidades de deportes colectivos, débese subliñar que o sistema de competición é determinante á hora de valorar tanto a participación coma os resultados. O total de participantes en deportes colectivos foi de 144, distribuídos en: voleibol feminino e masculino, balonmán masculino, fútbol 11 masculino, fútbol 7 feminino e rugby masculino. E en canto aos resultados, as participantes no equipo de rugby feminino quedaron subcampañas de España.

Hai que destacar tamén a participación nos seguintes Campionatos de Europa Universitarios:

- Campionato de Europa Universitario de voleibol praia 2011 feminino e masculino (Málaga), coas parellas formadas por M^a José Corral Bouza e Ana M Vidal Bouza, por unha parte, e de Pablo Vidal Bouza e Borja González Vicente, por outra.
- Campionato de Europa Universitario de taekwondo 2011 (Braga).
- Universiada 2011 (Shenzhen, China), coa participación de Francisco Javier Sieira Rodríguez (medalla de

prata), Sabela Larga Dios (medalla de prata), Victoria Davalos Orta (medalla de bronce) e Saúl Rilo Álvarez.

A UDC segue estando representada nos deportes federados con equipos propios como é o caso do voleibol feminino e o tiro con arco. Ademais, noutras modalidades mantemos os seguintes convenios de colaboración: o Sporting Universidade da Coruña C.F., o Crat UDC de Rugby Feminino, o Basket Coruña, o Ártabro Balonmán, e o OAR Balonmano.

Formación en deporte

Como complemento ás actividades deportivas de competición, mantemento e de ocio, organizáronse cursos de formación conducentes á obtención dun título oficial. As horas lectivas tamén se puideron validar por créditos de libre configuración, fomentándose así a formación integral dos membros da comunidade universitaria. No ano 2011, contouse coa participación de 50 persoas nos seguintes cursos:

- Curso de monitor de tempo libre. É unha titulación homologada pola Xunta de Galicia, recoñecida con 3 créditos de libre configuración, que capacita os estudantes para realizar labores de monitorización en diferentes actividades de tempo libre.
- Curso de mergullador deportivo, nas instalacións do Club do Mar de San Amaro, recoñecido con 3 créditos de libre configuración.
- 2 cursos de patrón de embarcacións de recreo (PER), recoñecidos con 2 créditos de libre configuración cada un.
- Curso de patrón de iate, recoñecido con 3 créditos de libre configuración.

E, ademais, preto de 550 persoas nas seguintes actividades:

- Nas escolas deportivas ofertáronse 25 actividades, entre outras: xadrez, bádminton, pilates, esgrima, ioga, gap, voleibol, tiro con arco, rugby, tenis, judo, taekwondo, baloncesto feminino, fútbol sala feminino, pádel ou golf. A participación foi superior ás 400 persoas.
- Cursos de tenis e escalada, nas modalidades de iniciación e perfeccionamento. A participación foi superior ás 120 persoas.
- 2 cursos de carreiras de orientación.

No campo das actividades náuticas ofertáronse cursos de catamarán, windsurf e surf, con ofertas especiais para os membros da comunidade universitaria. Tamén se fomentou a actividade da vela como elemento formativo de ampla utilidade para o estudantado de Edu-



cación Física e de E.T.S. Náutica e Máquinas, xa que realizan prácticas en cruceiro e en vela lixeira. Tamén hai que sinalar os cursos de supervivencia previstos coas azafatas de Air Hostess, e de voluntariado coa Cruz Vermella do Mar.

Mantemento físico

Salientamos a consolidación da Unidade de Exercicio e Saúde (UES), que contou cos servizos dun licenciado en Educación Física e un médico especialista en actividade física e saúde. A UES desenvolveu o seu labor de asesoramento e prescrición de exercicio para a saúde e a promoción da actividade física saudable a través do programa “Transpórtate”, destinado ao fomento do uso da bicicleta como medio sustentable de transporte urbano.

Continúa vixente o acordo de colaboración da Área de Deportes para o uso das instalacións deportivas da Xunta de Galicia: Elviña, Sardiñeira e Agra II. A súa oferta de mantemento físico consta de dúas modalidades. Unha primeira, dirixida a todo o estudantado, que permite a entrada libre á piscina e ao ximnasio a prezo especial; e unha segunda, dirixida aos subscritores da Área de Deportes, que permite a utilización de todas as instalacións e a participación nas actividades dirixidas, en horario ilimitado, cunha tarifa moi económica e da que xa se están a beneficiar máis de 400 persoas.

Ademais, os acordos co Concello de Ferrol e o Concello de Narón para o uso das piscinas de Caranza e da Gándara, respectivamente, continúan vixentes. Polas súas instalacións pasaron preto de 100 membros da comunidade universitaria.

Actividades na natureza

Con máis de 400 participantes, as actividades na natureza presentan un grande atractivo para os nosos estudantes, sobre todo, as rutas de sendeirismo. Entre elas destacan as realizadas nos fermosos lugares do Cebreiro, O Morrazo, a Costa Ártabra, Outeiro de Rei, a Mariña Lucense, San Antolín de Ibias, a Ribeira do Miño en Belesar, e o sendeiro sorpresa, que este ano foi en Fistera. Ademais, cabe sinalar outras actividades como os cursos de equitación, pontismo, balsismo, kaiak raft, as rutas en canoa, as rutas en piragua, as rutas a cabalo e os descensos de canóns.

A UDC conta con locais propios para as actividades de extensión universitaria no Club Universitario, situado no Dique Barrié de la Maza do porto coruñés, en que se desenvolven actos institucionais, recreativos, culturais e deportivos.

10. COMPROMISO SOCIAL

O estudantado que se incorpora á UDC reflicte as novas inxedanzas da sociedade actual, con persoas preocupadas polas inxustizas sociais e con vontade de asumir un compromiso solidario. Son estudantes que viven experiencias sociais, tanto formativas coma emocionais, e achegan o seu esforzo e dedicación a programas de voluntariado.

Para dar cabida a estas inxedanzas, a UDC traballa polo fortalecemento das sociedades en vías de desenvolvemento, a través do fomento do diálogo e a extensión do coñecemento xerado na Universidade, así como na organización de actuacións interculturais e de investigación, en colaboración directa do estudantado.

Todo iso canalízase a través das seguintes oficinas:

1. Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

Naceu co obxectivo de velar polos principios de non discriminación e de igualdade de homes e mulleres. Para iso, elabora propostas de actuación e realiza estudos para a información e o debate, ademais de intervir como observatorio das situacións de xénero. A OIX imparte formación complementaria ao estudantado, co fin de concienciar e sensibilizar sobre o papel que exerce a muller nas aulas, na cidadanía e na empresa.

2. Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)

É o servizo encargado de xestionar, coordinar e potenciar os ámbitos do voluntariado social e da cooperación para o desenvolvemento na UDC. Conta con dúas delegacións: unha no campus de Elviña, na Coruña, e outra no campus de Esteiro, en Ferrol. No ano 2011 contou co apoio de 3 bolseiros.

A OCV naceu no ano 1996 como resposta ás necesidades dos estudantes con discapacidades físicas que tiñan problemas para tomar apuntamentos nas clases. Co tempo, créanse novos programas e colaboracións que se mantiveron ata o día de hoxe, xunto con novas iniciativas de colaboración e información.

a) Cooperación ao desenvolvemento

A OCV desenvolve un labor importante de sensibilización, formación en cooperación e educación para o desenvol-

vemento. Promove a participación da comunidade universitaria en proxectos de cooperación, polo que realiza unha política activa e integral de apoio á investigación sobre a implicación social e a formación solidaria. Para alcanzar os devanditos obxectivos, o impulso de campañas de sensibilización e o establecemento de estruturas solidarias son ferramentas imprescindibles para a OCV.

Axudas á investigación para a cooperación ao desenvolvemento. Fondo 0,7%

Por sexto ano consecutivo, convocouse o Fondo 0,7% para axudas á investigación que teñan como obxecto de estudo a cooperación ao desenvolvemento. A iniciativa estivo dotada con 45.000 €, grazas ás achegas económicas da UDC e da Xunta de Galicia. Presentáronse á convocatoria 11 proxectos (investigadores ou grupos de investigación), dos cales foron seleccionados 6.

Proxectos de coñecemento da realidade

Os proxectos de coñecemento da realidade son unha iniciativa para que o estudantado teña a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación de 1 a 3 meses. O traballo que desenvolve pode ser validado polo proxecto fin de carreira, por prácticas obrigatorias ou por traballos de fin de carreira, en función do plan de estudos.

Realizar un proxecto deste tipo constitúe unha importante ferramenta de sensibilización, tanto para o estudante bolseiro coma para a cidadanía, xa que tras o seu regreso se organizan charlas para que este dea a coñecer o aprendido na experiencia.

No ano 2011 presentouse a quinta convocatoria e seleccionáronse 7 dos 8 proxectos presentados, aínda que un deles se suspendeu por motivos alleos á OCV. No ano 2010 seleccionáronse 6 proxectos. O financiamento inclúe os gastos de desprazamento ao país de destino, o seguro de viaxe do estudante e os gastos de xestión e coordinación da actividade.

Actividades coas ONG de desenvolvemento e coas entidades de voluntariado

A UDC aposta por buscar sinerxías que permitan unha colaboración máis efectiva e de calidade con estas entidades, a través da realización de actividades conxuntas, labores de sensibilización e educación para o desenvolvemento ou exposicións. Unha das prioridades da OCV é a colaboración coas diferentes ONG da provincia da Coruña e de Galicia, así como con outros axentes de cooperación con proxección no ámbito autonómico. A continuación preséntase unha relación das entidades coas que a UDC colaborou no ano 2011:

- Ingeniería Sin Fronteras - Galicia.
- Entidade Además.



- Coordinadora Galega das ONG de Desenvolvemento.
- ONG de desenvolvemento InteRed Galicia.
- Comisión Española Universitaria de Relacións Internacionais (CEURI) da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE).
- Asociación de Axuda ao Drogodependente (ACLAD).
- Entreculturas.
- Médicos Sin Fronteras.
- Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM).
- Solidariedade Internacional Galicia.

b) Programas de voluntariado social

Todos os programas de voluntariado social se inician sempre cun proceso de estudo e aprobación que se pon en marcha cando calquera ONG, asociación ou Administración pública establece un contacto coa OCV. A partir de aí, analízase a sustentabilidade do programa e o número de voluntarios interesados e decídese sobre a súa viabilidade.

En 2011 desenvóléronse os seguintes **programas propios**:

- Programa de voluntariado no centro de acollida de menores de Bañobre.
- Programa de voluntariado nos barrios do Portiño e As Rañas.
- Programa de acompañamento e información a persoas sen fogar.
- Programa no hospital materno-infantil Teresa Herrera (A Coruña).

- Aula de español para estranxeiros e informática a nivel usuario para a poboación inmigrante.
- Aula de cultura no centro penitenciario de Teixeiro.
- Programa aula de informática para mulleres en risco de exclusión social.
- Programa apoio escolar a menores.

E os seguintes **programas en colaboración** con outras entidades:

- Programa de acompañamento de enfermos de cancro.
- Programa de colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (AFAL Ferrolterra).
- Dinamización do tempo de ocio no Centro de Atención ao Minusválido Físico (CAMF).
- Programa de voluntariado en colaboración coa Fundación Fogar Santa Lucía para mulleres sen fogar.
- Programa de voluntariado en colaboración co Fogar dos Enfermos Pobres Sor Eusebia.
- Colaboración coa Residencia Geriatros de Ferrol.

c) Formación

A formación é unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Cando unha persoa decide implicarse nalgún programa de voluntariado, debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levará a cabo. Por outra parte, o propio persoal da OCV asiste a diferentes cursos e xornadas de formación



para poder mellorar a calidade do servizo de voluntariado e de cooperación.

Os cursos de **formación en cooperación ao desenvolvemento** organizados foron os seguintes:

- Introducción á cooperación ao desenvolvemento.
- IX Xornadas de sensibilización sobre inmigración, interculturalidade e cooperación.
- Xornadas de introdución á cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria.

E en materia de formación en voluntariado, os seguintes:

- Obradoiro de cultura senegalesa.
- Animación hospitalaria para persoas voluntarias.
- As persoas sen fogar: unha realidade sen voz.
- Obradoiro de psicoloxía oncolóxica.
- Obradoiro de cestería para o voluntariado oncolóxico.
- Curso básico de voluntariado.
- Curso de xogos tradicionais aplicado ao voluntariado con infancia.
- I Xornada universitaria de economía social e desenvolvemento.

- Curso de mediadores da saúde e prevención en drogodependencias.
- Curso de ética, confidencialidade e riscos do voluntariado.
- Seminario de voluntariado con Alzheimer.
- Curso de voluntariado penitenciario.
- Curso de animación hospitalaria.
- Curso de habilidades sociais para a resolución de conflitos.
- Curso de atención ás persoas con diversidade funcional.

Dende a OCV creouse a Rede de Asociacións e Colectivos Universitarios (RACU), formada por asociacións e por delegacións de estudantes da UDC. O obxectivo é facilitar e axilizar a comunicación das actividades dos diferentes grupos que existen na UDC. A través de RACU, as asociacións colaboradoras envían información á OCV sobre as súas actuacións e difúndena entre os diferentes colectivos universitarios.

A promoción das actividades da OCV realízase por medio de trípticos e carteis cada vez que se organiza un curso ou unha xornada. Así mesmo, a OCV conta cunha páxina web que se converteu na principal vía de difusión das súas iniciativas e na cal pon á disposición dos usuarios documentos de interese e enlaces a outras organizacións.

3. A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI)

A UDC aposta en firme por fomentar o principio de igualdade e non discriminación. Neste sentido, é importante subliñar a importancia que a UDC dá aos valores de accesibilidade universal e eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas no marco do seu compromiso social.

O traballo neste ámbito é responsabilidade da ADI, unidade adscrita ao **Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa** (CUFIE). Esta unidade ten como obxecto facilitar a plena integración da comunidade universitaria que por razóns físicas, sensoriais ou socioculturais, experimenta dificultades ou barreiras externas a un acceso apropiado e igualitario á vida universitaria.

No ano 2011, a ADI organizou os seguintes **programas pre-universitarios**:

- Divulgación de información entre os centros de ensino secundario obrigatorio.
- Inserción de información sobre o servizo na folia de matrícula para favorecer unha detección temperá de necesidades especiais entre o estudantado.
- Reserva de prazas dentro de cada carreira para o estudantado con certificado de minusvalidez, para estudantes maiores de 25 anos.

Así como unha serie de **programas universitarios**:

- Bolsas reservadas para o estudantado con certificado de minusvalidez.
- Servizo de transporte gratuíto adaptado para o estudantado con dificultades motóricas ou no desprazamento.

- Servizo de asistencia persoal durante os períodos de asistencia á aula para facilitar o acceso aos contidos impartidos polo PDI durante as súas explicacións.
- Asesoramento aos docentes sobre as características particulares de cada caso e sobre como achegar o contido da súa materia ao estudantado.
- Residencias universitarias adaptadas (5 cuartos totalmente adaptados en Rialta).
- Información e sensibilización a toda a comunidade universitaria acerca da equiparación de oportunidades, a non discriminación, e a situación e vivencias das persoas con minusvalidez ou en situación de desvantaxe sociocultural.
- Investigación, promoción e xestión do servizo de axudas técnicas e de atención individualizada que proporcionan as novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC).
- Proxectos de captación, promoción, adaptación, dinamización, orientación e inserción laboral para os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais.

A ADI prestou apoio a un total de 11 usuarios con discapacidades de tipo físico, atendeu diferentes problemas de discriminación de xénero, etnia ou idade, e matricularonse 151 persoas (75 homes e 76 mulleres) que pediron exención de taxas por minusvalidez. O ano anterior presentáronse 128 solicitudes de exención de matrículas, repartidas por igual entre mulleres e homes.

Na seguinte táboa móstrase a evolución do número de bolsas do programa para a atención á diversidade nos últimos cursos académicos entre 2008/2009 e 2010/2011.

Evolución do número de bolsas do programa para a atención á diversidade

	2008/2009		2009/2010		2010/2011	
	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Programas para a atención á diversidade	27	29.160 €	13	14.000 €	16	17.232 €

Táboa 26. Evolución do número de bolsas do programas para a atención á diversidade, 2008/2009-2010/2011.

4. A Oficina de Atención Multicanle (OAM)

Incrementar o acceso do estudantado con algún tipo de minusvalidez ao ensino superior, reducir a taxa de abandono e mellorar a inserción no mercado laboral dos titulados, son os obxectivos fundamentais da OAM.

A Fundación ONCE escolleu a UDC para poñer en marcha este proxecto piloto nunha acción que supoñía un recoñecemento ao labor constante realizado dende hai sete anos pola ADI. Coa nova iniciativa preténdese normalizar a situación das persoas con minusvalidez, facilitándolles a elección de estudos en función das súas aptitudes. Ademais, poderán coñecer os recursos ao seu alcance para mellorar a súa adaptación á universidade, así como acceder aos proxectos da ONCE encamiñados a posibilitar contratos con empresas.

Un dos obxectivos é elevar o reducido índice de inserción universitaria entre os discapacitados xa que só o 0,07% do estudantado pertence a este colectivo.

A creación da oficina enmárcase nas accións do programa “Por Talento” que desenvolve a Fundación ONCE a través da súa empresa de recursos humanos, FSC Inserta, co financiamento do Fondo Social Europeo. Está dirixida a preuniversitarios, universitarios e titulados con algún tipo de minusvalidez, para darlles apoio personalizado a través das súas tres canles de atención:

- A páxina web www.portalento.es/oam.
 - O teléfono 902 511 411.
 - De forma presencial, a través da propia oficina.
- Evolución dos programas propios:

	2008/2009		2009/2010		2010/2011	
	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Programas propios	238	416.134 €	230	362.600 €	202	380.160 €
Colaboración en departamentos	110	158.400 €	110	166.100 €	119	190.080 €
Colaboración en tarefas bibliográficas	82	104.140 €	76	101.460 €	39	47.520 €
Colaboración Aulas Net	46	153.594 €	44	95.040 €	44	142.560 €

Táboa 27. Evolución dos programas propios, 2008/2009 -2010/2011.



11. ACTUACIÓN SOCIAL

A UDC conta coa súa propia política de bolsas e axudas ao estudantado, á que lle debemos sumar as axudas do Estado e as da Xunta de Galicia. O obxectivo destas axudas é crear un marco efectivo de igualdade para o acceso, a permanencia e o desenvolvemento dos estudos universitarios e que a falta de recursos económicos non sexa un impedimento para acceder á educación superior.

1. A Sección de bolsas

É o servizo responsable de xestionar e coordinar as bolsas do estudantado ante organismos públicos e entidades privadas. O seu labor é ampliar as fontes de financiamento e reforzar a política de axudas da UDC. Os resultados da súa xestión, en cada un dos programas, recóllense nas seguintes táboas:



- Programas de bolsas do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte o pasado curso:

	2011/2012
Programa para a mobilidade	7.112
Concedidas	4.274
Denegadas	2.941
Programas para colaboración en departamentos	100
Concedidas	35
Denegadas	65

Táboa 28. Programas de bolsas do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte, 2011/2012.

- Programas de bolsas para programas de máster o curso pasado:

	2011/2012
Programas para desempregados	100
Concedidas	66
Denegadas	34
Programas UDC-Santander	78
Concedidas	49
Denegadas	29

Táboa 29. Programas de bolsas para realizar estudos de máster, 2011/2012.

- Programas de axudas para a obtención do bonobús universitario e de prazas en residencias concertadas.

	2011/2012
Axudas para o bonobús universitario	2.950
Concedidas	2.345
Denegadas	605
Axudas para residencias concertadas	305
Concedidas	185
Denegadas	96
Renuncias	24

Táboa 30. Programa de axudas para a obtención do bonobús universitario e dunha praza nunha residencia concertada, 2011/2012.

2. As olimpíadas científicas e os premios a estudantes

O Premio UDC á excelencia académica no bacharelato recoñece o esforzo e a dedicación do bo estudante por alcanzar resultados excelentes. Este premio é outorgado aos mellores expedientes que formalicen a súa matrícula nalgunha das titulacións oficiais que se imparten nos centros da UDC.

En 2011, 8 estudantes da UDC foron distinguidos cos premios nacionais á excelencia no rendemento académico universitario do curso académico 2008/2009 convocados polo Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte, dos cales catro foron primeiros premios. Con estas cifras, a UDC sitúase no terceiro posto dentro do ránking universitario de primeiros premios.



Os premios extraordinarios de fin de carreira e os premios de doutoramento tamén recoñecen o esforzo académico nos expedientes cunha nota media de sobresaínte.

Na seguinte táboa móstrase a evolución do número dos premios concedidos ao estudantado nos últimos cursos académicos:

Evolución do número dos premios concedidos ao estudantado

	2008/2009		2009/2010		2010/2011	
	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Premio UDC á excelencia no bacharelato	15	11.535 €	18	13.843 €	18	11.535 €
Premio extraordinario de fin de carreira	39	-	37	-	-	-
Premio extraordinario de doutoramento	20	-	26	-	-	-

Táboa 31. Evolución do número dos premios concedidos ao estudantado, 2009/2010 -2011/2012.

A UDC tamén apoia economicamente os gañadores das olimpíadas científicas, co fin de fomentar outros métodos de coñecemento e de premiar a formación dos participantes.

Na seguinte táboa móstrase a evolución do número de axudas concedidas aos gañadores das olimpíadas científicas nos últimos cursos académicos, 2008/2009 -2010/2011:

Evolución do número de axudas concedidas aos ganadores das olimpíadas científicas

	2008/2009		2009/2010		2010/2011	
	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Axudas aos ganadores das olimpíadas científicas	12	5.200 €	12	5.200 €	12	5.460 €
Concedidas	0	-	4	-	1	-

Táboa 32. Evolución do número de axudas concedidas aos gañadores das olimpíadas científicas, 2008/2009 -2010/2011.

3. O Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE)

O SAPE, a través das diferentes unidades administrativas que o compoñen, cobre todos os intereses e necesidades que se lle poidan presentar ao estudantado; non só no ámbito académico ou xuvenil, senón tamén no psicolóxico ou educativo.

Neste sentido, o **Servizo de Orientación Educativa e Psicolóxica** (SOEP) organiza diversos obradoiros encamiñados a frear ou a previr diferentes situacións problemáticas para a saúde provocados por situacións novas que xeran ansiedade, estrés, falta de motivación, mala concentración, etc.

4. A Biblioteca da UDC

A Biblioteca da UDC é unha unidade funcional de apoio ao estudo, á docencia e á investigación en que se organizan, procesan, custodian e se poñen á disposición dos usuarios todos os fondos documentais da UDC. Está estruturada en:

- A biblioteca xeral, situada no edificio Xoana Capdevielle, campus de Elviña.
- A biblioteca da Casa do Patín, situada no campus de Esteiro.
- As bibliotecas dos centros.

Na seguinte táboa móstrase o número de usuarios da biblioteca nos últimos dous cursos académicos, así como o persoal responsable e infraestruturas:

Evolución dos indicadores cuantitativos da biblioteca

	2009/2010	2010/2011
Usuarios comunidade universitaria	24.965	24.599
Usuarios externos	2.538	3.532
Persoal bibliotecario	99	101
Bibliotecas	17	17
Aulas de estudo	3	3
Aulas Net	22	22

Táboa 33. Evolución dos indicadores cuantitativos vinculados á biblioteca así como o persoal responsable e infraestruturas, 2009/2010 -2010/2011.

Por outra parte, na seguinte táboa móstrase a evolución dos espazos e instalacións da biblioteca nos últimos dous anos, 2010 e 2011:

Evolución dos espazos e instalacións da biblioteca

	2009/2010	2010/2011
Superficie m²	13.470	13.668
Postos de lectura	3.344	3.330
Postos en aulas de estudo	1.546	1.546
Total de estantes (m/l)	27.514	29.887
Ordenadores de uso público	97	97
Ordenadores nas aulas Net	1.800	1.800

Táboa 34. Evolución dos espazos e instalacións da biblioteca, 2010 -2011.

12. XESTIÓN EFICIENTE

O estatuto da UDC é a ferramenta que impulsa a participación de toda a comunidade universitaria na configuración do marco docente, investigador e social das actuacións universitarias. O estudantado, ao igual que os demais membros da comunidade universitaria, está representado nos órganos de goberno da UDC.

Asociacionismo

A UDC promove e facilita a constitución de asociacións e delegacións de estudantes para a defensa dos seus intereses e dereitos. O Estatuto do Estudiante proporciona o marco de desenvolvemento do dereito de asociación e recoñece o dereito de reunión, manifestación e folga, co fin de potenciar a participación do estudantado na actividade diaria da universidade.

O Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE) proporciona ao estudantado información e asesoramento para a constitución dunha asociación, así como axudas económicas para o desenvolvemento dos fins sociais das asociacións.

Todos os anos se celebra nun centro da UDC a Feira de Asociacións, na cal se dan cita todas as entidades integradas na comunidade universitaria para darse a coñecer e trasladar ao estudantado os seus obxectivos e actuacións.

O Defensor Universitario

O Defensor Universitario vela polo respecto dos dereitos e liberdades de todos os membros da comunidade universitaria. As súas actuacións están dirixidas a mellorar o funcionamento da UDC, desenvolvidas baixo os principios de independencia, obxectividade e autonomía no marco dos estatutos e do ordenamento xurídico. Os modos de actuación do Defensor Universitario son tres: por instancia de parte, de oficio, ou mediación e conciliación.

No curso académico 2010/2011, o Defensor Universitario tramitou un total de 36 consultas e 43 queixas ou reclamacións. A maioría das queixas ou reclamacións que chegan á oficina son tratadas amplamente coa parte reclamante, por vía telefónica ou presencial. Para a óptima análise destas consultas cóntase coa colaboración dos distintos órganos e servizos administrativos da UDC.

Dalgunhas queixas ou reclamacións acaban derivando, en ocasións, recomendacións ou suxestións de mellora de normas ou protocolos aos diferentes órganos e servizos administrativos colaboradores.

Nas seguintes táboas móstrase a distribución dos casos, consultas e queixas por colectivos:

Distribución de casos por colectivos

	2011/2012	
	Nº	%
Estudantes	65	83%
PDI	5	6%
PAS	4	5%
Alleos	5	6%
Total	79	100%

Táboa 35. Distribución dos casos, consultas e queixas por colectivos, 2010/2011.



Distribución de consultas por colectivos

	2011/2012	
	Nº	%
Estudantes	29	81%
Mulleres	15	
Homes	14	
PDI	1	3%
Mulleres	1	
Homes	0	
PAS	3	8%
Mulleres	2	
Homes	1	
Alleos	3	8%
Mulleres	1	
Homes	2	
Total	36	100%

Táboa 36. Distribución dos casos, consultas e queixas por colectivos, 2010/2011.



Distribución de queixas por colectivos

	2011/2012	
	Nº	%
Estudantes	36	84%
Mulleres	18	
Homes	18	
PDI	4	9%
Mulleres	0	
Homes	4	
PAS	1	2%
Mulleres	0	
Homes	1	
Alleos	2	5%
Mulleres	1	
Homes		
Total	43	100%

Táboa 37. Distribución dos casos, consultas e queixas por colectivos, 2010/2011.

Asesoría xurídica


A Asesoría Xurídica da UDC ten atribuída unha dobre función. Por unha parte, asesorar en dereito os órganos de goberno e de representación da universidade, fundamentalmente a través da elaboración de informes, ditames e propostas de resolución. Pola outra, representar a UDC en calquera tipo de procedemento administrativo ou xudicial.

No ano 2011, a Asesoría Xurídica atendeu 51 recursos contencioso-administrativos incoados polo estudantado, PDI, PAS e terceiros alleos á universidade. Durante este ano, ditáronse 62 resolucións xudiciais favorables á UDC e 8 desfavorables.

Na orde xurisdiccional social presentáronse 15 demandas e ditáronse 16 resolucións xudiciais a favor da UDC, 4 delas foron desfavorables. Na orde xurisdiccional civil iniciáronse dous procesos e ditáronse dúas resolucións favorables á institución académica.

A comunidade universitaria solicitou á Asesoría Xurídica un total de 1.275 actuacións relacionadas cos servizos internos e 634 por resolucións adoptadas por xulgados e tribunais nas diferentes ordes xurisdiccionais.

Ademais, emitiu 355 informes, asistiu a 30 sesións na Mesa de Contratación e a unha sesión da Comisión Asesora de Valoración da Documentación Administrativa.



O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

O Persoal Docente e Investigador (PDI) ten como principais funcións a prestación de servizos en labores docentes e de investigación, tutoría ou asistencia ao estudantado e atención ás necesidades de xestión do departamento e do centro.

As actividades docentes comprenden, por un lado, a preparación e realización de actividades académicas dirixidas, o deseño de materiais docentes, a elaboración e corrección de exames, as tutorías ao estudantado e calquera outra actividade relacionada coa aprendizaxe. Por outra parte, a actividade investiga-

dora comprende o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística, así como a formación de investigadores atendendo tanto á investigación básica coma á aplicada.

O PDI é un grupo de profesionais composto por funcionarios dos corpos docentes universitarios e por persoal contratado, cuxa evolución e estrutura se reflicte na seguinte táboa. Nela pódese apreciar as boas ratios que presentamos e coas cales podemos garantir unha formación de calidade, e o esforzo na consolidación de prazas.



• Evolución da estrutura do cadro do PDI

	2009		2010		2011	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PDI doutor	866	57,12%	902	59,62%	920	61,86%
Mulleres	282	32,56%	317	35,14%	337	36,63%
Homes	584	67,44%	585	64,86%	583	63,36%
PDI non doutor	650	42,87%	611	40,38%	567	38,13%
PDI tempo completo	1.225	80,80%	1.213	80,17%	1.191	80,09%
Mulleres	436	35,59%	444	36,60%	440	36,94%
Homes	789	64,41%	769	63,40%	751	63,05%
PDI tempo parcial	291	19,19%	300	19,83%	296	19,90%
Mulleres	74	25,42%	84	28%	87	29,39%
Homes	217	74,58%	216	72%	209	70,60%
Ratio Estudantado / PDI	13,14%		13,01%		13,11%	
Ratio PDI / PAS	1,97%		1,99%		1,88%	
Concursos convocados por categorías	214		208		208	
Total	1.516		1.513		1.487	

Táboa 38. Evolución da estrutura do cadro do PDI, 2009 -2011.

• Evolución do PDI que pertence aos corpos docentes universitarios:

	2009	2010	2011
Catedráticos de E.U.	50	46	43
Catedráticos de universidade	134	141	137
Titulares de E.U.	205	186	171
Titulares de universidade	381	392	392
Total	770	765	743

Táboa 39. Evolución do PDI de corpos docentes universitarios, 2009 -2011.

• Evolución do programa de promoción e estabilización do PDI:

	2009	2010	2011
Prazas de contratado doutor	23	44	39
Prazas de titular	15	19	17
Prazas de catedrático	12	13	7
Prazas de axudante doutor	14	21	18
Prazas de axudante	11	-	5
Total	75	97	86

Táboa 40. Evolución do programa de promoción e estabilización do PDI, 2009 -2011.

No capítulo 7 do Informe do reitor ao Claustro 2011, pódese revisar a relación dos concursos convocados para o PDI analizados por categorías e por áreas de coñecemento.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A función primordial do PDI é apoiar o estudantado no desenvolvemento das súas capacidades intelectuais, morais e sociais, respondendo ás súas expectativas de desenvolvemento profesional. Para garantir esa ca-

lidade na docencia e na investigación, é fundamental poñer á súa disposición programas de formación, labor en que destaca o CUFIE. Para apoiar a mellora profesional, dispoñemos dun programa de avaliación docente que permite identificar aspectos de mellora a nivel individual.

1. Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)

Na UDC cremos e apostamos pola mellora continua, e somos conscientes de que para a súa consecución é necesaria a avaliación da xestión realizada. A través dunha serie de indicadores é posible avaliar o camiño que está a seguir a nosa institución e coñecer se é o axeitado ou non e, o máis importante, establecer que sería necesario cambiar e por que.

A calidade na prestación dos servizos é un dereito da comunidade universitaria e en torno a esta idea central ha de xirar o traballo dos profesionais da UDC. No caso do PDI, prestamos especial atención á innovación educativa e ao fomento da difusión de experiencias, traballos e materiais de interese pedagóxico a través da organización de actividades de asesoramento e formación. Esta actividade é realizada polo CUFIE, por medio da Unidade de Formación e Asesoramento.

No curso académico 2010/2011 desenvolveuse o Plan de Apoio ao Ensino, cuxos resultados se mostran na seguinte táboa:

Plan de apoio ao ensino

PROGRAMA	Nº CURSOS	Nº HORAS	Nº PRAZAS
Metodoloxía didáctica	12	134	350
Tecnoloxía educativa	8	107	160
Ensino semipresencial	3	36	60
Saúde e prevención de riscos laborais	4	48	100
Contexto socioinstitucional e traballo na UDC	7	70	125
Total	34	395	795

Táboa 41. Plan de apoio ao ensino, 2010/2011.

A través deste programa, a Unidade de Formación e Ase-
soramento atende ademais o estudantado. Durante o
ano 2011, organizáronse 15 cursos de 10 horas lectivas
cada un, cun total de 600 prazas dispoñíbles.

A Unidade de Formación Inicial atendeu tamén o PDI no-
vel a través do Plan de formación inicial, cuxos resulta-
dos se mostran a continuación:

Plan de formación inicial

PROGRAMA	Nº CURSOS	Nº HORAS	Nº PRAZAS
Metodoloxía didáctica	12	134	60
Tecnoloxía educativa	8	107	40
Ensino semipresencial	3	36	15
Saúde e prevención de riscos laborais	4	48	20
Contexto socioinstitucional e traballo na UDC	7	70	25
Total	34	395	160

Táboa 42. Plan de formación inicial, 2010/2011.

2. A avaliación docente

O programa de avaliación docente esta recollido con
detalle na web www.udc.es/avaliemos. Ademais de so-
porte para publicar os resultados xerais e de participa-
ción das avaliacións cuatrimestrais, a web permite aos
usuarios acceder aos últimos resultados persoais de
forma confidencial. A mellora e actualización deste ser-
vizo virtual levouse a cabo no ano 2011, incluíndo novas
epígrafes e contidos.



Na seguinte táboa móstrase a evolución dos datos de
participación do PDI e do estudantado no programa de
avaliación docente:

Evolución da participación de PDI e estudantado na evolución docente

	2008/2009		2009/2010		2010/2011	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PDI	657	41,40%	778	53,17%	893	54,32%
Estudantado	3.954	19,40%	3.897	19,28%	4.995	24,44%

Táboa 43. Evolución da participación de PDI e estudantes na avaliación docente, 2008/2009 -2010/2011.

3. O proceso de implantación dos
títulos de grao e programas de
máster

O proceso de implantación dos títulos de grao e pro-
gramas de máster seguiu dende o curso académico
2009/2010 a seguinte evolución:

Evolución da porcentaxe de graos im-
plantados por cursos

	2009/2010	2010/2011	2011/2012
1º	100%	100%	100%
2º	21%	70%	100%
3º	36%	15%	70%
4º	25%	28%	33%
Total	38%	53%	76%

Táboa 44. Evolución das porcentaxes de graos implantados, porcen-
taxe de guías elaboradas para estes e evolución das porcentaxes
das guías elaboradas para os programas de másters implantados,
2009/2010 -2011/2012.

Evolución da porcentaxe das guías
elaboradas por graos implantados

	2009/2010	2010/2011	2011/2012
1º	86%	94%	99%
2º	100%	90%	97%
3º	69%	98%	96%
4º	57%	80%	84%
Total	81%	91%	96%

Táboa 45. Evolución das porcentaxes de graos implantados, porcen-
taxe de guías elaboradas para estes e evolución das porcentaxes
das guías elaboradas para os programas de másters implantados,
2009/2010 -2011/2012.

Evolución da porcentaxe das guías
elaboradas por programas máster im-
plantados

	2009/2010	2010/2011	2011/2012
1º	49%	56%	69%
2º	34%	32%	80%
Total	45%	52%	69%

Táboa 46. Evolución das porcentaxes de graos implantados, porcen-
taxe de guías elaboradas para estes e evolución das porcentaxes
das guías elaboradas para os programas de másters implantados,
2009/2010 -2011/2012.

Evolución da implantación de títulos

	2009/2010	2010/2011	2011/2012
Graos	28	40	40
Másters	37	45	55
Total	65	85	95

Táboa 47. Evolución da implantación de títulos, 2009/2010
-2011/2012.

En canto aos títulos de grao por cursos, o proceso de
implantación foi completado para os niveis de 1º e 2º,
mentres que en 3º e 4º segue avanzando, encontrándose
cuberto nun 70% e nun 33%, respectivamente.

Atendendo á porcentaxe de guías docentes elaboradas
por graos implantados, rexístrase un incremento res-
pecto do total e sitúase nun 96%.

En canto aos programas de máster, implantáronse 10
novos títulos. A cifra supuxo un incremento do 17% no
curso académico 2011/2012 sobre o volume de guías ela-
boradas respecto ao curso académico anterior.

Nas seguintes táboas móstrase a evolución do número
de cursos, materias e guías dos cursos implantados nos
graos e nos programas de máster nos últimos cursos
académicos, 2009/2010 -2011/2012:



Cursos, materias e guías implantados

	CURSOS IMPLANTADOS			MATERIAS DOS CURSOS IMPLANTADOS			GUÍAS DOS CURSOS IMPLANTADOS		
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2009 2010	2010 2011	2011 2012
1º	28	40	40	276	385	395	236	362	392
2º	6	28	40	61	290	405	61	260	392
3º	1	6	28	16	59	315	11	58	301
4º	7	11	13	83	106	138	47	85	116
Total	42	85	121	436	840	1.253	355	765	1.201

Táboa 48. Evolución do número de cursos, materias e guías dos cursos implantados nos graos, 2009/2010 -2011/2012.

Cursos, materias e guías elaboradas en programas máster

	CURSOS IMPLANTADOS			MATERIAS DOS CURSOS IMPLANTADOS			GUÍAS DOS CURSOS IMPLANTADOS		
	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2009 2010	2010 2011	2011 2012	2009 2010	2010 2011	2011 2012
1º	37	45	55	762	1.113	1.442	370	619	988
2º	9	7	6	239	206	93	81	65	74
Total	46	52	61	1.001	1.319	1.535	451	684	1.062

Táboa 49. Evolución do número de cursos, materias e guías dos cursos implantados nos programas de máster, 2009/2010 -2011/2012.

Ademais das certificacións e como ferramenta de reforzo na súa xestión, o PDI traballa co Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC). Este sistema exige a publicación regular da información actualizada sobre os programas e

títulos implantados. Desta forma, o PDI pode ofrecer datos obxectivos, cuantitativos, cualitativos e actualizados sobre o estado do proceso de aprendizaxe.

2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

1. Apoio aos investigadores

Na actualidade contamos con 125 grupos de investigación os cales apoiamos, tanto na xestión das súas actividades coma na captación de recursos para o desenvolvemento da súa actividade. A continuación preséntanse o número e importe das axudas que reciben con diferentes modalidades:

O gran potencial da UDC en materia de investigación e xeración de coñecemento é grazas ao labor do PDI. O seu esforzo de promoción da investigación científica en diferentes campos do saber xera un retorno social de gran valor, achegando coñecemento á sociedade e mellorando a competitividade das empresas galegas.

Evolución do número e importe das axudas para consolidar as Unidades de investigación

	2009		2010		2011	
	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº
Modalidade de grupos	2.014.228 €	54	1.610.940 €	46	1.176.000 €	7
Modalidade de redes de investigación	300.000 €	5	146.500 €	5	120.000 €	1
Modalidade de agrupacións estratéxicas	250.000 €	1	250.000 €	1	-	-
Total	2.564.228 €	60	2.007.440 €	52	1.296.000 €	8

Táboa 50. Evolución do número e importe das axudas para consolidar as unidades de investigación, 2009 -2011.

Na seguinte táboa móstrase a evolución do número de PDI e dos grupos departamentais de calidade, nos anos 2009 a 2011:

Evolución do PDI e do número de grupos departamentais de calidade

	2009	2010	2011
PDI	519	902	805
Grupos departamentais de calidade	8	107	40

Táboa 51. Evolución do número de PDI e dos grupos departamentais de calidade, 2009 -2011

En canto ás bolsas e aos contratos de investigación concedidos nos últimos anos, 2009 -2011, vese a súa evolución a continuación:

Evolución das bolsas e contratos de investigación concedidos aos investigadores da UDC

	2009		2010		2011	
	Nº NOVOS	Nº TOTAL	Nº NOVOS	Nº TOTAL	Nº NOVOS	Nº TOTAL
FPI	6	23	12	26	12	33
FPU	7	14	10	31	13	43
María Barbeito	23	49	20	56	0	36
Predoutorais UDC	12	28	21	32	12	54
Ángeles Alvariño	7	15	10	24	0	12
Lucas Labrada	5	10	3	8	1	4
Isabel Barreto	5	11	4	15	0	15
Parga Pondal	3	22	2	22	1	15
Juan de la Cierva	2	4	0	3	1	4
Ramón y Cajal	1	2	0	2	0	2
Predoutorais Xunta de Galicia	0	0	0	0	27	27
Total	71	178	82	219	67	245

Táboa 52. Evolución das bolsas e dos contratos de investigación concedidos aos investigadores, 2009 -2011.

2. A Biblioteca da UDC

A Biblioteca da UDC garante á comunidade universitaria o acceso a toda a información contida nas publicacións e noutros soportes documentais que serven de apoio á docencia, á investigación e a outros servizos. A Biblioteca da UDC componse da Biblioteca Central, no Edificio Xoana Capdevielle, campus de Elviña, a Biblioteca da Casa do Patín, no campus de Esteiro, e as bibliotecas das facultades e escolas, ademais dos servizos centrais, onde traballa un total de 101 profesionais.

A Biblioteca da UDC desenvolve e mantén os fondos bibliográficos e documentais e as adquisicións realizadas por compra, subscrición, ou polas incorporacións de fondos procedentes de doazóns e intercambios.

Durante o ano 2011, a UDC subscribiuse a 2.987 revistas científicas e a 98 bases de datos, o que supuxo un investimento dun total de 993.308 €. A todo iso hai que engadir os recursos contratados a través de BUGalicia (5.200 revistas e 22 bases de datos), por un importe total de 4.953.231 €, financiados entre as tres universidades e a Xunta de Galicia. A UDC achegou para este proxecto 795.122 €. A día de hoxe é posible acceder ao 27% das revistas a través de medios electrónicos.

Tras un investimento total de 1.005.932 €, adquiríronse 25.729 exemplares en concepto de monografías e outros materiais. E recibíronse en concepto de doazón e intercambio outros 6.058 exemplares.

Na seguinte táboa móstrase a evolución do gasto e do investimento en fondos bibliográficos e documentais entre 2009 e 2011:

Evolución do gasto en fondos bibliográficos e documentais

	2009		2010		2011	
	IMPORTE	%	IMPORTE	%	IMPORTE	%
Revistas e bases de datos	1.688.455 €	58,26%	1.567.975 €	63,59%	1.788.430 €	64,00%
Monografías	1.153.817 €	39,91%	962.144 €	35,05%	969.087 €	34,68%
Outros materiais	53.501 €	1,81%	37.381 €	1,36%	36.845 €	1,32%
Total	2.890.483 €	100%	2.567.500 €	100%	2.794.362 €	100%

Táboa 53. Evolución do gasto en fondos bibliográficos e documentais, 2009 -2011.

A evolución dos fondos existentes na biblioteca en 2010 e 2011 móstrase nas seguintes táboas:

Evolución dos recursos electrónicos da Biblioteca da UDC

Evolución da colección da Biblioteca da UDC

	2010	2011
Monografías (volumes)	755.619	776.024
Publicacións periódicas en papel (total títulos)	9.341	9.281
Outros materiais (mapas, microformas,DVD, etc.)	37.517	40.077
Adquisicións anuais: compra e doazón		
Monografías e outros materiais non en libro	30.677	31.787
Revistas en papel por compra e doazón (títulos)	3.498	2.983

Táboa 54. Evolución da colección da Biblioteca, 2010 -2011.

	2010	2011
Monografías e outros documentos	16.803	18.175
Revistas	8.975	6.018
Bases de datos	73	60
Recursos electrónicos propios (RUC)	5.703	7.310

Táboa 55. Evolución dos recursos electrónicos da Biblioteca, 2010 -2011.

O catálogo da biblioteca foi mellorado grazas á implantación da web PACPRO. Isto permite aos usuarios o cambio de idioma (galego/español/inglés), o acceso aos textos completos das publicacións electrónicas dende a icona “texto-accesos”, a visualización das portadas dos exemplares e novos conxuntos de busca.

No ámbito da cooperación con outras entidades, destaca o vínculo que a UDC mantén con Dialnet dende hai 8 anos, ademais do vínculo coas bases de datos especializadas máis consultadas como ISIWOK, Scopus, CSIC, Medline (gratuita), Mathscinet e SportDiscus.



Na seguinte táboa móstrase a evolución dos indicadores cuantitativos de uso dos servizos da Biblioteca da UDC no bienio 2010 -2011:

Evolución dos indicadores cuantitativos de uso dos servizos da Biblioteca da UDC

	2010	2011
Entradas ás bibliotecas	1.716.712	1.650.000
Préstamos de libros	574.060	566.700
Busca en recursos electrónicos de pago/pagamento/licenza	205.223	365.296
Consultas textos de recursos electrónicos de pago/pagamento/licenza	153.774	192.442
Visitas á páxina web	723.950	742.000
Consultas ao catálogo	1.327.832	1.675.539
Documentos solicitados a centros externos	4.477	4.495
Documentos subministrados a centros externos	1.033	1.122
Formación de usuarios: sesións formativas	83	69
Formación de usuarios: número de asistentes	2.510	2.197

Táboa 56. Evolución dos indicadores cuantitativos de uso dos servizos da Biblioteca, 2010 -2011.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos indicadores cuantitativos básicos da biblioteca da UDC:

Evolución dos indicadores cuantitativos básicos da Biblioteca da UDC

	2010	2011
Metro cadrado / usuario	0,54	0,56
Estudantes / posto de lectura	7	7
Incremento de monografías / usuario	1	1
Visitar / usuario	69	67
Préstamos / usuario	23	23
Visitas á páxina web / usuario	29	30
Consultas ao catálogo / usuario	53	68
Préstamos interbibliotecarios / investigador	2	2
Gasto en adquisicións / usuario	103	114
Gasto en revistas e bases de datos / usuario	566	787
Gastos en monografías (%)	37%	35%
Gasto en recursos electrónicos sobre o total (%)	32%	40%

Táboa 57. Evolución dos indicadores cuantitativos básicos da Biblioteca, 2010 -2011.



3. O Servizo de Publicacións

Este servizo ten como función básica a publicación de traballos de investigación, de creación cultural e de textos de apoio á docencia, ademais da xestión, venda, distribución e intercambio de libros e revistas de carácter universitario.

Este servizo é responsable dos seguintes labores:

- Xestionar o intercambio bibliográfico coas universidades do Estado e con outras institucións académicas e científicas.
- Ceder os códigos ISBN ao PDI solicitante para aqueles produtos editoriais con destino comercial.
- Coordinar a colaboración coas bibliotecas da UDC na publicación de materiais dixitais no Repositorio Institucional (RUC).
- Asesorar en materia editorial o PDI.

Nas seguintes táboas móstrase a evolución do número de publicacións editadas na UDC, así como a evolución do intercambio de publicacións entre diferentes organismos:

Evolución do número de publicacións

	2009	2010	2011
Libros	31	21	22
Revistas	10	11	6

Táboa 58. Evolución do número de publicacións, 2009 -2011.

Evolución do intercambio de publicacións

	2009	2010	2011
Libros recibidos	1.007	1.101	519
Revistas recibidas	436	442	264
Libros enviados	1.311	1.243	447
Revistas enviadas	1.078	500	729

Táboa 59. Evolución do intercambio de publicacións, 2009 -2011.

Como feito destacable, este servizo participou nas actividades de promoción programadas pola UNE (feiras do libro, catálogos colectivos, publicidade en prensa). Ademais, realizou as presentacións públicas ante os medios de comunicación dos volumes editados máis significativos en 2011 como o “Diccionario de Química” e “Arquitectura en Xapón”.

Para unha maior información, no capítulo 4 do Informe do reitor ao Claustro 2011 preséntase a relación das publicacións de 2011.

4. Institutos de investigación

Os 6 institutos de investigación configúranse como espazos especializados nun ámbito da investigación, o que lles permite poñer en valor os seus resultados de forma máis visible:

- **Instituto Universitario de Ciencias da Saúde.** Centro dedicado á investigación científica e técnica, á actividade docente do terceiro ciclo universita-



rio e cursos de posgrao e ao asesoramento técnico, con singular proxección e especialización na área de Ciencias da Saúde.

• **Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga.**

Dedicado á promoción e ao desenvolvemento do coñecemento e da investigación científica sobre os aspectos máis útiles da realidade internacional e europea, así como o ensino dos estudos internacionais e europeos, en particular os relativos á Unión Europea, co obxectivo fundamental de achegar todas estas cuestións á realidade social galega.

• **Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin.**

Ten por obxecto favorecer o acceso ao coñecemento especializado no ámbito dos estudos irlandeses, en particular no referente ao proceso de desenvolvemento cultural de Irlanda e Galicia dentro da comunidade europea.

• **Instituto Universitario de Estudos Marítimos.**

Resultado da colaboración coa Autoridade Portuaria da Coruña. Ten como finalidade acceder ao coñecemento especializado no ámbito das Ciencias e Técnicas do Mar e promover a súa incidencia directa no desenvolvemento social, político e cultural de Galicia.

• **Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal.**

Resultado da colaboración co Laboratorio Xeolóxico de Laxe (Fundación Isidro Parga Pondal), centrado en diversas actividades científicas e investigadoras, entre as cales se inclúen o desenvolvemento de proxectos de investigación teórica e aplicada, a coedición de publicacións científicas, e a organización de cursos monográficos, conferencias e congresos científicos.

• **Instituto Universitario de Medio Ambiente.**

Ten como obxectivo a realización de proxectos e programas de investigación no campo do ambiente, así como a impartición de cursos de posgrao e programas de terceiro ciclo.

5. Premio Impulso UDC

A UDC aposta decididamente polo fomento da excelencia no ámbito da investigación. Para contribuír á consecución deste obxectivo, o Consello Social da UDC recoñece publicamente o traballo dos grupos de investigación da UDC que destacan singularmente na consecución de obxectivos clave en materia de I+D+i, como son a internacionalización, a efectiva transferencia dos resultados da investigación ao tecido social e a capacidade para captar fondos procedentes de fontes de financiamento externas á UDC.

6. Oferta tecnolóxica

A ampla oferta tecnolóxica da UDC vai dirixida a poñer á disposición da sociedade e das empresas todo o noso coñecemento e os nosos medios. Este artículase a través dos seguintes espazos:

- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI).
- Parque Tecnolóxico.
- Servizos de Apoio á Investigación (SAI).
- Comité de Ética.
- Premios de Investigación.

Na epígrafe *Transferencia do coñecemento e investigación* do ámbito *Empresa*, preséntase de forma detallada a oferta tecnolóxica da UDC.

- Número de participantes nos programas de mobilidade no curso académico 2010/2011:

3. INTERNACIONALIZACIÓN

As iniciativas para fomentar e facilitar a mobilidade do PDI no ámbito nacional ou internacional son numerosas na UDC, o que motivou un incremento do 20% dos participantes.

A oferta de programas de mobilidade para PDI inclúe:

- Erasmus Staff Mobility for Teaching Assignments (STA) e Erasmus Staff Mobility for Training (STT).
- Mobilidade no marco de convenios bilaterais.
- Programas da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).
- Programa Erasmus Mundus.

Os indicadores detallados que mostran a participación do PDI nos distintos programas de mobilidade preséntanse a continuación.

- Participantes no programa de estadias visitantes do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte:

	2009	2010	2011
Participantes no programa nacional	12	40	21
Participantes no programa internacional	28	21	34
Total	40	61	55

Táboa 60. Evolución do número de participantes no programa de estadias visitantes do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte, 2009 - 2011.


	Nº SAINTEs	Nº ENTRANTEs	TOTAL
Axudas á internacionalización - PDI	22	5	27
Erasmus con fins docentes -STA PDI	31	19	50
Erasmus con fins de formación - STT PDI	1	0	1
Erasmus con fins de formación - STT PAS	2	6	8
Organización da mobilidade Erasmus - PDI	4	-	4
Total	60	30	90

Táboa 61. Número de participantes nos programas de mobilidade, 2010/2011.

- Evolución do número de participantes nos programas de mobilidade Erasmus e por convenios bilaterais:

	2009	2010	2011
Nº saíntes	21	40	60
Nº entrantes	18	35	30
Total	39	75	90

Táboa 62. Evolución do número de participantes nos programas de mobilidade Erasmus e por convenios bilaterais, 2008/2009 -2010/2011.



• Evolución do número de participantes nos programas de mobilidade Erasmus STA:

	2009	2010	2011
Nº Saíntes	21	25	31
Nº Entrantes	18	13	19
Total	39	38	50

Táboa 63. Evolución do número de participantes nos programas de mobilidade Erasmus STA, 2008/2009 -2010/2011.

Como medida de apoio e para reforzar o coñecemento do PDI noutros idiomas, dispoñemos da oferta de cursos do Centro de Idiomas. Na epígrafe *Internacionalización* do ámbito *Estudantado* preséntase a relación dos cursos impartidos no ano 2011.

4. AMBIENTE

O compromiso da comunidade universitaria coa necesaria protección do ambiente e os recursos naturais é canalizado a través da **Oficina de Medio Ambiente (OMA)**, que pon á disposición dos PDI programas de voluntariado.

Na epígrafe *Ambiente* do ámbito *Cidadanía* preséntanse de forma detalladas todas as actuacións levadas a cabo na materia.

5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

O obxectivo do emprego das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) por parte do PDI é reforzar a súa planificación docente e facilitar as ferramentas para un mellor desenvolvemento da súa actividade investigadora e docente.

Os servizos tecnolóxicos e de comunicación proporcionados permiten ao PDI contar cunha administración electrónica máis eficiente, que serve de apoio ao desenvolvemento óptimo e de calidade nos seus procedementos de xestión, para o que tamén dispoñen de rede local wireless. A coordinación corresponde ao **Servizo de Informática e Comunicacions (SIC)**.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos indicadores cuantitativos vinculados a este servizo nos anos 2010 e 2011:

Evolución dos indicadores cuantitativos do SIC

	2010	2011
Materiais ofertados no campus virtual	4.557	5.137
PDI que utiliza o campus virtual	1.469	1.468
Tarxetas universitarias emitidas ou renovadas	7.789	6.657
Visitas á páxina web institucional	4.581.037	5.643.565
PAS e PDI que utiliza a wiki corporativa	170	230
% de despregamento da rede Wifi	94%	95%
Usuarios habilitados na rede Wifi	25.060	32.088
Usuarios con actividade na rede Wifi	15.439	19.250
Actuacións especiais da rede: auto/videoconferencia	71	68
Postos de consulta bibliográfica	77	82
Postos dispoñibles en AulasNET	565	583
Postos dispoñibles en aulas de docencia	1.074	1.175
Contas de correo electrónico do PDI	3.649	3.899

Táboa 64. Evolución dos indicadores cuantitativos vinculados do SIC, 2010 -2011.

Por outra parte, a **Aula de Formación Informática (AFI)** ofrece a posibilidade de que o PDI realice diferentes cursos, ben para completar os seus coñecementos na materia, ben para coñecer as últimas novidades en novas tecnoloxías.

O **Servizo de Recursos Audiovisuais (RecAv)** está ao servizo da comunidade universitaria e pon á súa disposición o soporte e os medios necesarios para integrar

as tecnoloxías da información e a comunicación na actividade docente, así como contribuír á proxección das actividades desenvolvidas en materia de investigación, docencia e cultura.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O **Servizo de Normalización Lingüística (SNL)** é o encargado do asesoramento lingüístico e da revisión de apuntamentos e materiais didácticos das diferentes materias impartidas polo PDI. A este labor engádese a resolución de consultas lingüísticas e/ou terminolóxicas puntuais, e as solicitudes de información recibidas por diferentes vías de comunicación.

No ámbito de iniciativas para informar sobre os dereitos lingüísticos da comunidade universitaria e a realidade da lingua galega, o SNL realiza visitas explicativas e de formación a todos os centros que posúen unha comisión de normalización lingüística, tarefas de asesoramento bibliográfico e persoal en materia de sociolingüística e planificación. Dende 2011, a lexislación lingüística está recollida na publicación “Unha guía para a intervención lingüística”.

Centrados no PDI, o SNL organizou dous cursos: “Curso para mellorar a calidade da lingua” e “Curso de técnicas de expresión oral”.

7. COMUNICACIÓN

A UDC caracterízase por ser unha universidade moderna, de vangarda e accesible. A páxina web é boa mostra diso. O fluxo de información que se fai chegar á comunidade universitaria e á cidadanía en xeral é fluído e constante, o cal a converteu nunha das ferramentas de comunicación máis importantes da UDC.

Cada centro da UDC conta con dous departamentos centrados nos medios audiovisuais: UDCMEDIA e UDCTV. A través de UDCMEDIA proporciónase información institucional á comunidade universitaria, e mediante a UDCTV transmíteselle todo tipo de contidos audiovisuais creados para a promoción institucional.



Como soporte para as necesidades académicas e investigadoras, a **Oficina de Cursos e Congresos** (OCC) encárgase da coordinación dos cursos, congresos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferencias que organizan as distintas facultades, escolas, departamentos, grupos de profesores e delegacións ou asociacións estudantís. A comunicación das actividades realízase tanto a través da web da UDC coma do envío masivo de dípticos ou trípticos.

A OCC tamén xestiona as solicitudes de axudas económicas solicitadas polos distintos centros ou departamentos para a organización de xornadas e ciclos de conferencias. No ano 2011, realizáronse dúas convocatorias por un importe total de 64.800 €; e unha terceira, para a organización dos cursos de verán por un importe total de 49.800 €. Cabe destacar que foron concedidas 123 subvencións para a adquisición de material de promoción e divulgación que sumaron un importe total de 26.554 €.

No mesmo ano rexistráronse e emitíronse certificacións de 246 actividades e organizáronse 25 cursos de verán, o que se traduciu nun aumento do 30% na oferta formativa con respecto ao ano 2010. O resultado da participación tamén foi satisfactorio, dado que acudiron un total de 836 estudantes, un 21,65% máis que no ano anterior.

Adicionalmente, o PDI recibe puntualmente no seu correo electrónico a revista *U+S Blogspaper* na que se publican as últimas actuacións da UDC en colaboración coa empresa e a cidadanía, así como accións que a universidade desenvolve no ámbito da transferencia do coñecemento e a investigación.

8. CULTURA

Ademais da oferta de actividades culturais para toda a comunidade universitaria, que pode ser consultada na epígrafe *Cultura* do ámbito *Estudantado*, o Gabinete de Comunicación organiza todos os anos o Curso de verán “Divulgación científica na sociedade”, dirixido especialmente ao PDI.

9. DEPORTE

A UDC facilita ao PDI unha ampla oferta de actividades deportivas organizadas pola **Área de Deportes** (competición, formación, natureza, náutica, etc). Na epígrafe *Deporte* do ámbito *Estudantado* preséntanse as actividades deportivas ás cales pode acceder o PDI.

10. COMPROMISO SOCIAL

O PDI, como membro da comunidade universitaria, pode participar activamente nas actividades de índole social que a UDC organiza a través da **Oficina para a Igualdade de Xénero** (OIX), a **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV), e a **Unidade de Atención á Diversidade** (ADI). Na epígrafe *Compromiso social* do ámbito *Estudantado*

preséntanse en detalle os proxectos levados a cabo nestas áreas.

No seo da OCV, destaca a existencia da **Rede de Educación para o Desenvolvemento** (REDE), integrada polo PDI e polos investigadores interesados no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

11. ACTUACIÓN SOCIAL

A política de contratación e as condicións laborais do PDI están reguladas polos estatutos da UDC e pola lexislación laboral vixente. Para facilitar a atención ao PDI, a UDC dispón do **Servizo de Persoal Docente e Investigador**, que é o órgano responsable de xestionar todas as cuestións relacionadas co seu posto de traballo e o encargado da elaboración e tramitación dos procesos de selección e provisión de persoal.

No ano 2011, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago e a Universidade de Vigo subscribiron o II Convenio colectivo para PDI laboral do Sistema Universitario de Galicia, que afecta máis de 2.000 traballadores da universidade. O acordo foi adoptado por unanimidade e asinado polos tres reitores e polos representantes das centrais sindicais CIG, CCOO, UXT e CSIF, co obxectivo de equiparar as condicións de traballo do PDI laboral das tres universidades.

Neste novo convenio recóllense medidas de mellora salarial para o PDI laboral, cuxa remuneración tradicionalmente viña sendo inferior con respecto á do PDI funcionario. Ademais, desenvolveuse de forma detallada o réxime da acción social, permisos e vacacións. É importante destacar que, por primeira vez, se incluíron no convenio os investigadores contratados por programas estatais autonómicos como o Parga Pondal, María Barbeito, Ramón y Cajal e contratos predoutorais propios das universidades.

Garantir a seguridade e a saúde do noso persoal é outro dos nosos compromisos, para o cal desenvolvemos un programa específico de mellora continua das condicións de seguridade e saúde no traballo, cumprindo coa normativa vixente na materia.

A UDC garante a información, consulta e participación do PDI neste ámbito, así como unha formación axeitada e suficiente, co obxectivo de potenciar unha política de prevención dirixida a eliminar ou minimi-

zar os riscos vinculados ás actividades diarias desenvolvidas por este colectivo nas instalacións da UDC.

12. XESTIÓN EFICIENTE

O PDI forma parte dos órganos de goberno da UDC e, ademais, conta coa figura do Valedor Universitario, a asistencia da Asesoría Xurídica e co Comité de Empresa e a Xunta de Persoal para facer valer os seus dereitos e liberdades.

Os representantes sindicais da UDC pertencen á Confederación Intersindical Galega (CIG-Ensino), Comisións Obreiras (CC.OO.), a Unión Xeral de Traballadores (FETE-UGT) ou a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF).

No ano 2011, celebráronse eleccións para designar os novos representantes dos traballadores da UDC. Os resultados foron os seguintes:

- Eleccións á Xunta de Persoal PDI funcionario: 475 votos emitidos, cunha participación do 52,4%. Composición da xunta de persoal (21 membros): 5 CCOO, 4 CIG, 8 CSI-CSIF e 4 UGT.
- Eleccións ao Comité de Empresa PDI laboral: 238 votos emitidos, cunha participación do 39%. Composición do comité de empresa (17 membros): 4 CCOO, 3 CIG, 6 CSI-CSIF e 4 UGT.





O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) da UDC é o grupo que traballa nas áreas funcionais da administración e dos servizos, e presta apoio tanto ao resto dos grupos de interese coma ao conxunto da universidade no seu funcionamento.

O funcionamento eficaz da universidade depende en boa medida do Persoal de Administración e Servizos ou PAS, en canto presta apoio fundamental á comunidade universitaria e a todos os que se achegan á UDC, na realización de todo tipo de xestións administrativas.

O PAS está formado polo persoal funcionario das escalas propias da universidade e polo persoal laboral contratado, así como polo persoal funcionario pertencente aos corpos ou escalas doutras administracións públicas que presten servizo na UDC.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Nun esforzo por mellorar a xestión e o servizo, a UDC aumentou o cadro de PAS nun 3,94% malia que a política de redución de gasto público está a comprometer non só a creación de novos postos de traballo, senón o seu propio mantemento.

A continuación preséntase unha relación de indicadores cuantitativos que mostran a evolución da estrutura deste colectivo nos últimos tres anos.

• Evolución da estrutura do cadro do PAS

	2009		2010		2011	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PAS funcionario	456	59,37%	448	58,95%	465	58,86%
Mulleres	353	77,41%	341	76,12%	361	77,63%
Homes	103	22,58%	107	23,88%	104	22,37%
PAS laboral	312	40,62%	312	41,05%	325	41,14%
Mulleres	128	41,02%	124	39,74%	128	39,38%
Homes	184	58,97%	188	60,26%	197	60,62%
Ratio Estudantado / PAS	25,93%		25,91%		24,69%	
Ratio PAS / PDI	0,50%		0,50%		0,53%	
Total	768		760		790	

Táboa 65. Evolución da estrutura do cadro do PAS da UDC, 2009 -2011

• Evolución da estrutura do cadro do PAS funcionario:

	2009		2010		2011	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PAS funcionarios de carreira	379	83,11%	380	84,82%	390	83,87%
Mulleres	-	-	291	76,12%	301	77,17%
Homes	-	-	89	23,88%	89	22,82%
PAS funcionarios interinos	75	16,44%	66	14,73%	73	15,69%
Mulleres	-	-	49	60,26%	59	80,82%
Homes	-	-	17	39,74%	14	19,18%
PAS persoal eventual	2	0,43%	2	0,44%	2	0,73%
Mulleres	1	50%	1	50%	1	50%
Homes	1	50%	1	50%	1	50%
Total	456	100%	448	100%	465	100%

Táboa 66. Evolución da estrutura do cadro do PAS funcionario, 2009 -2011



• Evolución da estrutura do cadro do PAS laboral:

	2009		2010		2011	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PAS laboral fixos	158	50,64%	163	52,24%	195	60%
Mulleres	-	-	51	31,28%	75	38,46%
Homes	-	-	112	68,71%	120	61,53%
PAS laboral temporais	154	49,35%	149	47,75%	130	40%
Mulleres	-	-	73	48,99%	53	40,76%
Homes	-	-	76	51,01%	77	59,23%
Total	312	100%	312	100%	325	100%

Táboa 67. Evolución da estrutura do cadro do PAS laboral, 2009 -2011



• Evolución da estrutura do cadro do PAS, analizado por idade:

	2009		2010		2011	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PAS funcionario	456	59,37%	448	58,95%	465	58,86%
Menor de 30 anos	13	2,85%	14	3,12%	12	2,58%
30 - 34 anos	46	10,08%	42	9,37%	39	8,38%
35 - 39 anos	83	0,18%	83	18,52%	64	13,76%
40 - 44 anos	124	27,19%	121	27,00%	104	0,22%
45 - 49 anos	71	15,57%	70	15,62%	104	0,22%
50 - 54 anos	62	13,59%	60	13,39%	65	13,97%
Maior de 54 anos	57	0,12%	58	12,94%	77	16,55%
PAS laboral	312	40,62%	312	41,05%	325	41,14%
Menor de 30 anos	12	3,84%	11	3,52%	1	0,30%
30 - 34 anos	49	15,70%	49	15,70%	32	9,84%
35 - 39 anos	57	18,26%	64	20,51%	61	18,76%
40 - 44 anos	69	22,11%	65	20,83%	70	21,53%
45 - 49 anos	43	13,78%	44	14,10%	58	17,84%
50 - 54 anos	47	15,06%	44	14,10%	50	15,38%
Maior de 54 anos	35	11,21%	35	11,21%	53	16,30%
Total	768	100%	760	100%	790	100%

Táboa 68. Evolución da estrutura do cadro do PAS, analizado por idade, 2009 -2011.



2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

No ano 2011, a UDC constituíu unha Comisión de Formación para crear o Plan de formación Integral do PAS para o trienio 2011 -2013, que estivo integrada por representantes do comité de empresa, da xunta de persoal e da xerencia da UDC.

O Plan de formación é un documento estratéxico que nace co obxectivo de garantir a mellora da especialización técnica e a promoción do PAS da UDC. A través deste documento, a Comisión de Formación dá resposta ás necesidades de formación do PAS partindo da información achegada polos responsables das distintas unidades e centros, polos representantes dos traballadores, polas organizacións sindicais e polos propios traballadores.

Os cursos ofertados agrúpanse en dúas categorías: de formación obrigatoria e voluntaria. Os primeiros están orientados a lograr a capacitación do PAS en ámbitos que resultan imprescindibles para o desempeño das súas funcións. Neles debe participar o persoal designado pola xerencia da UDC. A asistencia aos segundos resulta recomendable para o desenvolvemento profesional ou para a promoción profesional dos traballadores.

Os cursos organizados no marco do Plan de Formación son financiados con cargo ao orzamento da UDC, na

contía que se determine para cada exercicio, ou con cargo a subvencións ou contribucións externas.

Dos fondos destinados ao Plan de Formación, a UDC reserva unha contía anual para distribuíla en forma de bolsas para o PAS funcionario de carreira ou laboral fixo, que non poderá superar os 800 €. Estas bolsas financiarán como máximo o 80% da matrícula das actividades formativas relacionadas cun determinado posto de traballo que non estean recollidas no Plan de Formación. A UDC convocará, ademais, axudas para os cursos impartidos polo Centro de Idiomas e pola Aula de Formación Informática (AFI).

A evolución da participación do PAS en accións formativas nos últimos anos, 2010 e 2011, móstrase na seguinte táboa:

Evolución da participación do PAS en accións formativas

	2010	2011
Accións formativas	21	20
Participantes	605	667
% sobre total PAS	79,40%	84,37%

Táboa 69. Evolución da participación do PAS en accións formativas, 2010 -2011.



3. INTERNACIONALIZACIÓN

O PAS da UDC é consciente da importancia de avanzar na súa formación e de desenvolver habilidades noutros idiomas que axuden á internacionalización da UDC. Facilitar a promoción e o intercambio do PAS entre universidades é un dos compromisos máis importantes da UDC con este colectivo.

A oferta de programas de mobilidade Erasmus para os membros do PAS inclúe:

- Mobilidade Erasmus, convocatoria de axudas financeiras de mobilidade a institucións de ensino superior con fins de formación.
- Mobilidade Stella, programa de mobilidade internacional que facilita e promove o intercambio do PAS entre as universidades que conforman o Grupo Compostela de Universidades (GCU).

O **Centro de Idiomas** presta apoio ao PAS ofrecéndolle a oportunidade de reforzar ou aprender unha nova lingua que facilite a súa viaxe ao país de acollida. Na epígrafe *Internacionalización* do ámbito *Estudantado* preséntase a relación de cursos impartidos polo Centro de Idiomas en 2011.

4. AMBIENTE

A través da **Oficina de Medio Ambiente** (OMA), o PAS pode involucrarse en proxectos relacionados coa protección do ambiente, entre os que poden citarse: grupos de voluntariado ambiental, obradoiros de formación ou accións de sensibilización.

Na epígrafe *Ambiente* do ámbito *Cidadanía* preséntanse de forma detallada todas as actuacións levadas a cabo en materia de respecto ao ambiente.

5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

O uso das tecnoloxías é fundamental para o desenvolvemento dun servizo de calidade polo PAS. Para iso, o **Servizo de Informática e Comunicacions** (SIC) pon á súa disposición os medios tecnolóxicos máis axeitados, e facilita as solucións ás necesidades que poidan xurdir.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos indicadores cuantitativos vinculados ao Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) no bienio 2010 -2011:

Evolución dos indicadores cuantitativos do SIC

	2010	2011
Visitas á páxina web institucional	4.581.037	5.643.565
PAS e PDI que utiliza a wiki corporativa	170	230
% de despregamento da rede Wifi	0,94	0,95
Usuarios habilitados na rede Wifi	25.060	32.088
Usuarios con actividade na rede Wifi	15.439	19.250
Actuacións especiais da rede: auto/videoconferencia	71	68
Postos de consulta bibliográfica	77	82
Postos dispoñibles en AulasNET	565	583
Postos dispoñibles en aulas de docencia	1.074	1.175
Contas de correo electrónico do PAS	1.116	1.457

Táboa 70. Evolución dos indicadores cuantitativos vinculados ao SIC, 2010 -2011.

O PAS pode realizar os cursos da **Aula de Formación Informática** (AFI), ao igual que o resto da comunidade universitaria, como mecanismo de formación continua centrado no campo das últimas novidades en novas tecnoloxías.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O **Servizo de Normalización Lingüística** (SNL) é o servizo da UDC que dota o PAS do asesoramento axeitado para o

uso da lingua galega: servizo de tradución e interpretación e formación a través de cursos e obradoiros. No ano 2011, o SNL organizou o curso “Introdución á onomástica galega”, que contou coa participación de 24 membros deste colectivo.

7. COMUNICACIÓN

Na epígrafe *Comunicación* do ámbito *Estudantado* preséntanse, de forma detallada, todas as actuacións levadas a cabo na materia. Destaca especialmente a relación de comunicación interna que mantén a UDC cos membros do PAS a través do envío puntual de correos electrónicos informativos coas últimas novidades.

8. CULTURA

A oferta cultural da UDC é moi ampla, xa que trata de cubrir todas e cada unha das distintas demandas que poden ter os membros da comunidade universitaria. Na epígrafe *Cultura* do ámbito *Estudantado* preséntanse, de forma detallada, todas as actividades organizadas durante 2011.

9. DEPORTE

Toda a oferta deportiva da UDC está ao servizo do PAS: actividades de competición, cursos de formación, deportes na natureza e no mar, etc. Na epígrafe *Deporte* do ámbito *Estudantado* preséntase a relación de actividades deportivas desenvolvidas en 2011 pola **Área de Deportes**.

10. COMPROMISO SOCIAL

O PAS é un colectivo cun alto compromiso social, o que o leva a participar de forma activa en actividades da **Oficina para a Igualdade de Xénero** (OIX), da **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV) e da **Unidade de Atención á Diversidade** (ADI).

No campo da atención á diversidade, o II Convenio colectivo do PAS recolle que a UDC adoptará as medidas necesarias para facilitar o acceso aos profesionais que sufran diferenzas funcionais no seu posto de traballo, polas súas condicións físicas diminuídas.

Ademais, se existisen postos vacantes e fose preciso, a UDC poderalles asignar un posto de traballo máis axeitado ás súas capacidades, nos seguintes supostos:

- Diminución da capacidade legalmente recoñecida que impida ou dificulte gravemente o desempeño do seu posto de traballo.
- Obtención da declaración de incapacidade en calquera dos seus graos, para o que se observará o disposto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos.
- Cando o posto de traballo poida prexudicar a saúde da muller embarazada ou a do feto.

Na epígrafe *Compromiso social* do ámbito *Estudiantado* preséntanse en detalle os proxectos levados a cabo nestas áreas.

11. ACTUACIÓN SOCIAL

As directrices da política de contratación da UDC recollidas nos estatutos baséanse na normativa aplicable ao persoal que se encontra ao servizo das administracións públicas. O PAS da UDC accede e promociona mediante a superación de procedementos baseados nos principios de mérito, capacidade e concorrencia.

O **Servizo de Persoal de Administración e Servizos** é o órgano responsable da promoción da empregabilidade mediante as ofertas públicas de emprego. Encárgase da xestión das retribucións do PAS (follas de salarios e seguros sociais), da xestión e tramitación das prestacións de acción social correspondentes, da confección das estatísticas de retribucións do INE e da provisión do persoal.

O **Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social** encárgase de atender a totalidade de circunstancias que poidan requirir a súa cobertura, simplificando os trámites burocráticos para dar unha resposta rápida e eficaz ás necesidades de cada traballador e do resto dos servizos da UDC.

Conciliación familiar e laboral

A UDC recoñece aos seus traballadores o dereito á excedencia temporal para o coidado dos seus fillos, para o coidado do cónxuxe ou da persoa coa que convivan de forma marital, ou para o coidado dos ascendentes ou dos descendentes que por motivo de idade, accidente, enfermidade ou minusvalidez, non se poidan valer por si mesmos e non desenvolvan actividade retribuída.

A excedencia constitúe un dereito individual dos traballadores, e non poderá superar nunca os tres anos. O período durante o cal o traballador permanece nesa situación é computable para os efectos de antigüidade, e mantén o dereito á asistencia a cursos de formación. Durante os primeiros dous anos terá dereito á reserva do seu posto de traballo, pero transcorrido este tempo, quedará referida a unha ocupación da súa categoría ou grupo profesional.

Promoción de emprego

Dentro da política de promoción do emprego, a xubilación será obrigatoria para un traballador ao cumprir 65 anos. En contrapartida, a UDC comprométese a constituir bolsas de emprego coas vacantes que se produzan por esta causa, incluíndo nas súas ofertas prazas de idéntica categoría profesional ou outras de distinta categoría que creen por transformación das vacantes.

Esta idade considerarase, sen prexuízo de que todo traballador poida completar os períodos de carencia para a xubilación, supostos nos cales a xubilación obrigatoria se producirá ao completar o traballador os devanditos períodos de carencia na cotización á Seguridade Social. Excepcionalmente, poderán continuar en activo os traballadores que non teñan completados os 35 anos de cotización ata completalos. A xubilación é obrigatoria, en todo caso, aos 70 anos.



Coa conformidade previa do traballador, poderase producir a xubilación aos 64 anos, nos casos en que a contratación simultánea doutro traballador sexa aconsellable por circunstancias do servizo ou apreciadas pola xerencia, co informe favorable do comité de empresa.

Asistencia social

A oferta de programas de beneficios sociais para o PAS céntrase nos seguintes aspectos:

• Ensino universitario

A UDC habilita os medios para conseguir que a matrícula nos centros sexa gratuíta (no que se refire aos prezos públicos correspondentes á matrícula) para os traballadores en activo e xubilados, para os seus cónxuxes ou a persoa con que conviva de forma marital, e para fillos a cargo.

A institución académica facilita o establecemento de convenios con outras universidades públicas fóra do Sistema Universitario de Galicia, ofrecendo a gratuidade de matrículas para os seus traballadores.

• Escolas de idiomas

A UDC propicia o establecemento de convenios para conseguir a matrícula gratuita nas escolas oficiais de idiomas para traballadores activos e xubilados, cónxuxes ou a persoa con que convivan de forma marital e para fillos a cargo.

• Escola infantil

O PAS terá os mesmos dereitos de admisión e réxime económico que o resto do persoal da UDC no uso da escola infantil para os seus fillos.


• Incapacidade temporal

A UDC completa as percepcións do traballador durante a situación de incapacidade temporal ata o 100% das súas retribucións mensuais durante os meses da duración desta.

• Coa xubilación forzosa, falecemento ou invalidez permanente, o traballador percibirá o importe íntegro de 3 mensualidades e unha máis por cada 5 anos ou fracción que exceda os 15 anos de antigüidade na UDC. No caso de prestacións de servizo a tempo parcial, computarase este tempo de xeito proporcional.

• Servizos á comunidade universitaria

Os traballadores terán para si, para o seu cónxuxe, a persoa con que convivan e para os fillos ao seu cargo, dereito á utilización das instalacións e dos servizos



da UDC, en igualdade de condicións que o resto dos membros da comunidade universitaria.

• Todo traballador que teña baixo a súa dependencia directa e legal, e que viva ás súas expensas, cónxuxe ou persoa con que conviva de forma marital, fillos ou ascendentes de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais recoñecidos como tales polos órganos oficiais competentes na materia, e sempre que os ingresos do diminuído non superen o salario mínimo interprofesional en cómputo anual, percibirá unha axuda máxima de 150 € ao mes ata completar, se fose o caso, o importe do salario mínimo interprofesional.

• Anticipos reintegrables

A UDC concede anticipos reintegrables ao PAS laboral ata unha contía máxima de dúas mensualidades ou 3.000 €, que se reintegrarán no prazo máximo de 18 meses sen xuros.

• Seguro de asistencia sanitaria

Co obxecto de financiar accións dirixidas ao persoal, constitúese un fondo de acción social para o PAS laboral equivalente cada ano ao 1,5% da masa salarial anual. Garántense así, como mínimo, os fondos necesarios para a contratación dun seguro de asistencia sanitaria.



Prevención de riscos laborais

A UDC cumpre estritamente coas disposicións vixentes en materia de prevención de riscos laborais e seguridade no traballo. Iso implica que todo traballador ten dereito a participar, por medio dos seus representantes, en materia de seguridade e saúde laboral no traballo. Para el, e como órgano paritario e colexiado de consulta, funciona un comité de seguridade e saúde laboral que vela pola adopción, o mantemento e o perfeccionamento de medidas en materia de seguridade e saúde laboral nos centros de traballo da UDC.

O **Servizo de Prevención de Riscos Laborais** canaliza as actuacións da UDC na materia, procurando a mellora da calidade de vida, a través de mellores condicións de seguridade e saúde no traballo. As súas actuacións máis destacadas son as seguintes:

- Reducir os accidentes, incidentes e enfermidades laborais, e mellorar o ámbito laboral.
- Reducir os riscos e os impactos persoais, económicos e ambientais.
- Educar en boas prácticas de prevención de riscos

laborais e mellorar a condición laboral de forma continua.

- Poñer de manifesto a integración da prevención de riscos laborais na xestión da UDC.
- Mellorar a capacitación dos traballadores, e propiciar a adopción de medidas para que estes sucesos non se repitan e/ou para minimizar as súas repercusións.
- Mellorar a calidade de vida dos grupos de interese e impulsar hábitos saudables na sociedade, previndo así problemas de saúde.

Durante o período de embarazo ou o período de lactación, as traballadoras terán dereito ao cambio de posto de traballo se, segundo a prescrición dun facultativo da sanidade pública ou, se for o caso, do Servizo de Vixilancia da Saúde, se certificase que as condicións resultan nocivas para a súa saúde, para a do feto ou impiden o normal desenvolvemento da actividade que desempeña. Nestes supostos asegurárase que a traballadora non sufra ningunha mingua dos seus dereitos económicos e que se poida volver incorporar ao seu posto habitual cando remate a circunstancia que deu lugar ao cambio.

12. XESTIÓN EFICIENTE

Como membro da comunidade universitaria, o PAS forma parte dos órganos de goberno da UDC, tal e como recollen os seus estatutos. O PAS conta, ademais, coa figura do Valedor Universitario, o asesoramento de Asesoría Xurídica, e co Comité de Empresa, en caso de que necesite iniciar accións de defensa dos seus dereitos e intereses.

No convenio colectivo que regula a actividade do PAS recoñécese o dereito de representación sindical. Tal e como este establece, ningún traballador poderá ser discriminado por razón da súa afiliación sindical e todos poderán expoñer libremente as súas opinións.

Todo traballador poderá ser elector e elixible para exercer cargos sindicais, sempre que reúna os requisitos establecidos no Estatuto dos traballadores. Todo traballador poderá dispoñer de 20 horas laborais ao ano como permiso retribuído para asistir a reunións sindicais ou de entidades legalmente constituídas e relacionadas coa súa profesión ás que fose citado oficialmente.

A xerencia, co obxecto de permitir o desenvolvemento efectivo das tarefas de representación sindical, arbitrará as medidas oportunas. Se fose o caso, procederá a reforzar o servizo correspondente co persoal necesario, de maneira que as necesidades deste servizo non impidan a actividade sindical.

Recoñécese o dereito das centrais sindicais a ser representadas por un delegado da UDC, que deberá ser un traballador en situación de servizo activo.

A estes representantes recoñécenselles os dereitos establecidos na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e demais normativa de aplicación. As organizacións sindicais con representación na UDC terán dereito ao uso gratuíto dos medios de difusión e de comunicación propios, só para o cumprimento dos seus fins no ámbito desta.

Os membros do Comité de Empresa, os delegados de persoal e delegados sindicais terán:

- Dereito á libre difusión na UDC das súas publicacións, avisos ou opinións que lles puidesen interesar ás respectivas persoas afiliadas ao sindicato e aos traballadores, en xeral.
- Dereito de reunión nos locais da UDC nas mesmas condicións que se sinalan para a asemblea dos traballadores.

- Dereito a gozar de 30 horas mensuais retribuídas para realizar as xestións conducentes á defensa dos intereses do persoal.
- Dereito a ser informados dos asuntos da UDC nos termos fixados para o Comité de Empresa no Estatuto dos traballadores, debendo observar o sxiло profesional establecido.

Os representantes do PAS pertencen á Confederación Intersindical Galega (CIG-Ensino), Comisións Obreiras (CC.OO.), a Unión Xeral de Traballadores (FETE-UGT) ou á Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF).

No ano 2011 houbo eleccións para elixir os novos representantes dos traballadores da UDC. Os resultados nas eleccións á Xunta de Persoal PAS funcionario foron os seguintes:

- 204 votos emitidos, cunha participación do 75%.

Composición da Xunta de Persoal (17 membros): 4 APA, 4 CCOO, 1 CIG, 3 CSI-CSIF e 1 UGT.





CIDADANÍA

A resposta ás necesidades da cidadanía é unha das razóns de ser dunha universidade pública como a UDC. Na UDC traballamos para dar resposta ás inquedanzas da cidadanía no ámbito da xeración e difusión do coñecemento, nas oportunidades de formación, na investigación e no apoio a unha sociedade máis xusta, equilibrada e cívica.

Intentamos que o noso traballo en beneficio da cidadanía se faga patente en todos os nosos ámbitos de actuación e nos proxectos de colaboración con outras entidades e organizacións.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A universidade é fonte de coñecemento para toda a cidadanía. Todos os que desexan ampliar a súa formación poden participar do ensino superior, ben sexa para iniciar os seus estudos de educación superior, para mellorar a súa capacitación profesional, ben para gozar do contacto co saber, coa cultura, coa arte ou co deporte.



Neste sentido, os esforzos da UDC céntranse en facilitar a toda a cidadanía unha oferta docente o suficiente- mente ampla para que todos os que desexan estudar na nosa universidade poidan facelo.

Ademais dos estudos dirixidos a unha poboación máis nova, na nosa oferta formativa contamos cunha **Univer- sidade Sénior** activa e en continua evolución. Proba disto é que, en 2011, o número de matriculados se incre- mentou un 3,24%, un total de 618 estudantes matricula- dos, fronte aos 598 do ano 2010.

Este programa de formación de carácter innovador está destinado a un sector da cidadanía que supera os 50 anos, que concluíu a súa vida laboral e que demanda un novo tipo de formación, actualizada e axustada aos seus intereses formativos ou culturais. Consta dun plan docente distribuído en catro cursos académicos, de 9 créditos cada un. O título que se obtén ao finalizar este programa de formación denomínase: Graduado Sénior. Todos os estudantes da Universidade Sénior teñen acce- so a todos os servizos que ofrece a UDC á comunidade universitaria.

Hai que destacar o carácter europeo deste programa de estudos, pois no ano 2011, ao proxecto “*Our Continent - Our Culture*”, impartido dende o ano 2009, uníase o proxecto “*More than neighbours!*” dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente LLP da Unión Europea.

Na seguinte táboa móstrase o detalle por sexo e idade dos estudantes matriculados na Universidade Sénior no curso académico 2010/2011:

Detalle do número de estudantes ma- triculados na Universidade Sénior, por sexo e idade

	2010/2011	
	Nº	%
Universidade Sénior	618	100%
Mulleres	445	72%
Homes	173	28%
Rango 50/59	173	28%
Rango 60/69	371	60%
Rango <70	74	12%

Táboa 71. Detalle do número de estudantes matriculados na Univer- sidade Sénior, por sexo e idade, 2010/2011.

2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

A UDC é unha institución comprometida coa transferen- cia do coñecemento. O fomento da investigación aplica- da e a divulgación forman parte do noso compromiso coa sociedade.

Co propósito de contribuír á consecución deste obxec- tivo, a Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social presta cobertura científica ás coleccións “Transfiere - UDC” e “RSU - UDC”, promovidas polo Consello Social da UDC.

“Transfiere - UDC” é unha colección cuxo obxecto é pro- mover o estudo e a investigación sobre materias de com- petencia do Consello Social e vinculadas esencialmente á terceira misión da Universidade: a contribución das universidades ao desenvolvemento socioeconómico, con especial énfase na innovación e no emprendemento.

“RSU - UDC” é unha colección a través da cal se pretende impulsar o estudo e a investigación da responsabili- da social universitaria, compromiso por parte da univer- sidade de bo goberno social e ambiental nas súas tres misións: ensino, investigación e transferencia de resul- tados á sociedade.

Todos os libros publicados por iniciativa do Consello Social forman parte da súa estratexia de apoio á UDC no seu compromiso de responsabilidade social na súa misión de transferir resultados. No ano 2011 publicáron- se tres títulos: “En busca de financiación. El ecosistema de inversiones y emprendedores”, de José Gabriel Orte- ga e Pablo Martínez García, “Universidad. Motor de la innovación empresarial”, de Javier González Sabater, e “Diversidad innovadora. Intangibles para la creatividad colectiva”, de Pablo Villanueva Alonso.

Na epígrafe *Transferencia de coñecemento e investiga- ción* do ámbito *Empresa* preséntanse en detalle todas as actuacións levadas a cabo na materia.

3. INTERNACIONALIZACIÓN

A **Oficina de Relacións Internacionais** (ORI) é o servizo responsable de promover a internacionalización da UDC, establecer relacións de cooperación e aumentar os convenios de colaboración con outras institucións de educación superior, promover a mobilidade entre universidades e fomentar a participación en foros, en- contros internacionais ou feiras de presentación.

Dende 2003, a Universidade Sénior estivo implicada no desenvolvemento e na execución de proxectos europeos. Ao longo destes anos, os proxectos educativos europeos en que participou foron, de forma maioritaria, as deno- minadas Asociacións de Aprendizaxe Grundtvig. Neste sentido, en 2011, a Universidade Sénior participou nos proxectos “*Our Continent - Our Culture*” e “*More than Neighbours!*”.

O proxecto “*Our Continent - Our Culture*” trata as diver- sas formas nas que os cidadáns europeos teñen contri- buído e contribúen a unha cultura común. Aprendizaxe de idiomas, identidade ou cohesión europea, son algúns dos aspectos fundamentais deste proxecto, en que par- ticipan institucións de educación de adultos de Portu- gal, Italia, Alemaña, Reino Unido, España e Finlandia.

Entre os anos 2011 e 2013 desenvolverase outra Asocia- ción de Aprendizaxe Grundtvig, que recibe a denomi- nación de “*More than Neighbours*”. O proxecto lévase a cabo en colaboración con socios procedentes de Ale- maña, República Checa, Polonia, Italia e Bélxica. Os seus obxectivos principais son:

- Promover a interacción entre os cidadáns europeos sénior, mediante internet, correo electrónico e se- minarios internacionais.
- Analizar a propia identidade de cara á creación dun- ha identidade común europea.
- Promover a aprendizaxe de idiomas.
- Favorecer a formación en novas tecnoloxías da in- formación e a comunicación.

Na UDC tamén queremos ocuparnos dos máis peque- nos. No ano 2011, a UDC organizou dous campamentos de inglés estivais para nenos de entre 4 e 12 anos. A evo- lución da participación nos anos 2010 -2011 móstrase na seguinte táboa:

Evolución da participación de nenos nos campamentos de inglés

	2010	2011
A Coruña	26	33
Ferrol	60	86
Total	86	119

Táboa 72. Evolución da participación de nenos nos campamentos de inglés, 2010 -2011.



4. AMBIENTE

Respondendo a unha crecente inquedanza social, somos unha institución comprometida coa protección do ambiente e co uso eficiente dos recursos, para o cal contamos coa Oficina de Medio Ambiente. A análise dos retos globais e das necesidades locais lévanos a desenvolver un traballo nas dúas liñas aberto á colaboración coa cidadanía, especialmente coa das poboacións onde se sitúan os nosos campus.

Como marco de traballo nacional, a UDC forma parte dun grupo de traballo sobre a calidade ambiental e o desenvolvemento sustentable, denominado Comisión Sectorial de Calidade Ambiental, Desenvolvemento Sustentable e Prevención de Riscos (CADEP), no que participan outras 64 universidades.

A CADEP levou a cabo entre os anos 2010 e 2011 o estudo “Avaliación das políticas universitarias de sustentabilidade como facilitadoras dos campus de excelencia internacional (CEI) “ co financiamento do “Programa de estudos e análises destinadas á mellora da calidade da educación e actividades do profesorado universitario de 2010” do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte, en que se definiron os ámbitos e indicadores cos que medir a achega das universidades españolas á sustentabilidade, co obxectivo de facer os progresos máis visibles para a comunidade universitaria e para a cidadanía.

Para o desenvolvemento deste proxecto deseñouse unha ferramenta de avaliación composta por un conxunto de indicadores repartidos en 12 ámbitos. Tras a análise da información obtida a través dun cuestionario e de varias entrevistas, realizouse unha revisión completa de todo o material. O informe final mostrou o avance no desenvolvemento de accións de sustentabilidade e a alta diversidade de actuacións para acometer na materia.

ORGANIZACIÓN

- Política de sustentabilidade
- Implicación e sensibilización da comunidade universitaria
- Responsabilidade social, relacións e implicación coa sociedade

DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

- Docencia
- Investigación e transferencia de tecnoloxía

XESTIÓN AMBIENTAL

- Urbanismo e biodiversidade
- Enerxía
- Auga
- Mobilidade
- Residuos
- Compra verde

BOAS PRÁCTICAS

Gráfico 13. A ferramenta de avaliación da CADEP.

O sistema de indicadores proposto foi testado por 31 universidades e como resultado, cada unha das universidades dispuxo, ademais, dun informe de diagnóstico sobre a súa actuación en sustentabilidade, denominado “Avaliación das políticas universitarias de sustentabilidade como facilitadoras para o desenvolvemento dos campus de excelencia internacional”.

No caso da UDC, o cuestionario de autoavaliación cubriuno a Oficina de Medio Ambiente (OMA) co apoio doutros servizos e vicerreitorías da UDC. Na entrevista correspondente participou, ademais do mesmo responsable da OMA, o vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental e o delegado do reitor para o Campus de Excelencia Internacional.

Estudo cuantitativo da UDC no Informe de avaliación do CADEP




Gráfico 14. Estudo cuantitativo da UDC no informe de avaliación da CADEP.

O estudo permitiu obter o estado de aplicación dos indicadores CAPED na UDC. No gráfico pódese observar como o nivel alcanzado pola UDC está por enriba da media das universidades estudadas na metade dos ámbitos: política e avaliación da sustentabilidade, responsabilidade social, docencia, investigación e transferencia, urbanismo e biodiversidade, enerxía e avaliación do impacto ambiental das actividades universitarias. No resto de ámbitos, a UDC encóntrase lixeiramente por debaixo da media. A diferenza significativa reside nos aspectos residuos e compra verde.

A estratexia de traballo da OMA para levar a UDC cara a unha universidade máis sustentable e comprometida, apóiase en tres grandes eixes de traballo:

- Indicadores sintéticos integrados
- Xestión ambiental
- Investigación e aprendizaxe sustentables

Cada un deles conta con obxectivos ben definidos e amplo plan de traballo, que permiten que o conxunto da universidade poida integrarse e, asemade, ser beneficiaria dos seus resultados.

Eixe 1. Indicadores sintéticos integrados

1.1. A caracterización do ámbito natural e humanizado

Na actual planificación urbanística dos campus da UDC incluíronse criterios de sustentabilidade. No caso da edificación tomouse como referencia o documento “Melloras ambientais nos edificios” da CADEP-CRUE para a construción de novas instalacións.

Respecto á compra verde, incorporáronse criterios relacionados coa sustentabilidade en contratos de novas edificacións, mencionado anteriormente, e no actual contrato de xardinaría, para o cal se prevé facer un seguimento bastante exhaustivo do cumprimento das cláusulas incorporadas por parte da Oficina de Medio Ambiente (OMA).

Neste sentido, realizáronse actuacións puntuais que se irán xeneralizando a medio prazo. Por exemplo, no deseño do novo parque do campus de Elviña vanse realizar as seguintes actuacións:

- Substituír o eucalipto por bosque natural.
- Introducir especies de baixo consumo de auga.
- Xeneralizar o uso de compostaxe.
- Promover os hortos urbanos no propio campus.

Na guía “Compra pública verde de papel. Guía para os órganos de contratación e @s usuari@s da UDC” (2011) establécense unhas directrices de actuación institucional:

- Concienciar acerca do uso responsable do papel no ámbito universitario, xa que é un dos elementos máis empregados pola comunidade universitaria.
- Dar a coñecer os diferentes tipos de papel que se poden empregar e como recoñecelos, propoñendo alternativas ao papel tradicional.
- Contribuír á inclusión de criterios ambientais nos pregos de contratación de papel da UDC.

1.2. A caracterización dos campus no ordenamento territorial

O Plan director de infraestruturas para os campus da Coruña e Ferrol, aplicable dende 2009, é unha completa guía que permite planificar o conxunto de intervencións que se deben levar a cabo no ámbito universitario.

O **Servizo de Arquitectura e Urbanismo** (SAU) ten como misión fundamental arbitrar as solucións e os medios precisos para que as instalacións universitarias destinadas ao ensino, investigación, xestión e ocio sexan as máis axeitadas, así como os medios materiais de equipamento xeral que se requiran.

En 2011, o SAU centrou os seus traballos por áreas:

- A adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior dos centros docentes.
- O fortalecemento das infraestruturas de investigación.

- A mellora das infraestruturas relacionadas coa cultura e a extensión universitaria.
- A rehabilitación e renovación dos espazos públicos.
- A eficiencia enerxética, tanto na edificación coma nas instalacións.
- A mellora da accesibilidade.
- A vivenda universitaria e a mellora dos servizos administrativos e de atención ao estudante.

Débase sinalar a importancia que cobraron as operacións de mantemento e de prevención:

- Nos centros de Dereito, Ciencias da Educación, Informática e Ciencias, executáronse ou iniciáronse obras que aumentaron a superficie das aulas ou dos departamentos.
- Recibiuse o primeiro edificio da Área Científica do Parque Tecnolóxico, destinado a servir de apoio á Facultade de Informática e á Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos.
- Iniciouse a obra dunha área de docencia exterior de deportes asociada á Facultade de Ciencias da Educación (I Fase do Campus Center)..

No que respecta ao fortalecemento das infraestruturas de investigación, aprobouse tecnicamente o proxecto de execución do Centro Tecnolóxico da Terceira Idade, que xunto co Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (en execución) e o CITIC (en uso), consolidará a **Área Empresarial do Parque Tecnolóxico**.

Con respecto ás actuacións destinadas á extensión universitaria, é importante resaltar que se interveu nas áreas de Riazor, Esteiro e A Mestranza. Realizáronse obras de edificación e de espazo público, co fin de **abrir á cidadanía os usos universitarios** destes espazos físicos.

- Realizouse un proxecto de espazo público destinado a mellorar a unión entre o Centro Universitario de Riazor, Normal e o resto de edificios dotacionais da área (demolición do muro de peche do Centro Universitario de Riazor e conversión en zona verde de parte do antigo aparcadoiro).
- Realizouse a reforma do soto e do teatro de Normal, así como o proxecto para a adaptación global dese centro ao Documento Básico de Seguridade Industrial (DBSI) do Código técnico da edificación.

No campus de Esteiro realizáronse obras para o acondicionamento do soto do centro cívico como ximnasio e do primeiro andar como zona administrativa e de actos culturais, así como a apertura e o acondicionamento da praza entre o Centro Cívico, a Facultade de Humanidades

e a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

O SAU realizou tamén un estudo para restrinxir as áreas a que se pode acceder con vehículo rodado. Por último, executouse a obra de reforma da Aula Náutica na área da Mestranza para dotala de espazos destinados a cursos de verán.

Outras intervencións en materia de urbanización foron:

- A mellora do acceso aos novos departamentos dende a Facultade de Ciencias e ao pavillón fin de carreira (PFC) dende a Escola de Arquitectura.
- O proxecto de restauración paisaxística do ámbito da sala multiusos do campus da Zapateira, posibilitado pola demolición previa da sala de caldeiras.

- A plantación de 60 novas árbores na estrada que une os campus de Elviña e A Zapateira.
- A peonalización da estrada superior da Facultade de Dereito.

Na liña de **mellorar a vivenda universitaria e os servizos administrativos e de atención ao estudante**, actuouse nas dúas sedes da UDC. En Ferrol, redactouse o proxecto para a construción dunha residencia universitaria en tres bloques no antigo cuartel Sánchez Aguilera e, na Coruña, o proxecto de reforma interior do Lagar (campus de Elviña).

A relación do orzamento executado en 2011 e destinado a infraestruturas, así como o seu estado ao finalizar a anualidade, móstrase na seguinte táboa:

Relación do orzamento executado no ano 2011 destinado a infraestruturas, así como o seu estado a final de ano

INFRAESTRUTURA	ORZAMENTO EXECUTADO 2011	ESTADO EN 31/12/11
Edificio da Área Científica	1.290.007,17 €	Finalizado setembro
Aulas e seminarios ETSA	446.585,12 €	En suspensión por revisión do plan urbanístico
Acondicionamento exterior Centro Cívico Universitario de Ferrol	156.509,42 €	Finalizado decembro
Acondicionamento interior Centro Cívico Universitario de Ferrol	408.234,31 €	Finalizado decembro
Reforma Aula Náutica	455.241,82 €	Finalizado decembro
Adaptación EEES Facultade Dereito Fase II 1	156.724,98 €	Paralizada por liquidación da empresa
Fase I Campus Center	354.187,85 €	En suspensión pola tramitación da licenza municipal
Reforma da urbanización do contorno da Facultade de Dereito	32.669,87 €	Paralizada por liquidación da empresa
Novos departamentos na Facultade de CC Educación	51.338,94 €	Paralizada por liquidación da empresa
Novas aulas para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior Facultade de Economía e Empresa	58.952,26 €	Finalizado agosto

Novas aulas para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior Facultade de Informática	21.564,73 €	Finalizado agosto
Novas aulas para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior Facultade de Ciencias	49.948,52 €	Finalizado setembro
Residencia Universitaria Sánchez Aguilera	85.000 €	Recibido setembro
Proxecto de reforma interior da Casa do Lagar	16.280,46 €	Recibido outubro
Proxecto de reforma interior do teatro de Normal	20.886 €	Recibido setembro
Proxecto de reurbanización do contorno da sala multiusos da Zapateira	11.151 €	Recibido setembro
Proxecto de mellora da eficiencia enerxética da EUAT	9.278,18 €	Recibido xullo
Proxecto de mellora da eficiencia enerxética da ETSA	13.354,61 €	Recibido outubro
Proxecto de mellora da accesibilidade na EUAT. Novo ascensor	4.298,03 €	Recibido novembro
Proxecto de mellora da accesibilidade na EUAT. Aulas e zona wifi	4.668,46 €	Recibido setembro
Proxecto de mellora da accesibilidade na EUAT. Biblioteca	10.428,49 €	En redacción
Proxecto de mellora da accesibilidade SAPE	5.900 €	Recibido decembro
Obras de mellora EUP Serantes	58.759,28 €	Recibido decembro
Proxecto para a adaptación de Normal ao DBSI	872,85 €	Recibido novembro
Proxecto para reformar o soto de Normal	11.782,30 €	En redacción
Xardín do CUR. Demolición do muro e plantación de céspede	26.846,20 €	Finalizado abril
Xardín do CUR. Anteprojecto	0 €	Finalizado en xuño polo SAU
Acceso á Unidade Mixta de Investigación da Madeira	45.909,03 €	Finalizado novembro
Estudos previos para a urbanización da área entre a ETSA e o aparcadoiro ETSA-EUAT	4.342,40 €	Recibido novembro
Estudo para a limitación do acceso rodado no campus de Ferrol	0 €	Finalizado en abril polo SAU
Accesibilidade aos despachos da Facultade de Ciencias	13.853,62 €	Finalizado en abril
Compostaxe	6.862,30 €	Recibido novembro
ASISTA	112.873,10 €	Recibido outubro

Táboa 73. Relación do orzamento executado no ano 2011 destinado a infraestruturas e estado ao final da anualidade.



1.3. A caracterización da xestión ambiental. A pegada ecolóxica e a pegada de mobilidade

No curso académico 2008/2009 realizouse por primeira vez o estudo e a análise da pegada ecolóxica (edificación, consumo de electricidade, e combustibles fósiles - gasóleo, papel, auga, residuos e emisións) e da pegada de mobilidade (transporte) da UDC, grazas á sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

1.4. O compromiso ambiental

Para implementar a súa política ambiental, a UDC dispón dende o ano 2008 dunha Oficina de Medio Ambiente (OMA) que depende organicamente da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas. A OMA está composta polo director e un equipo de 14 bolseiros relacionados con outras unidades e departamentos da UDC.

O orzamento medio para gastos correntes da OMA é de 40.000 €. Puntualmente, a OMA recibe financiamento externo de institucións e empresas do sector ambiental. No ano 2011, as achegas económicas recibidas alcanzaron os 10.000 €. Considérase que as achegas económicas son reducidas, en boa medida, pola pouca capacidade actual de xestionalas por falta de persoal.

A OMA desenvolve e pon en marcha programas estruturados de actuación para distintas temáticas (mobilidade, enerxía, auga, residuos, sensibilización). O seu labor inclúe a elaboración de diagnósticos e plans de sustentabilidade sectoriais e por centros. Entre os seus proxectos para o 2013 está a elaboración dun plan de acción integral en temas de sustentabilidade, con visión, obxectivos, responsables, recursos e cronograma.

Plan de sustentabilidade da UDC




Gráfico 15. Plan de sustentabilidade da UDC.

A ambientalización da UDC é un proceso continuado, de avaliación e actualización periódica, e de corresponsabilidade nos distintos niveis

Principais elementos do Plan de sustentabilidade da UDC



Principais elementos do Plan de sustentabilidade da UDC.

Eixe 2. Xestión ambiental

2.1. Mobilidade e accesibilidade

A UDC elaborou en 2011 un plan de mobilidade co apoio da Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona, en que se aposta polo fomento do uso da bicicleta e do transporte público, polo teleensino coa aplicación Moodle e polas videoconferencias para cursos de posgrao.

Nesta liña de traballo subscribiuse un acordo coa empresa concesionaria do servizo de autobuses para ofrecer aos estudantes un bonobús con tarifa subvencionada pola propia universidade. Ademais desenvóléronse actuacións de sensibilización, como a exposición dos

datos dunha enquisa sobre mobilidade e un estudo de medios no campus de Elviña. As próximas actividades centraranse en aspectos de aparcadoiro e uso do vehículo privado.

En canto á accesibilidade, en 2011 realizáronse varios traballos de reforma para adaptación dos espazos universitarios. Priorizáronse as actuacións naqueles centros con carencias máis evidentes como a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, onde se melloraron accesos ás aulas e á biblioteca. Outras actuacións puntuais executáronse no Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE), no pavillón PFC da Escola Técnica Superior de Arquitectura, na Facultade de Informática e na Escola Universitaria Politécnica.



O programa de préstamo de bicicletas

Para fomentar o uso das bicicletas como medio de transporte principal entre a comunidade universitaria estase desenvolvendo o programa de préstamo de bicicletas, en colaboración coa “Asociación por unha Mobilidade Responsable Mobi-Liza”.

No curso académico 2010/2011, puxéronse 20 bicicletas á disposición do persoal da UDC nas conserxarías dos edificios e concedéronse 140 por rigorosa orde de inscrición entre os solicitantes. Como complemento organizáronse xornadas sobre o estudo de mobilidade realizado na UDC e sobre a circulación segura pola cidade da Coruña (itinerarios para o acceso ao campus en bicicleta). Ademais, impartíuse un curso de mecánica e ergonomía.

Entre as accións de sensibilización e divulgación, desenvolveuse unha exposición itinerante, que terá continuidade no curso académico 2012/2013, que busca a reflexión sobre os medios de transporte empregados pola comunidade universitaria: coche, moto, bus, bicicleta e a pé. Co **novo plan de mobilidade**, a UDC pretende mellorar a calidade de vida da comunidade universitaria dentro do seu ámbito territorial, ao tempo que a funcionalidade e a organización dos campus de Elviña e A Zapateira. Con iso, perséguese a redución do número de viaxes en transporte privado a favor dos medios máis sustentables e unha nova repartición de usos e funcións para liberar espazo público, hoxe reservado ao coche.

2.2. Enerxía

A necesidade de recursos enerxéticos é unha das máis relevantes da UDC. As fontes principais son a enerxía eléctrica subministrada pola rede, o gasóleo e, dende o ano 2011, tamén gas natural, ás que hai que sumar fontes de enerxías renovables para autoconsumo.

Neste campo realizáronse diversas actuacións encamiñadas a reducir o consumo e mellorar a eficiencia, entre as

que destacan:

- As auditorías en edificios con axuda de estudantes e do Instituto da Enerxía de Galicia (INEGA).
- A creación dun sistema de control de consumos centralizado, aínda non operativo.
- A introdución de melloras na estrutura envolvente dos edificios.
- A incorporación de medidas de redución de consumos en iluminación e en equipamentos.
- A redacción dos proxectos para mellorar a eficiencia enerxética do 4º andar da Escola Técnica Superior de Arquitectura e do 4º andar da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.

A UDC conta con instalacións solares térmicas (en INEF) e fotovoltaicas (no CITIC), que representan preto do 1% do consumo total de enerxía. O obxectivo é poder **che-gar a un 5% de redución de consumos**, fundamentalmente a través de medidas de aforro.

2.3. Auga

Aínda que a UDC non conta cun sistema de control centralizado do consumo de auga, si realiza un seguimento anual dos seus consumos en puntos de medida concretos. Os novos edificios prevén separar a recollida de augas e depurar e reutilizar as augas grises, aínda que, de momento, se verten á rede municipal.

Neste campo realizáronse as seguintes actuacións:

- Substitución de billas e cisternas por outras máis eficientes.
- Retirada de bombonas de auga de consumo e divulgación de medidas de sensibilización.
- Identificación de zonas de rega nos xardíns do recinto universitario, deixando en verán zonas sen rega.

2.4. Residuos

A xestión dos residuos, exceptuando a xestión dos residuos perigosos, corresponde á OMA.

A **recollida selectiva** de papel e envases plásticos non está xeneralizada en todos os edificios da UDC, pois non está considerada no servizo de limpeza actual, aínda que si se realiza de forma puntual. Ata o momento, as actividades de sensibilización centráronse en charlas sobre a xestión dos residuos orgánicos e do compost, así como en visitas ao compostador experi-

mental. Neste sentido, dentro do programa de actividades “Ciclo da Primavera Ambiental”, organizouse unha visita aos compostadores situados na Facultade de Filoloxía. Alí explicouse que é a compostaxe, os seus beneficios, o proceso óptimo de elaboración, exemplificando cunha demostración práctica como tratar os residuos orgánicos. Como complemento á visita, Montserrat Soliva Torrentó, doutora en Ciencias Químicas da Universidade Politécnica de Cataluña, impartiu a conferencia “Compost e sustentabilidade: calidade e usos do compost”.

No caso dos **residuos perigosos**, son tratados por un xestor externo autorizado. No ano 2011, a UDC publicou o “Informe de xestión dos residuos perigosos” cos seguintes resultados:

- Producción total: 13.003 Kg
- Media de produción mensual nas instalacións da UDC: 1.083 Kg/mes.

No seguinte gráfico móstrase a evolución da produción de residuos perigosos entre os anos 2009 e 2011:

Evolución da produción de residuos perigosos da UDC (Kg/ano)




Gráfico 17. Evolución da produción de residuos perigosos (Kg/ano), 2009-2011

Na seguinte táboa móstrase a relación dos centros asesorados polo Servizo de Xestión de Residuos Perigosos. Dous novos centros uníronse en 2011, o Laboratorio de Construción e o Laboratorio de Ciencias dos Materiais.


Centros asesorados polo Servizo de Xestión de Residuos Perigosos

CAMPUS	CENTRO	Nº DE LABORATORIOS
Campus da Zapateira (A Coruña)	Facultade de Ciencias	26
Campus de Elviña (A Coruña)	Servizos Centrais de Investigación	9
Campus de Elviña (A Coruña)	Facultade de Camiños	5
Campus de Riazor (A Coruña)	Escola de Náutica	1
Campus de Bastiagueiro (A Coruña)	Instituto de Medio Ambiente	1
Campus de Bastiagueiro (A Coruña)	Facultade de INEF	1
Campus de Serantes (Ferrol)	Escola Universitaria Politécnica	2
Campus de Esteiro (Ferrol)	Escola Politécnica Superior	5
Campus de Esteiro (Ferrol)	CIT	6
Campus de Esteiro (Ferrol)	Obradoiros tecnolóxicos	1
Campus de Esteiro (Ferrol)	Escola Universitaria de Deseño Industrial	1
Total		58

Táboa 74. Centros asesorados polo Servizo de Xestión de Residuos, 2011.

A proporción de residuos non varía de forma importante con relación a anos anteriores. Así, os de laboratorio seguen sendo os máis abundantes, e no resto de categorías mantéñense en proporcións similares.

Tipoloxía dos residuos perigosos xerados



AQMP (disolucións acuosas con metais pesados),AQAC (disolucións acuosas ácidas),AQBA (disolucións acuosas básicas),AQCO (disolucións acuosas con compromisos orgánicos),NH (disolventes non haloxenados),HAL (disolventes haloxenados),RL (residuos de laboratorio),VIDE (vidrio contaminado),ENV PLAS e ENV MAT (plásticos e metais contaminados),XEL BRET (xeles de bromuro de Etidio),SANIT (residuo sanitario especial) e SANIT INC (residuo sanitario para incineración).

Gráfico 18. Porcentaxe dos residuos producidos, 2011.

O xestor de residuos perigosos realizou, ademais, os seguintes servizos especiais:

- Medición da radioactividade duns residuos de forma previa á súa retirada, tras unha consulta do Laboratorio de Química Analítica.
- Operacións de transvasamento de residuos envasados de forma incorrecta en varios laboratorios.
- Atención a consultas sobre criterios de clasificación e acondicionamento dos residuos, así como dos envases dispoñibles.

A cantidade de residuos perigosos xerados, analizados polo seu código LER, móstrase na seguinte táboa:

Peso dos residuos perigosos xerados, detallados polo seu Código LER

CÓDIGO LER	PESO EN TM
120109	0,14
140602	1,826
140603	0,687
150110	1,629
150506	5,045
160507	3,423
180103	0,197
20108	0,056
Total	13,003

Táboa 75. Peso dos residuos perigosos xerados, analizados polo seu código LER, 2011.

O peso total dos residuos perigosos xestionados, analizado polo seu método de tratamento, móstrase na seguinte táboa:

Peso dos residuos perigosos xestionados, detallados polo seu método de tratamento

TRATAMENTO	PESO EN TM
Recuperación de materiais	0,494
Físico - Químico	3,423
Valorización enerxética	1,411
Incineración	6,203
Vertedoiro	1,275
Esterilización	0,197
Total	13,003

Táboa 76. Peso dos residuos xestionados, analizados polo seu método de tratamento, 2011.

O peso dos residuos perigosos transportados, analizados polos seus destinos, móstrase na seguinte táboa:

Peso dos residuos perigosos transportados, detallados polo seu destino

TRATAMENTO	PESO EN TM
Ekonor	12,806
Consenuer	0,197
Fronteiras internacionais	0
Total	13,003

Táboa 77. Peso dos residuos perigosos transportados, analizados polos seus destinos, 2011.

2.5. Atmosfera (contaminación, ruídos, radiacións)

No curso académico 2008/2009 realizouse por primeira vez o estudo e a análise da pegada ecolóxica e da pegada de mobilidade da UDC. Neste contexto medíanse os niveis de contaminación, ruídos e radiacións emitidos á atmosfera.

O obxectivo da UDC é volver realizar este estudo por segunda vez nun futuro próximo.

2.6. Biodiversidade

A riqueza en flora e fauna que rodea e existe nos nosos campus require un esforzo especial para a súa conservación e recuperación. No período 2011 as accións da UDC estiveron centradas nos campus da Zapateira e Elviña, que configuran un espazo de 58,6 Ha, nas cales se analizou a riqueza florística da zona, así como a distribución e o interese das especies que a poboan. Neste proceso, no que se involucraron estudantes de Bioloxía e os bolseiros da OMA, téñense identificado ao redor de 200 especies e establecido zonas de maior interese no Monte da Fraga. Este é un espazo natural de 2,5 Ha situado entre a Facultade de Ciencias e a Facultade de Filoloxía.

Eixe 3. Investigación e aprendizaxe sustentables

3.1 Sensibilización e voluntariado

A propia OMA é a encargada de dinamizar as actividades de sensibilización ambiental, entre as que destacan o Proxecto Sostauga e o Proxecto Ríos, vinculados á recuperación e á valorización do ámbito fluvial próximo aos campus de Elviña e da Zapateira. O primeiro dende o punto de vista de infraestrutura e o segundo, dende o punto de vista humano.

Ambos os dous vincúlanse a unha serie de conceptos claves recollidos na Directiva Marco da Auga, e entre os seus obxectivos destacan:

- Promover o voluntariado e a preocupación pola protección ambiental no ámbito universitario, conservando a fauna e a flora.
- Promover un uso axeitado dos recursos nos diferentes centros, especialmente o uso eficiente da auga, mellora dos sistemas de saneamento e optimización dos usos de auga, eliminación de obras obsoletas, etc.
- Contribuír á limpeza do río Lagar.
- Educar e formar na adopción de novos hábitos sobre o emprego da auga, a súa importancia ambiental e a participación cidadá na preservación dos ríos como forma de avanzar cara a unha cidadanía máis respectuosa co ambiente.



O Proxecto Ríos

Este proxecto busca dar a coñecer os ríos que discorren polo campus, o seu ámbito e aqueles organismos vivos que forman parte do seu territorio. Para iso, realizáronse actividades centradas na comunidade universitaria mediante charlas e accións práctico-formativas que, posteriormente, foron completadas con labores de limpeza e recollida de lixo.

O proxecto está aberto a calquera persoa ou colectivo que queira asumir un compromiso co ambiente a través de inspeccións periódicas e da participación no “Programa de adopción de ríos”, segundo o cal se comprometen a velar polo estado das canles seleccionadas.

A Facultade de Ciencias acolleu en 2011 unha charla e unha saída ao río Lagar para difundir o Proxecto Ríos ao maior número de persoas. Nunha demostración práctica da inspección dos ríos tomáronse medidas de indicadores biolóxicos, fisicoquímicos e morfolóxicos. Esta saída aproximouse ao que sería unha planeada custodia fluvial do río Lagar.

O Proxecto SOSTAUGA

Os obxectivos do Proxecto SOSTAUGA no ano 2011 foron:

- Conseguir un axeitado estado ecolóxico dos fluxos e das masas de auga existentes nos campus de acordo coas directrices da Directiva Marco da Auga.
- Avanzar cara a unha xestión sustentable da auga e alcanzar un grao de autosuficiencia óptimo.
- Aproveitar as oportunidades que ofrece a existencia de cursos fluviais, zonas húmidas e mananciais, intentando renaturalizar estes elementos no posible, así como mellorar os índices de biodiversidade da UDC.

Outras actividades foron:

Celebración do “Día Mundial das Zonas Húmidas”

Para a celebración do Día Mundial das Zonas Húmidas, o Proxecto Ríos e ADEGA, en colaboración co Centro Español de Zonas Húmidas (CEHUM) e a Fundación Biodiversidade desenvolveron unha actividade de voluntariado ambiental nos lagos de Xuño e Muro, en Porto do Son (A Coruña), destinada a mellorar o estado ecolóxico destas dúas zonas húmidas protexidas no marco da iniciativa “Móllate polos humidaís”.

A Primavera Ambiental

A OMA, en colaboración da Feitoría Verde e a asociación ADEGA, realizou unha serie de actividades dedicadas a promover as boas prácticas entre a comunidade universitaria no ámbito do ambiente. Esta iniciativa recibiu o nome de “Primavera Ambiental” e pretendeu ser un primeiro paso para a divulgación e a concienciación da comunidade universitaria ante a actual situación do ambiente.

Algúns dos temas abordados na “Primavera Ambiental” foron o cambio climático, a enerxía nuclear, o voluntariado ambiental, a conservación dos ríos galegos, a reciclaxe e a mobilidade sustentable.

Neste marco organizouse tamén o “I Ciclo de Cine Verde”. Antes de cada proxección, un profesor da UDC impartiu unha charla introdutoria en que expoñía amplamente o tema central, tendo así os participantes a oportunidade de formular as súas inquedanzas.

II Feira da Sustentabilidade

A OMA organizou a II Feira da Sustentabilidade, coordinando todos os postos de participantes e actividades. Os postos estiveron ocupados pola OMA, a Feitoría Verde, houbo un posto de axuda a Xapón con motivo do terremoto e o posterior tsunami, outro de comida ecolóxi-

ca, un posto da cooperativa de consumo responsable da Coruña Zocamiñoa, un posto de té e infusións dunha cooperativa lucense, Arquitectos e Ingenieros Sin Fronteras, Comercio Xusto de Galicia, a Mesa de Intercambio e Masa Crítica.

Os asistentes tamén puideron participar nos obradoiros de coiro e xabón ou en actividades como *photocall*, murais, xogos tradicionais, contacontos, e música en acústico e en directo a cargo de Jorge Mirancos e César de Centi.

Algunhas das actividades de sensibilización ambiental contaron co recoñecemento de créditos de libre configuración. Ademais, desenvolveuse unha iniciativa para avaliar os distintos eventos coordinados pola OMA. Os resultados foron moi positivos, xa que unha ampla maioría dos asistentes confirmou que volvería participar nas actividades avaliadas.

3.2. Ambientalización curricular

A UDC inclúe a sustentabilidade na súa área de docencia, aínda que dende a OMA non se faga unha actuación concreta neste ámbito. Malia que nos distintos centros docentes non se revisaron os currículos académicos dende a perspectiva de desenvolvemento sustentable, si se incluíron contidos transversais nalgunhas titulacións e, de forma específica, itinerarios e titulacións específicas sobre ambiente e sustentabilidade.

No campo da investigación, o Instituto de Medio Ambiente da UDC conta cunha liña de traballo relacionada coa química ambiental. É destacable que preto dun terzo dos 150 grupos de investigación teñan unha liña de traballo vinculada co ambiente ou coa sustentabilidade.

No ano 2011, contouse coa colaboración do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para diversos proxectos e para a organización do Foro de Investigadores en Ambiente da UDC. En torno a este espazo de debate reuniuse un número importante de investigadores a título persoal, o que destaca a importancia da investigación sobre cuestións ambientais. Para o ano 2012, está prevista a colaboración do CEIDA nun programa de compost.

Por outra parte, a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) realizou distintas actuacións para promover as investigacións en ambiente e sustentabilidade da UDC, como edición de folletos e accións informativas.

3.3. Gastos e investimentos no ambiente

A evolución do investimento en prevención e xestión ambiental, así como en protección ambiental dos últimos dous anos, 2010 e 2011, móstrase na seguinte táboa:

Evolución dos gastos en prevención e protección ambiental

CAMPUS	2010	2011
Persoal empregado en educación e formación	20.000 €	49.720 €
Servizos externos de xestión ambiental	40.000 €	40.000 €
Gastos orixinados pola instalación de tecnoloxías máis limpas	299.496 €	447.641,58 €
Xestión de residuos perigosos e RAEE	52.362 €	49.453,13 €
Servizo de sumidoiros	11.358 €	9.200 €
Taxa de saneamento	20.159 €	16.329 €
Medicións analíticas	1.764 €	0 €
Custos de prevención e xestión ambiental	359.496 €	-
Total	784.635 €	562.623,71 €

Táboa 78. Evolución dos gastos en prevención e protección ambiental, 2010 -2011.

3.4. Presenza na rede

Para cumprir e apoiar todas as actuacións de sensibilización ambiental, a OMA creou a súa propia páxina web dentro do espazo corporativo da UDC, así como os seus propios perfís nas redes sociais:

- Facebook, coa participación de 105 usuarios.
- Biciblog (<http://biciblogudc.blogspot.com.es>), con 257 visitas.
- Twitter (OMA_UDC), coa participación de 80 seguidores.
- Blog da Oficina de Medio Ambiente (<http://medioambienteudc.blogspot.com.es/>), con 405 visitas.

5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

Avanzando coa sociedade, a UDC suma á súa oferta de titulacións tecnolóxicas unha clara aposta polas tecnoloxías da información e comunicación en todos os ámbitos de actuación. Neste sentido, promovemos esta área de coñecemento cara á cidadanía e cara á comunidade universitaria, estendendo unha cultura tecnolóxica de calidade nos servizos prestados e na súa relación cos membros da comunidade universitaria, todo iso desenvolvido por medio do **Servizo de Informática e Comunicacions e da Aula de Formación Informática**.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Como establece un dos principios da UDC, o compromiso co desenvolvemento da cidadanía é ser responsables co cultivo, a protección e a transmisión dos valores culturais da comunidade no ámbito lingüístico, é dicir, co fomento do uso do galego dentro e fóra dos nosos centros.

Nos estatutos da UDC, o artigo 5 establece que o idioma propio da Universidade é o galego, e que para a súa normalización se fomentará o seu uso en todas as actuacións realizadas. Por iso, no ámbito técnico e executivo, a UDC apóiase no Servizo de Normalización Lingüística (SNL).

No ano 2011, o SNL organizou diferentes programas de formación dirixidos á cidadanía:

- “VII curso de verán sobre dinamización lingüística Traballando en Lingua: (Re)pensando o discurso”, celebrado no Pazo da Cultura de Carballo, en colaboración coa Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua e coa Deputación da Coruña.
- “VIII Xornadas sobre Lingua e Usos: Lingua e Ecoloxía”, celebrado no Paraninfo da Universidade. Asistiron con regularidade 48 persoas.
- Entrega de contos en galego á “Escola Infantil”coa intención de fomentar o uso da lingua galega nas idades máis temperás.
- Colaboración na programación e no desenvolvemento das actividades “Voces nas Letras”, realizada no marco do “Día das Letras Galegas”, celebrado no Paraninfo da Universidade e conducido pola poeta Andrea Nunes Brións. Na lectura de textos participaron membros dos tres colectivos universitarios, que leron textos de elaboración propia e doutros autores galegos.

E elaborou os seguintes materiais didácticos:

- O primeiro “Diccionario de química” en lingua galega, da autoría de Ramón Vilalta, Juan José Guillín e Antonio Varela, coa revisión lingüística do SNL. A súa publicación supuxo un salto na elaboración de materiais terminolóxicos na UDC e puxo ao servizo da cidadanía unha obra inexistente para este ámbito científico ata o momento.
- Traducíronse e/ou corrixíronse para a súa publicación os materiais para o segundo número do “Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo da UDC”.
- Editáronse as actas das “VII Xornadas sobre Lingua e Usos: Lingua e Sanidade”, cuxos materiais son de gran valía para un ámbito científico con escasa presenza do galego.
- Editouse o volume “Unha guía para a intervención lingüística”, resultado dos relatorios das xornadas de formación das comisións de normalización lingüística e do curso de verán sobre dinamización lingüística.

Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras

Convocouse a VIII edición do Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo. O gañador do premio na modalidade de deseño dunha campaña

de promoción da lingua galega foi Luís Suárez López, co traballo “O galego constrúe. Constrúe o galego”. Na modalidade de idea para a promoción do galego, o xurado concedeulles premio ex aequo aos traballos “O poder das palabras” e “Proxéctate en galego”, de Alejandro Grandaiñlle Montero e M^a Marta López Alonso, respectivamente.

O labor do SNL é promover unha maior implicación e participación da comunidade universitaria nas tarefas de normalización lingüística. Neste sentido, é importante destacar que a páxina web do SNL (<http://www.udc.es/snl>), como espazo de acceso a todas as publicacións e recursos xerados polo servizo, recibiu ao longo do ano 2011 máis de 9.000 visitas, o que supuxo un total de máis de 12.000 páxinas vistas.

A páxina web mantívose actualizada en todo momento coa información xerada polo propio servizo e polas comisións de normalización lingüística dos centros universitarios. Igualmente, segue sendo un espazo con acceso a todas as publicacións e recursos que o SNL xera.

Evolución da actividade de asesoramento do SNL

	2009	2010	2011
Páxinas corrixidas	4.536	4.010	4.515
Páxinas traducidas	1.779	1.624	1.177
Total	6.315	5.634	5.692

Táboa 79. Evolución da actividade de asesoramento do SNL, 2009-2011.

O SNL poñerá máis esforzo na sensibilización ás unidades, servizos e centros da UDC, para que coñezan, a través de material informativo, cales son as funcións e os servizos que pode prestar, co obxectivo último de traducir ou revisar aqueles modelos documentais que non teñan versión en galego ou precisen de actualización.

7. COMUNICACIÓN

O compromiso coa sociedade para ser unha universidade socialmente responsable leva implícito un compromiso de rendición de contas e transparencia, o que supón ter un plan de comunicación claro e efectivo cara á cidadanía.

Para iso, o labor do Gabinete de comunicación e da Sección de Protocolo son fundamentais.

1. Gabinete de comunicación

A UDC traballa para que os fluxos de información sexan constantes. A nivel interno, mellorando a comunicación entre os profesionais da universidade, e a nivel externo, facendo chegar á cidadanía o resultado da oferta formativa e do esforzo dos seus profesionais, sendo o **Gabinete de comunicación** o que asume esas responsabilidades.

En concordancia coas tendencias sociais, as redes sociais estanse a converter nunha importante ferramenta para conectar os diferentes membros da comunidade universitaria e mesmo para informar sobre a vida universitaria ou coñecer as demandas, necesidades e inquietudes do estudiantado, PDI e PAS. Proba disto é o posicionamento da UDC nas redes sociais, grazas ao cal se puido, por exemplo, “tuitear” e “postear” os resultados e novidades xeradas durante as dúas xornadas de elección do reitor (1 e 13 de decembro), cun resultado positivo en canto á interacción xerada.

Os datos máis significativos da xestión do gabinete de comunicación foron:

- Elaboración do resumo de prensa diario con noticias relacionadas coa UDC e coa I+D: aparición en 204 xornais e 246 revistas en soporte papel; e 2.746 impactos rexistrados na prensa escrita, un 16,49% menos que no ano 2010.
- Redacción de 387 notas de prensa, enviadas aos medios de comunicación xeneralistas de Galicia, e publicadas na páxina web da UDC e nos perfís en Facebook e Twitter, un 2,32% máis que no ano 2010.
- Atención a 2.340 consultas dos medios de comunicación a través dos teléfonos de contacto do Gabinete de comunicación e do correo electrónico, un 8,54% máis que no ano 2010. Organización de roldas de prensa dos membros do Comité de Dirección da UDC.
- Igual que no ano 2010, produción de 17 programas de radio en directo dende os distintos centros da UDC, coa colaboración de Radio Coruña-Cadena SER e Radio Voz.
- Organización do “IV Curso de verán de divulgación científica na sociedade: A importancia do deseño na configuración da mensaxe”.
- Edición de catro números da revista Universidade & Sociedade Blogspaper (U+S), cunha tiraxe global de

9.200 exemplares en soporte papel, distribuídos en empresas, institucións e institutos de ensino secundario en Galicia; e en soporte electrónico, para a súa distribución á comunidade universitaria.

No ámbito da difusión e da publicidade, as actuacións máis significativas do Gabinete de comunicación concretáronse en

- Edición do folleto “Uns cantos argumentos para elixir a UDC” con información das titulacións de grao e posgrao para o curso 2011/2012: un total de 9.550 folletos en galego, 2.100 en español e 1.350 en inglés; un 12,04% máis que no ano 2010.
- Produción dun paquete de 111 cuñas de publicidade de radiofónicas.
- Elaboración de displays coa imaxe corporativa da UDC para o seu uso en actos públicos.
- Desenvolvemento dunha aplicación en Facebook para que os estudantes preuniversitarios poidan consultar as titulacións da UDC afíns ás súas notas medias de bacharelato e de selectividade.
- Insercións publicitarias en distintos medios de comunicación galegos: un banner na web de La Voz de Galicia, 14.858.141 impresións (un 20% máis que no ano 2010) e 9.319 accesos (un 40% máis que no ano 2010); e publicidade sobre a convocatoria dos concursos-oposición de PDI.

2. Sección de Protocolo

A UDC vela tamén pola imaxe da institución ante a cidadanía. Do coidado e esmero co que a universidade

presenta os seus actos é responsable a Sección de Protocolo, que vela polo cumprimento das tradicións universitarias.

Este servizo organiza todos os actos académicos e solemnes que na institución se desenvolven como, por exemplo, a apertura do curso ou o acto de investidura do Doutor Honoris Causa, título concedido no ano 2011 a María Wonenburger.

8. CULTURA

No ámbito cultural, o fito por excelencia no ano 2011 foi a inauguración de Normal, un centro que toma o seu nome da antiga Escola Normal de Maxisterio, que durante moitos anos ocupou o mesmo edificio no Paseo de Ronda (Zona Escolar), agora rehabilitado para a súa nova función. Normal pretende ser un novo punto de intervención cultural na Coruña, en que se reúnan expresións artísticas e manifestacións culturais case inexistentes na cidade. Amplíase así a oferta non só da UDC, senón tamén da cidade, abrindo as portas e a mente dos veciños a eventos vangardistas e cargados de innovación; de artistas novos e consagrados, galegos e estranxeiros.

Dende hai anos, a UDC conta cun amplo programa de actividades de extensión cultural: teatro e danza, cine e fotografía, música, exposicións, obradoiros, etc. Todas elas invitan a cidadanía a participar no seu desenvolvemento e non só a comunidade universitaria.

Na epígrafe *Cultura* do ámbito *Estudiantado* preséntase a relación de accións culturais levadas a cabo pola UDC.





9. DEPORTE

A **Área de Deportes da UDC** é un dos servizos máis activos da institución. Promove e fomenta numerosas actuacións deportivas que reforzan a imaxe nova e en movemento da UDC: tenis, fútbol, baloncesto, pádel, ximnasio, tatamis, actividades individuais ou colectivas, actividades na natureza ou no mar, etc.

Toda a cidadanía pode participar nas actividades organizadas pola UDC grazas ao abono de deporte que permite o uso gratuíto das instalacións deportivas e descontos nas actividades de pagamento. Na epígrafe *Deporte* do ámbito *Estudantado* preséntase a relación de actividades deportivas organizadas na UDC.

Como actos puntuais destaca a celebración anual do Día do Deporte, o Premio do Deporte UDC, o Campionato Galego de Deportes e o Campus Mauro Silva, organizado coa colaboración de Radio Voz e dous xogadores do Real Club Deportivo da Coruña. Ademais, na oferta inclúese a organización do campamento multideportivo dirixido a nenos de entre 6 e 12 anos, que en 2011 contou con 129 pequenos usuarios; un 55,42% máis que o ano anterior.

10. COMPROMISO SOCIAL

A estrutura aberta da UDC e o potente compromiso social da comunidade universitaria facilita que todos os cidadáns poidan encontrar un espazo para a colaboración e apoio a programas sociais. Para iso dispoñen de tres liñas de traballo a través da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) e da Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI).

1. A Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

O traballo da OIX desenvólvese no campo da igualdade entre homes e mulleres, promovendo tanto actividades coma a transferencia dos resultados das investigacións na materia.

No **ámbito da formación**, a OIX organizou diferentes cursos e xornadas:

- “II Curso de Novos Feminismos: o traballo sexual dende unha perspectiva de xénero, no tempo da emerxencia da industria do sexo”.

- Xornadas “Migracións transnacionais: xénero, racismo e exclusión social”.
- Xornadas “As teorías de descolonialidade e de xénero interrogan a Foucault”.
- Xornadas “Muller e mercado laboral”.

E no **ámbito cultural**, dende a OIX desenvóléronse, entre outros, mesas redondas ou conferencias:

- Publicación do libro “Muller e enxeñería”.
- *Performance Compañía Gayo Pinheiro* “Área de descanso”, da plataforma Proxecto Cárcere 2011.
- Proxección do documental “Digna rabia”.
- Mesa redonda sobre “Política municipal dende unha perspectiva de xénero”.
- Conferencia de Fernanda Carrizo “Entre a arte política e a acción feminista: un percorrido dende a experiencia vivida”.

En paralelo, traballouse na elaboración do diagnóstico sobre o estado da igualdade de xénero na UDC. O obxectivo era discutir, redactar e aprobar un Plan de igualdade de oportunidades, así como o deseño de estratexias específicas para alcanzar o equilibrio de xénero nas diferentes titulacións baixo a supervisión do consello asesor na materia.

2. A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)

É o servizo encargado de xestionar, coordinar e promover os proxectos de voluntariado social e de cooperación ao desenvolvemento na UDC. No campo da cooperación ao desenvolvemento, a OCV colabora coas seguintes institucións:

- Ingeniería sin Fronteras-Galicia.
- Entidade Además.
- Coordinadora Galega das ONG de Desenvolvemento.
- InteRed Galicia.
- Comisión Española Universitaria de Relacións Internacionais (CEURI) da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE).
- Asociación de Axuda ao Drogodependente (ACLAD).

- Entreculturas.
- Médicos Sin Fronteras.
- Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM).
- Solidariedade Internacional Galicia.

Durante o ano 2011, os responsables da OCV tiveron presenza nas comisións correspondentes da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), e participaron activamente co Observatorio da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (OCUD).

No campo do voluntariado social, a OCV organizou diversos programas propios e aulas culturais, como:

- Programa de voluntariado no centro de acollida de menores de Bañobre.
- Programa de voluntariado nos barrios do Portiño e As Rañas.
- Programa de acompañamento e información a persoas sen fogar.
- Programa no hospital materno-infantil Teresa Herrera.
- Aula de español para estranxeiros e informática a nivel usuario para a poboación inmigrante.
- Aula de cultura no centro penitenciario de Teixeiro.
- Programa aula de informática para mulleres en risco de exclusión.
- Programa de apoio escolar a menores.

E programas en colaboración con outras entidades, entre os que podemos destacar:

- Programa de acompañamento de enfermos de cancro.
- Programa en colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (AFAL Ferrolterra).
- Dinamización do tempo de ocio no Centro de Atención ao Minusválido Físico (CAMF).
- Programa de voluntariado en colaboración co Fogar Santa Lucía para mulleres sen fogar.
- Programa de voluntariado en colaboración co Fogar dos Enfermos Pobres Sor Eusebia.
- Colaboración coa Residencia Geriatros, en Ferrol.



A OCV tamén colaborou con **outros servizos da UDC e outras institucións de educación:**

- Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), para o desenvolvemento de programas de voluntariado con persoas con minusvalidez.
- Servizo de Asesoramento e Promoción de Estudantes (SAPE), para o intercambio de información e tarefas de difusión.
- IUEE Salvador de Madariaga, para a organización do Posgrao de Cooperación Internacional e Xestión de ONG.
- Equipo de Socioloxía de Migracións Internacionais (ESOMI), que cede un espazo no máster de Migracións Internacionais para presentar novas iniciativas.
- Universidade de Vigo e Ingeniería sin Fronteras, para a impartición dunha conferencia sobre axuda oficial ao desenvolvemento, dentro do curso de extensión universitaria “Un Mundo Desigual”.
- Área de Cultura do campus de Ferrol para optimizar recursos e información.

- Facultades e escolas dos campus da Coruña e Ferrol para impartir en todas elas un ciclo de charlas de promoción de voluntariado.
- Participación no “XII Congreso Internacional de Literatura Contemporánea”, a través dunha mesa redonda en que se expuxeron os valores da cooperación internacional.

Como complemento estes programas, a OCV promoveu a formación continua en aspectos específicos como habilidades sociais, animacións hospitalarias, interculturalidade, etc.

3. A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI)

É un servizo dependente organicamente do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) que xestiona todas as cuestións dirixidas a apoiar persoas con minusvalidez. Na epígrafe *Compromiso social* do ámbito *Estudantado* preséntanse, en detalle, todas as actuacións desenvolvidas na materia.



11. ACTUACIÓN SOCIAL

A actuación social da UDC non está dirixida soamente aos membros da comunidade universitaria, senón que implica, por extensión, a toda a cidadanía. Para ver con máis detalle as actividades desenvolvidas neste ámbito, pódese consultar a epígrafe *Actuación social*, do ámbito *Estudantado*, *Persoal Docente e Investigador* e *Persoal de Administración e Servizos*.

12. XESTIÓN EFICIENTE

Unha universidade pública ten a responsabilidade de orientarse cara á satisfacción dos intereses e demandas da sociedade. Este compromiso implica, en definitiva, escoitar a sociedade e adaptarse ás súas tendencias, comprometerse cos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión, cooperar con outros axentes sociais motores do cambio e educar en valores, aptitudes e competencias os futuros profesionais e investigadores.

O Consello Social é un órgano universitario que garante a participación da sociedade no goberno da universidade. Este labor implica, en definitiva, contribuír a que a universidade se oriente, en particular, á consecución dos obxectivos citados. Os seus membros son representantes da voz da cidadanía, con independencia de que pertencen ou non á comunidade universitaria. O Consello Social é, xa que logo, a ponte de unión entre a sociedade galega e a Universidade.

A misión do Consello Social da UDC é impulsar a estratexia de desenvolvemento da UDC, favorecendo a súa interrelación coa sociedade, co fin de procurar unha mellor calidade da educación e da investigación universitarias e a súa eficaz transferencia e posta en valor polas empresas, de maneira que a UDC contribúa decisivamente no desenvolvemento económico, social e cultural do seu contorno.

Na Memoria anual 2011 do Consello Social da UDC recóllese información detallada sobre as actuacións levadas a cabo nese ano.

Unha información máis detallada sobre as súas actividades esta dispoñible na súa memoria anual. Na epígrafe *Xestión eficiente* do ámbito *Administración pública* preséntase en detalle a política de xestión da UDC.



EMPRESA

A empresa é un grupo de interese clave para a UDC en varios sentidos. Por un lado, é un dos ámbitos en que o estudiantado poñerá en práctica todos os coñecementos adquiridos durante a súa época formativa e, por outro lado, a empresa en por si tamén desempeña un importante papel na formación continua dos titulados da universidade.

A empresa é un motor da investigación, do desenvolvemento e da innovación, que progresan atendendo ás súas demandas e necesidades, requirindo transferencia de coñecementos. A UDC inflúe na formación dos profesionais, na súa escala de valores, na súa forma de interpretar o mundo e de comportarse nel, sendo o mundo empresarial un beneficiario principal desa capacitación.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A mellora da empregabilidade dos titulados é un obxectivo común á UDC e ao mundo empresarial. A especialización dos estudantes nunha concreta rama do saber, e a adquisición de habilidades e destrezas que o mercado laboral esixe, é unha preocupación que tanto a UDC coma o mundo empresarial comparten.

A UDC é consciente de que as traxectorias curriculares tradicionais xa non son suficientes para que os estudantes se enfronten, de forma eficiente, aos procesos

de inserción laboral. Por iso, desenvolve programas de orientación profesional e formación en competencias profesionais cos cales espera avanzar no obxectivo de mellorar a empregabilidade dos graduados.

As relacións entre a educación superior e o emprego constitúen, pois, unha cuestión de máximo interese. Neste sentido, no ano 2011 presentouse o informe “A inserción laboral dos graduados da UDC 2008/2009”² elaborado polo Observatorio Ocupacional e financiado polo Consello Social da UDC, no cal se analiza a satisfacción dos graduados coa formación recibida e cos procedementos de apoio da UDC á inserción laboral.

Do referido informe pódense destacar algúns datos que poñen en valor o esforzo docente da UDC:

- **O 69,90% dos estudantes valora como satisfactoria a elección da súa titulación.** É destacable que nos últimos anos, os graduados da UDC están máis satisfeitos que a media nacional determinada no Informe REFLEX coa titulación elixida³.
- **As titulacións cuxos graduados están máis satisfeitos coa súa elección son:** Ciencias da Educación: especialidade Educación Infantil, Diplomatura en Terapia Ocupacional, Diplomatura en Enfermaría, Ciencias da Educación: especialidade Audición e Linguaxe, Ciencias da Educación: especialidade Educación Primaria, e Diplomatura en Fisioterapia.
- **O 76,71% dos graduados preocupábase cada vez máis por completar a formación que recibiron ao longo da súa titulación.** Iso supón un incremento respecto ao curso académico anterior dun 5%.
- **As titulacións cuxos graduados demandan máis formación adicional son:** Licenciatura en Bioloxía, Licenciatura en Socioloxía, Licenciatura en Filoloxía Hispánica/Galega, Diplomatura en Educación Social, Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e Ciencias da Educación: especialidade Educación Infantil.
- **As titulacións cuxos graduados demandan menos formación son:** Enxeñaría de Camións Canles e Portos, Enxeñaría Técnica en Electrónica, Enxeñaría Técnica en Estruturas Mariñas, Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, Enxeñaría Técnica en Electricidade, e Enxeñaría Técnica en Obras Públicas.

Segundo o informe, os principais motivos polos que os estudantes elixen unha titulación ou outra son os seguintes:

- **O principal motivo de elección dunha titulación é a vocación, co 61,43%,** e o segundo motivo son as saídas profesionais cun 23,99%.

- **As titulacións máis vocacionais respecto á elección de titulación son:** Arquitectura, Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias da Educación: especialidade Educación Infantil, Licenciatura en Bioloxía, Ciencias da Educación: especialidade Educación Primaria, e Diplomatura en Educación Social.
- **O motivo saídas profesionais sinálase coas porcentaxes máximas nas seguintes titulacións:** Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Enxeñaría Técnica en Electricidade, Diplomatura en Ciencias Empresariais, Enxeñaría Técnica en Electrónica, Licenciatura en Economía e Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión.

2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

Aspecto fundamental demandado polo sector empresarial, para o cal a UDC desenvolve as seguintes liñas de acción:

1. Emprego e emprendemento

a) O Observatorio Ocupacional

A inserción laboral dos graduados

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, establece no punto 9.4 do anexo I a exigencia de que as universidades leven a cabo “procedementos de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida”. O obxectivo deste precepto era, non só mellorar a calidade no ensino superior dende o punto de vista do estudante que finaliza os seus estudos e comeza a súa andaina profesional, senón tamén proporcionar información precisa e comparable que permita medir o grao de axuste ou desaxuste existente entre a media de calidade dentro do Espazo Europeo de Educación Superior e a calculada polas universidades.

Para o cumprimento deste obxectivo, a UDC creou o Observatorio Ocupacional, como unidade á cal se lle encomenda o labor de análise da inserción laboral dos



graduados universitarios e a corrección dos desaxustes que se poidan detectar durante este proceso.

O Observatorio Ocupacional elabora dous tipos de documentos ao final de cada curso académico. Un deles é un resumo cos datos máis relevantes do estudo de inserción laboral para ser presentado ante a cidadanía. O segundo é un documento para o equipo reitoral e os decanos, en que se especifica a totalidade dos datos, e que serve de referencia estatística para avaliar a rendibilidade de cada unha das titulacións impartidas.

No informe “A inserción laboral dos graduados da UDC 2008/2009”⁴ participaron 300 empresarios e 1.703 graduados.

Merecen ser destacados os seguintes resultados, apuntados no informe elaborado polo Observatorio Ocupacional, con respecto á inserción laboral:

- **A taxa de graduados descendeu respecto ao informe anterior en 1,01 puntos, situándose no 85,82%. Esta taxa é case dous puntos e medio superior á media obtida para as universidades españolas (83,40%).** Ao analizar a taxa por xénero, móstranse diferenzas próximas ao 6%.
- **As titulacións con maiores taxas de actividade son:** Arquitectura, Diplomatura en Enfermaría, Enxeñaría de Camións, Canles e Portos, Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Enxeñaría Informática e Licenciatura en Economía.
- **As titulacións con maiores taxas de ocupación son:** Diplomatura de Fisioterapia, Enxeñaría de Camións, Canles e Portos, Enxeñaría Informática, Arquitectura Técnica en Execución de Obras, Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión e Enxeñaría Técnica de Obras Públicas.

- Unha das dinámicas propias de épocas de recesión económica respecto á conduta dos traballadores é que aceptan o traballo que conseguiron e renuncian á busca dunha nova ocupación, ao seren coñecedores das elevadas taxas de desemprego existentes na economía. **Os graduados que se encontran traballando reduciron a súa busca de emprego ata o 28,02%, fronte ao 29,38% do informe anterior.**

- **As titulacións cuxos graduados buscan emprego máis activamente son:** Licenciatura en Bioloxía, Licenciatura en Comunicación Audiovisual, Enxeñaría Técnica en Propulsión e Servizos, Licenciatura en Documentación, Ciencias da Educación: especialidade Educación Infantil e Diplomatura en Educación Social.

- **Os métodos de busca de emprego máis utilizados polos graduados son:** as redes informais, o envío de currículo, internet, anuncios, axencias de colocación e oposicións.

- **As titulacións cuxos graduados son máis emprendedores son:** Arquitectura, Diplomatura en Podo-loxía, Licenciatura en Dereito, e Arquitectura Técnica en Execución de Obras. Entre os motivos para establecerse por conta propia incrementábase a influencia dos servizos de orientación ao emprendedor.

Merecen ser destacados os seguintes resultados, apuntados no informe elaborado polo Observatorio Ocupacional, con respecto aos diferentes aspectos do traballo (sectores de ocupación, posto de traballo desempeñado e modalidade contractual):

- **Os graduados traballan maioritariamente como directivos ou técnicos e, en menor porcentaxe, como mandos intermedios ou empregados.**

² <http://www.observatorio.udc.es/insercion0809.pdf>

³ O Informe REFLEX foi publicado no ano 2008 pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), como unha iniciativa inserida no VI Programa Marco da Unión Europea Unha macroenquisa elaborada pola ANECA, a través da cal se analizou a inserción laboral dos titulados superiores de 48 universidades.

⁴ <http://www.observatorio.udc.es/insercion0809.pdf>

- No último emprego declarado, **a modalidade contractual máis significativa son os contratos temporais cun 34,27% e os contratos indefinidos cun 21,67%**. Os contratos por obra e servizo, en prácticas e bolseiros teñen unha menor incidencia. É moi importante destacar que o número de novos graduados sen contrato se reduce con respecto ao curso académico anterior. A dinámica laboral dende o primeiro emprego ata o último indica un aumento dos contratos indefinidos, por obra e servizo, e temporais. Non obstante, redúcense os contratos - bolseiros, e as situacións de sen contrato.
- Os salarios máis elevados corresponden ás titulacións de ciclo longo, que presentan un incremento respecto ás de ciclo curto do 6,64%.**
- As titulacións con maior soldo mensual declarado son:** Enxeñaría Naval e Oceánica (1.530,00 €), Enxeñaría de Camións, Canles e Portos (1.433,00 €), Enxeñaría Técnica en Estruturas Mariñas (1.368,00 €), Diplomatura/Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo (1.268,00 €), Diplomatura en Podoloxía (1.250,00 €), e Enxeñaría en Informática (1.250,00 €).
- Obsérvase unha lixeira tendencia a mellorar o salario a medida que aumenta a responsabilidade no posto de traballo.**
- Os sectores de actividade que retribúen os graduados por enriba da media son:** Administración pública (educación), investigación (sector privado), sector enerxético, xeración e enerxías renovables, Administración pública (outros sectores), sector naval, e Administración pública (sanidade).

A análise de competencias dos graduados

No ano 2009, o Consello Social da UDC promoveu e financiou a publicación do primeiro “Estudo de competencias profesionais dos universitarios” do Observatorio Ocupacional, cunha grande acollida entre a comunidade científica, nacional e internacional. Os motivos foron a súa utilidade para favorecer a reflexión entre aqueles que están chamados a tomar decisións de importancia no marco universitario. Ese estudo constitúo o xerme de importantes iniciativas de formación en competencias profesionais e emprendemento, como “Laboralia” e “Escola de Emprendedores”, promovidos polo Consello Social da UDC e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC).

No ano 2011, e tras a utilidade contrastada do primeiro informe, promovido e financiado polo Consello Social e polo grupo MEGASA⁵, publicouse o “Estudo sobre competencias específicas nas ensinanzas tecnolóxicas da UDC”⁶. Na súa elaboración contou coa participación de 300 empresarios e de 1.703 graduados.

Este estudo permite á sociedade valorar os graduados pertencentes ao ámbito científico-técnico sobre o nivel de formación en competencias específicas adquirido durante os seus anos de formación regulada, e permite ao sector empresarial opinar sobre a adecuación destas competencias ás necesidades do mercado laboral.

O mercado laboral actual é moi diferente do da era industrial xa que, salvo excepcións, as profesións xa non están tan claramente definidas e a multidisciplinariedade é unha necesidade crecente nos postos de traballo. Por iso, a través deste tipo de ferramentas, a UDC pretende corrixir a solución aos problemas de exceso e indefinición da oferta de man de obra a través dunha mellor delimitación e estudo das competencias que os traballadores deben ter para enfrontarse ao mercado.

Outras actuacións destacadas do Observatorio Ocupacional son:

- O informe “Impacto no emprego do Porto Exterior da Coruña”, desenvolvido no marco dun convenio de colaboración asinado co Concello da Coruña. Posteriormente, o Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello da Coruña utilizou os seus resultados como ferramenta de apoio á inserción laboral no sector portuario.
- No marco dun convenio de colaboración asinado co Colexio de Economistas da Coruña, publicáronse catro barómetros sobre actualidade económica, que contan coa opinión dos economistas colexiados e antigos estudantes da UDC.
- Afondouse na internacionalización do servizo coa publicación de artigos na prensa científica internacional (JCR e Scopus), a presentación de relatorios en importantes foros sobre economía da educación (Plymouth, Santiago de Chile, Bonn), e a publicación de dúas teses de doutoramento de estudantes de México e Panamá.
- A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) concedeu un proxecto de colaboración coa Universidade de Panamá.
- Recibiuse a visita da Dirección Técnica do Servizo Público de Emprego Estatal coa intención de colaborar na elaboración nun estudo experto sobre emprego e profesións con máis futuro.

b) O viveiro de empresas de base tecnolóxica

É un servizo que depende organicamente da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) e cuxo obxectivo é apoiar as actividades de emprede-

mento da comunidade universitaria, a través de asesoramento empresarial e da organización de xornadas para o intercambio de experiencias entre todas as empresas creadas no viveiro.

No ano 2011, o Viveiro desenvolveu as seguintes actuacións:

- Posta en marcha do novo regulamento para a creación de empresas.
- Aprobación da creación da empresa *Syntheractive*, recoñecida como empresa de base tecnolóxica participada pola UDC.
- Participación da OTRI no programa Empresa-concepto, desenvolvido polas tres universidades galegas e o CSIC, para o fomento das spin-off.
- Participación no Comité de Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT) da Xunta de Galicia, encamiñado a fomentar e incrementar os sistemas de apoio á creación de novas empresas de base tecnolóxica.

Na seguinte táboa móstrase a evolución do número de proxectos do programa de Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica nos últimos anos, 2009 -2011.

Evolución do número de proxectos do programa Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT)

	2009	2010	2011
Proxectos susceptibles de cualificación IEBT	7	9	7
Proxectos cualificados como IEBT	2	9	5

Táboa 80. Evolución do número de proxectos do programa Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica, 2009 -2011.

c) A Feira de Educación

No marco da “Feira de Educación” celebrada no campus de Elviña déronse cita expertos nacionais e europeos para debater os retos na materia. Destacouse con preocupación o gran fluxo de persoas que, por mor da crise e da dificultade para encontrar un emprego, volven ás aulas para recuperar o tempo perdido e para dotarse dunha formación a que renunciaron nos anos de crece-

mento económico. Neste sentido, o número de adultos que retomaron os seus estudos na UDC aumentou nun 36% nos dous últimos anos.

d) O Portal de Emprego

É unha ferramenta de busca de emprego, dependente organicamente do Servizo de Apoio ao Emprendemento e Emprego (SAEE), que permite ás empresas que asinasen un convenio de colaboración rexistrar as súas ofertas de emprego e consultar os perfís dos estudantes inscritos nel.

Desta forma, a UDC axiliza os procesos de selección das empresas colaboradoras. A evolución dos resultados do portal de emprego dos últimos tres anos, 2009-2011 pode ser consultado na epígrafe *Transferencia do coñecemento e investigación* do ámbito *Estudantado*.

2. Investigación e medios tecnolóxicos

a) A Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

O labor dos investigadores da UDC estase a desenvolver a un ritmo crecente, como mostra a crecente demanda de patentes, incrementada nun 50%. A OTRI tramitou 104 solicitudes de patentes nacionais e outras 4 en Estados Unidos, das que se concederon un total de 71 dende 2002. Nove anos despois, xa son 11 as empresas baseadas en resultados e con participación de expertos da UDC.

O sector das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) xunto con outros como a enxeñaría industrial, a enxeñaría civil, a biotecnoloxía ou a medicina, copan a maioría das licenzas. Son áreas de grande aplicación industrial que están en constante evolución e, por iso, os estudos diríxense a estes campos. Este carácter tecnolóxico da UDC é o que explica que xa se realizasen 78 rexistros de software.

A maioría dos descubrimentos protexidos son resultado de proxectos financiados mediante convocatorias públicas, e xestionados por recursos humanos e técnicos da UDC.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos principais datos de patentes e rexistros de software nos últimos anos, 2009 -2011:

5 O grupo MEGASA patrocinou este estudo, o que representa un exemplo prototípico de colaboración universidade - empresa.
6 <http://www.observatorio.udc.es/dr2/drupal-.19/sites/default/files/libro%20estudo%20competencias%20UDC%20DEFINITIVO.pdf>



Evolución dos principais datos de patentes e rexistros de software

	2009	2010	2011
Patentes concedidas	-	7	13
Patentes tramitadas nacionais	8	7	8
Patentes tramitadas internacionais	0	1	6
Modelos de utilidade	0	1	1
Rexistros de software tramitados	-	14	18
Acordos de licenza con empresas para explotación de patentes e rexistros de software	-	-	5

Táboa 81. Evolución dos principais datos de patentes e rexistros de software, 2009 -2011.

Apoio a proxectos europeos

- Asesoramento nas xustificacións periódicas e finais das auditorías externas dos 15 proxectos de investigación en vigor en 2011.
- Asesoramento continuo e apoio na presentación de 29 novas solicitudes aos programas Interreg IV, o VII

Programa Marco e outros programas europeos de I+D. Destas solicitudes, concedeuse financiamento para 3 proxectos, e están pendentes de avaliación outras 10 solicitudes.

- Organización de 2 xornadas de formación dirixidas a toda a comunidade universitaria sobre os programas europeos de axudas a I+D.
- Participación no programa *Erasmus - Lifelong Learning Program* coa acollida de tres técnicos en proxectos europeos da Universidade de Masaryk.
- Distribución focalizada de información aos grupos de investigación sobre convocatorias abertas, cursos, xornadas e seminarios, e xestión de consultas sobre temas de I+D europea e posibilidades de participación en programas diversos.
- Redacción de boletíns informativos sobre a investigación e a innovación na Unión Europea.

Actuacións de valorización e transferencia de tecnoloxía

- Mantivéronse contactos e colaboracións con empresas e organizacións relacionadas coa transferencia de tecnoloxía, co fin de coñecer as súas necesidades e buscar colaboracións concretas, e darlles a coñecer as liñas de investigación e os resultados dos grupos de investigación da UDC.
- Os técnicos da OTRI traballaron con 30 tecnoloxías desenvolvidas por 22 grupos de investigación da

UDC co fin de valorizalas e conseguir a súa transferencia ao ámbito socioeconómico. Como resultado, chegouse a cinco acordos de licenza de tecnoloxías a empresas, á creación dunha empresa de base tecnolóxica participada pola UDC, ao estudo de viabilidade doutras cinco iniciativas empresariais que están en marcha, a dous proxectos financiados pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, e outras colaboracións menores.

“Plan Estratéxico de Transferencia da UDC” para o impulso de diferentes áreas da OTRI e vixencia ata o 31 de marzo de 2014.

- Proxecto Incuba.t.net. A OTRI participou neste programa financiado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, co obxecto de crear unha rede galega de incubadoras de base tecnolóxica.

b) O Parque Tecnolóxico

O Parque Tecnolóxico está formado polos seguintes centros tecnolóxicos: o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITECC), o Centro de Investigación Tecnolóxica (CIT) e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC).

1.- O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) nace dunha iniciativa da UDC, co financiamento da Xunta de Galicia e con fondos FEDER. O CITEEC está situado no campus de Elviña e o seu obxectivo é mellorar a investigación e o estudo no ámbito da

Outras actuacións da OTRI

- Programa INNIDE de apoio ás OTRIs. A través desta convocatoria concedeuse no ano 2010 o proxecto



construción, na rama da edificación e enxeñaría civil, dende a óptica da análise experimental.

No ano 2011, as principais actuacións desenvolvidas polo CITEEC foron:

- Renovación da Certificación ISO 9001:2000.
- Fomento da investigación de base, a través da realización de estudos que amplíen o coñecemento nos campos da enxeñaría civil.
- Participación en materias impartidas no Centro, como “Técnicas experimentais en calidade e tratamento da auga” e “Técnicas experimentais en hidráulica”.
- Programa de doutoramento en Enxeñaría Civil.
- Soporte para a realización de proxectos de investigación en colaboración con empresas (investigación aplicada).

- Apoio ao desenvolvemento de proxectos de investigación co financiamento público, tanto con fondos estatais (Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte, e Ministerio de Ciencia e Innovación) coma autonómicos (Consellería de Innovación e Industria, e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
- Asesoría a empresas e entidades destacadas a través de convenios xestionados pola Sociedade Xestora CITEEC, FICGA, FUAC, FEUGA: Sogama, Enmacosa, Aquática Ingeniería Civil SL, Marina System Ibérica SL, Hidroscivil, Industria Diseño Textil SA -INDITEX, UTE Langosteira, EPTISA Servicios de Ingeniería SL, EMALCSA, Emesa Trefilería, SA, Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), Infraestructura y Ecología, SL, Ingeniería Trazados Estructuras, INTRAESA, e Arias Hermanos Construcciones, SA, entre outras.

A evolución dos resultados da xestión do CITEEC dos últimos anos, 2009 -2011 móstrase na seguinte táboa:

Evolución dos principais indicadores do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)

	2009	2010	2011
Integrantes dos grupos de investigación¹	79	77	77
Investigadores contratados con cargo a proxectos	17	18	16
Técnicos especialistas	6	6	6
Nº de proxectos e convenios	30	31	37
Contratos e convenios con empresas	13	13	21
Proxectos activos durante o ano	17	17	16
Orzamento total²	1.428.180,31 €	816.395,56 €	1.377.038,49 €
Nº de convenios tramitados pola FICG con execución en laboratorios do CITEEC		12	
Financiamento Xestora CITEEC S. L. (€)	61.289,88 €	45.372,93 €	

¹(Composición segundo o Catálogo de investigación da UDC en data 9/03/2012)

²(Cantidade onde se suman os importes totais dos proxectos de investigación e dos convenios con empresas)

Táboa 82. Evolución dos resultados do CITEEC, 2009 -2011.

2.- O Centro de Investigación Tecnolóxica (CIT), situado no campus de Esteiro, está composto por seis laboratorios. Os campos de servizo do CIT son a investigación aplicada, o desenvolvemento tecnolóxico e o deseño, a fabricación de prototipos (asesoramento e consultoría tecnolóxica), e os servizos técnicos como ensaios, análise e control da calidade de produtos.

No ano 2011, as principais actuacións desenvolvidas polo CIT foron:

- Renovación da certificación ISO 9001:2008.
- Realización de análise e ensaios sobre combustibles.

- Realización de proxectos de investigación na área de química.
- Realización de análise e ensaios químicos para tres dos laboratorios do CIT (Laboratorio de Plásticos, Laboratorio de Química e Laboratorio de Combustibles).
- O Laboratorio de Combustibles conseguiu ampliar o espectro de ensaios incluídos no alcance da súa acreditación baixo a Norma UNE-NISO 17025, incluíndo catro novas probas.

A evolución dos resultados da xestión do CIT dos últimos anos, 2009 -2011, móstrase na seguinte táboa:

Evolución dos principais indicadores do Centro de Investigación Tecnolóxica (CIT)

	2009	2010	2011
Integrantes dos grupos de investigación	102	92	92
Investigadores contratados con cargo a proxectos	34	42	47
Técnicos especialistas	6	5	5
Contratos de asistencia técnica realizados con empresas ou organismos públicos	43	45	45
Empresas coas que se traballou	44	37	42
Proxectos activos durante o ano	45	36	31
Artigos publicados en revistas recollidas no SCI			32
Orzamento total	1.496.039,50 €	1.118.972,23 €	1.579.710 €

Táboa 83. Evolución dos resultados do CIT, 2009 -2011.

3.- O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns (CITIC) fomenta a transferencia do coñecemento no campo das TIC á cidadanía como vehículo para mellorar as prácticas relacionadas co desenvolvemento e a aplicación do software, así como a innovación en produtos e servizos para a Sociedade da Información. Está situado no campus de Elviña.

No ano 2011, as principais actuacións desenvolvidas polo CITIC foron:

- Consolidación da súa estrutura interna e, en particular, a Oficina de Proxectos e Aseguramento da Calidade, a Unidade de Promoción Tecnolóxica e a Oficina de Xestión Económica e Administrativa.
- Superación dos procesos de certificación polas normas ISO 9001:2008 e UNE 166002:2006, estendéndose o alcance desta última certificación a outras áreas tecnolóxicas.

A evolución dos resultados da xestión do CITIC dos últimos tres anos, 2009 -2011, móstrase na seguinte táboa:

Evolución dos principais indicadores do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC)

	2009	2010	2011
Integrantes dos grupos de investigación ¹	103	106	132
Investigadores contratados con cargo a proxectos ²	5	14	18
Técnicos especialistas	3	3	3
Contratos novos con empresas ³	12	12 + 22 (nuevos)	20
Proxectos con financiamento público	2	2	0
Proxectos activos durante o ano ³	2	34	31
Financiamento captado no ano 2011 ³	782.078,31 €	1.177.125,52 €	413.963,93 €

1 Datos actualizados en 31/12/2011 tras a incorporación de tres novos grupos ao centro

2 Número medio de contratos xestionados directamente pola Sociedade Xestora do CITIC

3 Só se inclúen os datos dos convenios e proxectos xestionados pola Sociedade Xestora do CITIC, e non se inclúen os proxectos e convenios xestionados directamente polos grupos de investigación na UDC

Táboa 84. Evolución dos resultados do CITIC, 2009 -2011.

O 91,30% dos ingresos do CITIC no ano 2011 (377.964 €) procederon de contratos privados, mentres o 8,70% (36.000 €) correspondeu a axudas públicas competitivas. No cómputo non se inclúen axudas de infraestruturas

nin os proxectos que os grupos de investigación do CITIC xestionan directamente coa UDC, como se mostra na seguinte táboa:

Evolución da procedencia do financiamento do CITIC

	2009	2010	2011
Contratación pública	425.978,35 €	651.120,30 €	36.000 €
Proxectos públicos	175.978,35 €	225.774,92 €	36.000 €
Agrupacións estratéxicas	250.000 €	250.000 €	0 €
Administracións públicas	0 €	175.345,38 €	0 €
Contratación privada	356.099,96 €	526.035,22 €	377.963,93 €
Total	782.078,31 €	1.177.125,52 €	413.963,93 €

Táboa 85. Evolución da procedencia do financiamento do CITIC, 2009 -2011.

4.- A evolución do importe total de recursos externos obtidos para investigación nos últimos anos, 2009 -2011, móstrase na seguinte táboa:

Evolución do importe total de recursos externos obtidos para investigación

	2009			2010			2011		
	IMPORTE	Nº	%	IMPORTE	Nº	%	IMPORTE	Nº	%
Proxectos competitivos	5.400.229 €	80	44,78%	6.765.812 €	103	50,73%	3.739.070 €	44	42,07%
"Proxectos competitivos autonómicos"	1.776.514 €	29		2.706.934 €	51		1.296.000 €	8	
Proxectos competitivos estatais	3.127.546 €	48		2.977.373 €	43		2.080.974 €	33	
Proxectos competitivos europeos"	496.169 €	3		1.081.505 €	9		362.096 €	3*	
Convenios / Contratos	6.657.629 €	248	55,22%	6.571.332 €	278	49,27%	5.147.697 €	254	57,93%
UDC	2.208.340 €	43		1.871.832 €	57		1.385.313 €	49	
Fundación UDC	2.327.873 €	112		2.041.024 €	104		2.096.327 €	98	
FEUGA	423.925 €	16		361.212 €	23		323.614 €	16	
Fundación Ingeniería Civil	867.716 €	25		1.012.451 €	36		8535.51 €	30	
Fundación Río do Pozo	76.685 €	4		0 €	0		0 €	0	
Sociedade Xestora do CIT	103.386 €	26		104.132 €	18		74.342 €	34	
Sociedade Xestora do CITEEC	61.290 €	8		45.373 €	18		586 €	7	
Sociedade Xestora do CITIC	588.414 €	14		1.135.308 €	22		413.964 €	20	
Total	12.057.858 €	328	100%	13.337.144 €	381	100%	8886767	298	100%

*7 proxectos pendentes de resolución

Táboa 86. Evolución do importe total de recursos externos obtidos para investigación, 2009 -2011.

c) O Servizo de Apoio á Investigación (SAI)

É un servizo que depende organicamente da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, e cuxas funcións son as seguintes:

- Soporte técnico e administrativo da comisión de investigación.
- Comunicación cos diferentes organismos financeiros.
- Xustificación ante entidades públicas dos gastos executados con cargo a subvencións e proxectos.
- Xestión e seguimento das convocatorias da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
- Xestión e seguimento das convocatorias de bolsas propias de investigación e contratacións laborais derivadas de proxectos e contratos de investigación.
- Xestión da produción científica de grupos de investigación, departamentos e institutos.

O SAI suma un total de 9 laboratorios (coas súas correspondentes dotacións e equipamentos) á oferta de servizos analíticos da UDC.

No ano 2011, as principais actuacións desenvolvidas polo SAI foron:

- O laboratorio de augas.
- Ampliación da oferta do laboratorio de análise estrutural grazas á adquisición de novos medios técnicos.

- Renovación da certificación baixo a Norma UNE-NISO 9001:2008 para a realización de análises físico-químicas e biolóxicas.
- Ampliación do alcance da acreditación de análise de dioxinas e PCB's baixo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Na seguinte táboa móstrase a evolución das mostras analizadas, segundo o tipo de usuario nos últimos anos 2009 a 2011:

Evolución das mostras analizadas, segundo o tipo de usuario

	2009	2010	2011
Usuario Tipo A - UDC	54%	69%	76%
Usuario Tipo B - Sector público	22%	3%	22%
Usuario Tipo C - Sector privado	24%	28%	2%

Táboa 87. Evolución das mostras analizadas segundo o tipo de usuario, 2009-2011.

Na seguinte táboa móstrase a evolución da facturación, segundo o tipo de usuario nos últimos anos 2009 a 2011:

Evolución da facturación, segundo o tipo de usuario

	2009		2010		2011	
	IMPORTE	%	IMPORTE	%	IMPORTE	%
Usuario Tipo A - UDC	223.316,97 €	44%	197.760,12 €	43%	159.608,70 €	39%
Usuario Tipo B - Sector público	152.261,57 €	30%	170.170,84 €	37%	155.516,17 €	38%
Usuario Tipo C - Sector privado	131.960,03 €	26%	91.990,24 €	20%	94.128,21 €	23%
Total	507.538,58 €	100%	459.921,20 €	100%	409.253,09 €	100%

Táboa 88. Evolución da facturación segundo o tipo de usuario, 2009-2011.



d) A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC)

A FUAC centra a súa actividade nos campos da cultura emprendedora e da cultura innovadora, a través do Servizo Universidade - Empresa e Administración Xeral, e da Unidade de Fomento e Innovación e Cooperación Internacional.

No ano 2011, as principais actuacións desenvolvidas polo Servizo Universidade - Empresa e Administración Xeral foron:

- Xestión delegada da formación non regulada de programas de máster, cursos de posgrao, de especialización e xornadas técnicas. Xestionáronse un total de 31 posgraos.
- Xestión económica e administrativa do Centro de idiomas e da Universidade Sénior.
- Colaboración coa Rede Amiga da UDC, iniciativa de comunicación e achegamento da UDC á cidadanía, promovida polo Consello Social.
- Xestión delegada de contratos de investigación ou asistencia técnica, con cargo ao artigo 83 da LOU⁷. Os resultados móstranse na seguinte táboa:

2011	Nº	IMPORTE
Asistencia técnica	64	597.206,03 €
Proxectos de investigación	26	1.335.446,42 €
Convenios e acordos de colaboración	8	163.674,16 €
Entidades públicas	17	229.173,54 €
Entidades privadas	66	1.598.162,92 €
Asociacións, fundacións e outros	15	268.990,15 €
Total	196	4.192.653,22 €

Táboa 89. Xestión delegada de contratos de investigación ou asistencia técnica, 2011.

- Organización e xestión de congresos, seminarios, etc., cuxos resultados se mostran na seguinte táboa:

2011	Nº
Xornadas e conferencias	18
Xornadas e cursos con empresas	4
Congresos nacionais e internacionais	15
Total	37

Táboa 90. Organización e/ou xestión de congresos, seminarios, etc., 2011.

- Posta en marcha das novas canles de comunicación 2.0 da FUAC, a través dunha estratexia dixital, que comprende a creación dun blog corporativo e dinámico, e o correspondente posicionamento nas principais redes sociais.

A Unidade de Fomento e Innovación e Cooperación Internacional xestiona proxectos encamiñados a difundir as capacidades dos grupos de investigación da UDC, a detectar e resolver as necesidades do ámbito produtivo, a comercializar os resultados de investigación, a promover a cooperación e internacionalización das Peme e a favorecer a creación de novas empresas, entre outros.

7 Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, <http://www.boe.es/boe/dias/2007/04/13/pdfs/A16241-16260.pdf>



No ano 2011, esta unidade xestionou os seguintes programas:

Programas xestionados pola Unidade de Fomento e Innovación e Cooperación Internacional

PROGRAMA	ACRÓNIMO	ENTIDADE DE FINANCIAMENTO	OBXECTO
Rede Transrexional Universidade-Empresa para a Organización do Mercado da Innovación e o Coñecemento no SUDOE	REDOMIC	INTERREG IV B SUDOE	Promoción da innovación e a economía do coñecemento en rexións SUDOE por medio da introdución de elementos de organización do mercado entre a universidade e a empresa.
Programa DISNEY-TC3		Entidades responsables: UDC, Tompkins Cortland Community College - The State University of New York e Walt Disney World (WDW). Entidade executora: FUAC.	Curso de 15 créditos que inclúe prácticas profesionais pagadas en Walt Disney World (WDW), Orlando, Florida.
Apoio integral a actores clave do sistema dominicano de innovación para promover o desenvolvemento da República Dominicana baseado na economía do coñecemento	SINNDOTEC	Xunta de Galicia Socio principal: FUAC	Promoción da innovación e a economía do coñecemento para o desenvolvemento da República Dominicana, de maneira que alcance maiores cotas de prosperidade económica e benestar social con base nas actividades de I+D+i.
Diseminación e redes de coñecemento da área atlántica (continúa en 2012)	KNETWORK	Comisión Europea. CE	Creación dunha rede sustentable de intercambio e difusión do coñecemento no espazo Atlántico, co fin de promover o intercambio de boas prácticas na aplicación de estratexias para a Sociedade da Información e o coñecemento.
Bases para a construción dun sistema de innovación transrexional no SUDOE, fundamentado na creatividade para a innovación das empresas, con apoio das universidades, administracións públicas e contorno social das rexións participantes (continúa en 2012)	CREATINN	Comisión Europea. CE	Contribución á creación de riqueza mediante o lanzamento dun instrumento de apoio sistemático á competitividade das empresas en sectores estratéxicos das rexións SUDOE participantes, sobre a base da creatividade e a innovación.

Táboa 91. Programas xestionados pola Unidade de Fomento e Innovación e Cooperación Internacional, 2011.

e) O Comité de Ética (CE)

A CE vela polo cumprimento das boas prácticas na realización das actividades vinculadas á investigación, sobre todo no campo dos dereitos fundamentais das persoas, o benestar dos animais e os intereses vinculados á defensa e á protección do ambiente.

A CE reuniuse en seis ocasións durante o ano 2011. Emíttíronse 16 informes e ditames, con relación á execución de proxectos de investigación e aos aspectos éticos dos estudos enmarcados en teses doutorais e traballos de investigación.

f) Os Premios de Investigación

No ano 2011 convocouse a VII edición dos Premios de Investigación da UDC, en colaboración co Concello de Ferrol. Os galardoados foron:

- VII Premio de Investigación “Antonio Usero” ao traballo titulado “Modulación farmacolóxica do intercambiador sodio-calcio mitocondrial: Unha nova estratexia para tratar a enfermidade de Alzheimer”, cuxo investigador principal é Antonio García García.
- VII Premio de Investigación “Enxeñeiro Comerma” ao traballo titulado “Estudo teórico-experimental dun motor termo-hidráulico de pistón libre”, do investigador Bruno Barciela Díaz-Blanco.

g) Os Institutos Universitarios de Investigación

O obxectivo dos Institutos Universitarios de Investigación é promover e desenvolver o coñecemento e a investigación científica e técnica no campo do saber que a cada un corresponde. Son os seguintes:

- O Instituto de Estudos Europeos Salvador de Madaíria.
- O Instituto de Xeoloxía Isidro Parga Pondal.
- O Instituto de Ciencias da Saúde.
- O Instituto de Medio Ambiente.
- O Instituto de Estudos Marítimos.
- O Instituto de Estudos Irlandeses Amergin.

Na epígrafe *Transferencia do coñecemento e investigación do ámbito Persoal Docente e Investigador* preséntase a actividade de cada un destes institutos.

h) As cátedras Universidade - Empresa

As cátedras universidade-empresa son un modelo de cooperación entre o mundo da educación superior e a empresa. É un modelo que xorde ante a necesidade de xerar coñecemento científico e tecnolóxico e de transferilo ao sector produtivo. Desta forma, a actividade de investigación formulada adáptase ás necesidades da entidade coa que a universidade asinase un convenio de colaboración para a creación da cátedra.

As cátedras Universidade - Empresa constitúen a mellor opción para fomentar unha relación duradeira entre entidades, baixo un obxectivo en común: a cooperación no desenvolvemento socioeconómico do ámbito de ambas as entidades e a redundancia diso no beneficio da estratexia de ambas as dúas.

A UDC contaba, no ano 2011, con cinco cátedras Universidade-Empresa:

- A Cátedra Bioibérica SA. O seu obxecto é a realización e difusión de traballos de investigación sobre enxeñaría tisular e a nivel de cartilaxe articular (área da patoloxía osteoarticular).
- A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social. Esta Cátedra foi promovida en execución do acordo de colaboración asinado pola UDC e por Inditex S.A. no ano 2010. O principal obxectivo desta Cátedra é fomentar a formación permanente, a investigación aplicada e a transferencia de resultados en materia de responsabilidade social, prestando especial atención aos obxectivos de internacionalización e fomento das competencias dixitais asumidos pola nosa universidade. A Cátedra impulsa e dá cobertura a diversos proxectos. De entre os obxectivos



alcanzados desde o ano 2011, resulta obrigado destacar a publicación da primeira Memoria de Responsabilidade Social da UDC, o lanzamento do Curso de Posgrao en Responsabilidade Social da UDC e a posta en marcha do Ciclo de Conferencias “En Código Aberto”. A Cátedra presta cobertura científica ás coleccións do Consello Social da UDC en materia de RSC/RSU, innovación e transferencia de coñecemento.

- A Cátedra da Fundación Caixa Galicia. O seu obxecto é a divulgación e a promoción da cultura emprendedora, no marco da relación da UDC coas empresas e institucións do ámbito.
- A Cátedra da Empresa Familiar. O seu obxecto é o desenvolvemento dunha materia docente de carácter económico, sobre o modelo de empresa familiar.
- A Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Española da Universidade de Dhaka. Esta Cátedra nace no ano 2011 do acordo subscrito por Inditex, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Dhaka para promover a lingua e cultura españolas entre a comunidade bangladeshí. Durante o ano 2011 impartíronse clases de español como lingua estranxeira a un total de 123 estudantes e organizáronse obradoiros complementarios para 116 estudantes nas instalacións do campus da Universidade de Dhaka.

i) Premio Confianza UDC

A UDC aposta decididamente polo fomento da colaboración entre a Universidade e o sector produtivo institucional. Para contribuír á consecución deste obxectivo, o Consello Social da UDC recoñece publicamente, a través do Premio Confianza UDC, as empresas e institucións que confían na institución universitaria e apostan pola colaboración coa UDC como vía para avanzar cara á meta do progreso.

3. INTERNACIONALIZACIÓN

A situación económica que se vén vivindo nestes últimos anos provocou que unha alta porcentaxe das empresas do tecido produtivo galego e español se visen na obriga de ter que exportar os seus servizos. Esta apertura de mercado, por outra parte moi positiva dado o seu carácter global, demanda que as empresas exijan aos

seus empregados coñecementos nun segundo e nun terceiro idioma.

No informe elaborado polo Observatorio Ocupacional e financiado polo Consello Social “A inserción laboral dos graduados da UDC 2008/2009” analizouse o nivel de coñecemento de idiomas declarado polos graduados, e concluíuse que:

- O nivel de galego dos graduados mellora, mentres que empeora lixeiramente no resto dos idiomas.
- Observouse que o nivel de inglés inflúe positivamente á hora de ocupar traballos con responsabilidade.

Para fomentar o manexo doutras linguas por parte dos estudantes da UDC, a universidade conta con numerosos programas de intercambio para estudantes con outros países (bolsas e convenios de colaboración) e cursos de idiomas.

Do informe elaborado polo Observatorio Ocupacional pódense destacar os seguintes resultados:

- O 72,92% dos graduados traballan na provincia da Coruña, noutras provincias galegas o 13,35%, no resto de España o 12,09%, e no estranxeiro o 1,64%.
- As titulacións de universitarios que traballan fóra da Comunidade Autónoma de Galicia son: Diplomatura/Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo, Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Diplomatura/Licenciatura en Máquinas Navais, Enxeñaría Técnica en Estructuras Mariñas, Enxeñaría Naval e Oceánica e Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial.

4. AMBIENTE

A UDC vela por unha produción controlada dos seus impactos no ambiente e procura contar con políticas axeitadas de consumo, aforro e uso eficiente dos seus recursos, xuntándoas baixo un plan de sustentabilidade global que beneficie os seus grupos de interese.

Na epígrafe *Ambiente* do ámbito *Cidadanía* preséntanse en detalle todas as actuacións levadas a cabo en materia de urbanismo e edificación, e respecto e coidado ao ambiente.

5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

Pola súa capacidade investigadora e polo desenvolvemento do seu Parque Tecnolóxico, a UDC conta cunha amplísima oferta de ferramentas tecnolóxicas enfocadas á investigación.

Na epígrafe *Transferencia do coñecemento e investigación* do ámbito *Empresa* preséntase en detalle a oferta tecnolóxica da UDC.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

As empresas do ámbito da UDC promoven o uso do galego como lingua vehicular interna e como ferramenta de comunicación coa cidadanía. A UDC comparte este espírito, fomentando o uso do galego non só na institución senón nas súas relacións co exterior.

Na epígrafe *Normalización lingüística* do ámbito *Cidadanía* preséntanse en detalle todas as actuacións desenvolvidas para a promoción da lingua galega.

7. COMUNICACIÓN

Para que a UDC poida trasladar con eficacia todos os seus servizos e proxectos ao mundo empresarial é necesario contar cunha política de comunicación robusta. A relación constante e fluída coa empresa é tan satisfactoria para esta como necesaria para a UDC, pois garante a promoción da institución e xera confianza e transparencia na súa xestión.

A UDC edita a revista *U+S Blogspaper* como elemento de comunicación específico para a empresa. En *U+S Blogspaper* publícanse, ademais das últimas novidades da UDC, reportaxes de actualidade socioeconómica do ámbito, e entrevistas a personaxes vinculados coa UDC procedentes do mundo da cultura e da empresa.

Na epígrafe *Comunicación* do ámbito *Cidadanía* preséntanse en detalle todas as actuacións levadas a cabo na materia.

8. CULTURA

A oferta cultural da UDC é moi ampla e aberta á participación das empresas. Anualmente organiza, promove e acolle un alto número de actividades, co obxectivo de satisfacer a toda a sociedade: teatro e danza, cine e fotografía, música e literatura, exposicións, conferencias, obradoiros de formación e un longo etcétera.

Na epígrafe *Cultura* do ámbito *Estudantado* preséntase unha relación de todas as actuacións culturais organizadas no ano 2011.

9. DEPORTE

Ao igual que no campo da cultura, a actividade da UDC é intensa no campo dos deportes. Nas súas instalacións pódense practicar deportes individuais ou colectivos, ocio ou competición, actividades na natureza ou no mar, ou simplemente realizar adestramentos nas dependencias do ximnasio situado no campus de Elviña, o cal funciona de forma similar a como o fai un centro deportivo privado.

Na epígrafe *Deporte* do ámbito *Estudantado* preséntanse todas as actividades deportivas organizadas pola Área de Deportes.

10. COMPROMISO SOCIAL

O compromiso social da UDC coa empresa inclúe o apoio á eliminación das posibles diferenzas de xénero existentes entre homes e mulleres no mercado laboral, facilitando programas de voluntariado social a través dos seguintes organismos:

1. A Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

A OIX traballa para paliar e minorar as posibles situacións de incumprimento do principio de non discriminación e do principio de igualdade entre homes e mulleres no conxunto da comunidade universitaria, en particular, e no mercado laboral, en xeral. Para iso, a OIX promove o desenvolvemento de estudos e seminarios na materia, co ánimo de reforzar a posición da muller.

No informe “A inserción laboral dos graduados da UDC 2008/2009”, elaborado polo Observatorio Ocupacional e financiado polo Consello Social, analizouse a contratación por razón de sexo, e concluíuse o seguinte:

- Os contratos de carácter indefinido son superiores nos homes (23,26%) que nas mulleres (20,55%). Non obstante, as modalidades con menor estabilidade laboral teñen maior incidencia nas mulleres. Por exemplo, os contratos temporais representan o 38,22% para o sexo feminino, mentres que nos homes alcanzan o 28,62%. Tamén é importante sinalar que, da mostra, as mulleres sen contrato son o 2,63%, e os homes son o 1,79%. É dicir, segue existindo unha brecha entre a porcentaxe de graduados mulleres e homes, aínda que esta situación mellorase respecto ao curso académico anterior.
- Os graduados traballan, maioritariamente, como directivos ou técnicos e, en menor porcentaxe, como mandos intermedios ou empregados. Obsérvase que existe unha diverxencia entre os distintos postos desempeñados atendendo ao sexo. Polo que respecta ao cargo de directivo, as mulleres representan maior porcentaxe que os homes. Os postos técnicos teñen maior similitude, e o nivel de responsabilidade máis básico analizado, o cargo de empregado, mostra, de novo, unha diferenza maior por sexo.
- En canto á rendibilidade da educación por sexo, ciclo e sectores de actividade, é moi significativa a brecha de salarios media existente entre homes (1.178 €) e mulleres (1.002 €), que mostra unha diferenza do 17,57%.
- En canto á satisfacción co traballo, obsérvase que as mulleres están máis satisfeitas que os homes, coas excepcións da estabilidade no emprego e das oportunidades de promoción.

2. A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)

A OCV canaliza os programas de voluntariado social, os programas de cooperación ao desenvolvemento e as liñas de investigación orientadas a estas materias. Tanto as empresas, en calidade de entidades colaboradoras, coma os seus empregados, en calidade de particulares, poden participar neles.

Na epígrafe *Compromiso social* do ámbito *Cidadanía* preséntanse en detalle todas as actuacións levadas a cabo en materia de igualdade de xénero, cooperación ao desenvolvemento e voluntariado social.

11. ACTUACIÓN SOCIAL

Da mesma forma que a empresa, a UDC estableceu os mecanismos necesarios para respectar e facer cumprir os dereitos e deberes dos seus profesionais, a través dos seus estatutos e da figura do Defensor Universitario, facendo especial fincapé no principio de non discriminación e igualdade de xénero.


12. XESTIÓN EFICIENTE

O Consello Social da UDC, pola súa condición de órgano de participación da sociedade na universidade, está chamado inescusablemente a xogar un papel protagonista na definición da estratexia e promoción de iniciativas que permitan á universidade lograr o obxectivo de satisfacer as demandas do tecido produtivo e institucional.

No cumprimento desta misión, o Consello Social da UDC debe prestar especial atención á empresa, como axente social protagonista do desenvolvemento económico e social de Galicia. De entre as funcións esenciais que o Consello Social debe desempeñar, destaca a de asegurar que a Universidade se oriente ao cumprimento das necesidades e expectativas do tecido produtivo, institucional e empresarial.

Durante o ano 2011, o Consello Social da UDC mostrouse comprometido con obxectivos cuxa consecución redundaba directamente en beneficio da sociedade en xeral e do sector empresarial en particular. O fomento da transferencia de resultados entre a universidade e a empresa, a empregabilidade e o emprendemento, a formación en competencias profesionais dos nosos titulados e o espírito emprendedor, forman parte do núcleo estratéxico do Consello Social.

De entre as accións que se desenvolveron no ano 2011 nestes ámbitos podemos destacar o lanzamento dos Premios Confianza UDC e Impulso UDC, a posta en marcha das Cátedras Inditex-UDC de Responsabilidade Social e Inditex de Lingua e Cultura Española da Universidade de Dhaka, as coleccións “Transfiere - UDC” e “RSU - UDC”, “Laboralia” e “Escola de Emprendedores”.



ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

As administracións públicas representan para a UDC un grupo de interese con diversas expectativas en función de dous grandes criterios, o seu ámbito competencial e de responsabilidade e o seu ámbito territorial de actuación.

Como membros do sistema público de educación, temos unha relación singular, co resto do sistema universitario e cos poderes públicos con responsabilidade en materia educativa, o que leva consigo que compartamos compromisos e obrigas, respectando a nosa autonomía de xestión. As administracións públicas estatal e autonómica cumpren a función, por un lado, de configurar o marco xurídico en que a UDC desenvolve as súas actividades e, polo outro, de garantir a autonomía e os recursos necesarios para cumprir cos seus labores. En correspondencia, a UDC marca as súas políticas de xestión coa máxima responsabilidade, especialmente no referente á rendición de contas e ao uso eficaz dos recursos económicos.

Atendendo á perspectiva territorial, converxemos en intereses e compromisos coas administracións rexionais, provinciais e locais á hora de fomentar e apoiar o des-

envolvemento social e económico da sociedade galega. Para iso comprometémonos a formar os mellores profesionais e a xerar e transferir coñecemento de calidade que permita mellorar a competitividade empresarial e axudar a resolver os retos sociais a que nos enfrontamos.

A nosa relación coas administracións locais é sen dúbida máis estreita e frutífera no ámbito local da Coruña e Ferrol, onde a UDC desenvolve non só un papel vertebrador, senón que constitúe un destacado axente das economías locais.

A terceira perspectiva é a do cumprimento das nosas obrigas normativas e administrativas con outros poderes públicos. O noso compromiso neste ámbito foi firme e claro dende as nosas orixes, o que non puido evitar algunhas desviacións detectadas no último exercicio, en materia de licenzas municipais. A nosa gran dimensión e a nosa complexidade administrativa, organizativa e de infraestruturas, estivo na orixe desta desviación, para a que xa se articularon os medios para a súa solución, nun exemplo de clara cooperación co Concello da Coruña.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

O noso compromiso coa sociedade e con outras administracións públicas é alcanzar o máximo rendemento social co investimento realizado, atendendo ás nosas obrigas. A política de xestión dos nosos recursos financeiros da forma máis rigorosa e eficiente posible permitiunos impartir un total de 133 titulacións oficiais, 28 títulos de posgrao e 39 programas de doutoramento a un total de 22.611 estudantes matriculados.

Pola súa banda, a Universidade Sénior contou, un ano máis, co apoio económico do Concello de Ferrol e da

Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. Ambas as dúas renovaron os seus convenios de colaboración para a promoción da formación complementaria dos nosos maiores por importes iguais aos de anos anteriores: 12.000 € e 25.000 €, respectivamente.

2. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

A UDC obtén a maior parte do seu financiamento para investigación a través de transferencias das administracións estatais e autonómicas e de programas competitivos europeos, nacionais e autonómicos. Neste campo de actuación, a nosa responsabilidade é empregar estes recursos económicos para xerar e transferir coñecemento valioso para a sociedade e as empresas.

A colaboración con outros organismos públicos de investigación adscritos a outras administracións públicas desempeña un papel fundamental para conseguir estes obxectivos e neste aspecto estamos especialmente satisfeitos dos resultados como mostran os convenios de cooperación establecidos e a participación conxunta en proxectos. Entre eles destaca o Campus do Mar, exemplo de cooperación entre as tres universidades públicas galegas e diversos centros de investigación.

Na epígrafe *Transferencia do coñecemento e investigación* do ámbito *Empresa* preséntase a oferta tecnolóxica da UDC para o desenvolvemento deste campo.

3. INTERNACIONALIZACIÓN

Dende a perspectiva da nosa relación coas administracións públicas, a internacionalización da UDC xira en torno aos seguintes eixes:

- A mobilidade de estudantes, PDI e PAS, e o fomento da participación en programas e proxectos internacionais con outras institucións e administracións.
- A presenza da UDC en conferencias, feiras, foros e asociacións internacionais de educación superior.
- A promoción de actividades de colaboración interuniversitaria no marco de convenios bilaterais e multilaterais internacionais.



Prestando apoio a estes eixes, cada curso a comunidade universitaria benefíciase das axudas económicas que o Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ofertan ben para a realización de cursos de idiomas, ben para financiar estadias no estranxeiro que faciliten a aprendizaxe dun segundo ou terceiro idioma.

4. AMBIENTE

O noso compromiso coa protección do ambiente ponse en práctica de xeito activo cos concellos da Coruña e de Ferrol, apoiando as estratexias e programas que desenvolven en diversos ámbitos, entre os que destacan a loita contra o cambio climático, a protección da biodiversidade, a promoción da mobilidade sustentable e a xestión eficiente dos residuos.

Na epígrafe *Ambiente* do ámbito *Cidadanía* preséntanse, en detalle, todas as actuacións levadas a cabo en materia de urbanismo e edificación, e respecto e coidado ao ambiente.

5. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

Nesta materia integrámonos nas estratexias e políticas para o desenvolvemento e promoción da administración electrónica, co obxectivo de optimizar a nosa xestión e facilitar a relación cos nosos grupos de interese. Para iso, colaboramos de forma activa coas organizacións estatais e autonómicas competentes na materia.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O artigo 5 dos estatutos da UDC establece que o idioma propio da UDC é o galego, e que este ha de ser o vehículo normal de expresión da institución. Para apoiar a consecución deste obxectivo, a UDC participou na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística conxuntamente coa Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo. Os traballos durante o exercicio 2011 centráronse:

- Na continuidade da campaña “En galego tamén se fai ciencia”.
- Na proposta de tradución ao galego ou elaboración propia de manuais universitarios para o primeiro curso dos novos graos.
- Na experimentación dun programa piloto de tradución ao galego das intervencións dos participantes en congresos internacionais, co obxectivo de crear un arquivo sonoro de linguaxe científica.

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) colaborou coas seguintes institucións:

- Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua e a Deputación da Coruña, a través da realización do “Curso de verán sobre dinamización lingüística: traballando en lingua”.
- Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través da sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades de normalización lingüística.
- Real Academia Galega, para a organización da “Xornada sobre linguas e usos”.

7. COMUNICACIÓN

En materia de comunicación queremos xogar un papel destacado no ámbito das administracións públicas, especialmente no referente á transparencia e rendición de contas. Mostra destacada diso é a presente Memoria de Responsabilidade Social 2011, que consolida o camiño iniciado coa do ano 2010.

Na epígrafe *Comunicación* do ámbito *Cidadanía* preséntanse, en detalle, todas as accións desenvolvidas na materia.

8. CULTURA

O noso compromiso co desenvolvemento sociocultural de Galicia impúlsanos a colaborar con outras administracións e institucións con iniciativas en moi diversos ámbitos: teatro, a danza, cine, fotografía, pintura, música e literatura. En todos eles desenvolvemos proxectos conxuntos, entre os que destacan especialmente os desenvolvidos cos concellos da Coruña e Ferrol, coa Deputación da Coruña e coa Xunta de Galicia, que nalgúns ocasións apoian economicamente as nosas iniciativas.



Na epígrafe *Cultura* do ámbito *Estudantado* preséntase unha relación de todas as actuacións culturais levadas a cabo no ano 2011.

9. DEPORTE

A promoción do deporte como elemento básico de desenvolvemento das persoas é unha tarefa na cal estamos implicados todos os poderes públicos e onde a cooperación é especialmente activa. Ademais das colaboracións establecidas cos organismos estatais, autonómicos e locais, é destacable a relación coas federacións nacionais e rexionais e con múltiples asociacións e clubs deportivos, especialmente na cesión de uso das instalacións da universidade.

Os acordos co Concello de Ferrol e co Concello de Narón para o uso das piscinas de Caranza e da Gándara, respectivamente, continúan vixentes no ano 2011. Nesta anualidade, preto dun centenar de membros da comunidade universitaria pasaron polas súas instalacións.

Na epígrafe *Deportes* do ámbito *Estudantado* preséntanse todas as actividades organizadas pola Área de Deportes.

10. COMPROMISO SOCIAL

Os servizos da UDC que desenvolven de forma máis activa o noso compromiso social estableceron unha

relación de cooperación estable e a longo prazo coas administracións competentes en materia de igualdade de xénero, cooperación ao desenvolvemento e voluntariado.

1. Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

A OIX é o servizo a través do cal a UDC vela polo cumprimento dos principios de non discriminación e de igualdade de oportunidades laborais entre homes e mulleres (defensa dos dereitos das mulleres, intermediación nos posibles conflitos de diferenciación por cuestións de xénero, sexualidade e opción sexual).

A relación da OIX coas administracións públicas está centrada en dúas liñas de traballo:

a) Investigación. As administracións públicas desenvolven un papel fundamental nesta materia, pois contan con servizos dedicados exclusivamente á defensa da igualdade de xénero. Non obstante, non todos dispoñen dos medios humanos necesarios para o estudo e desenvolvemento desta materia. É neste labor onde entra a OIX, que apoia estes servizos na promoción de análise e estudos que valoren a situación da igualdade de xénero na Comunidade galega. O obxectivo final e compartido entre ambas as dúas institucións é diminuír a fenda entre como debería ser e como é a realidade social para a muller.

b) Cooperación. Para o desenvolvemento da investigación neste campo, a UDC conta co apoio económico das administracións públicas coas que colabora, a



través da sinatura de convenios de colaboración. Entre eles, débense sinalar o Servizo Galego de Igualdade, o Instituto da Muller, o Ministerio de Sanidade, os Servizos Sociais de Igualdade e a Deputación da Coruña.

2. Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)

A OCV organiza programas de cooperación en países en vías de desenvolvemento, programas de voluntariado social, campañas de sensibilización, programas de investigación e obradoiros formativos.

Na epígrafe *Compromiso social* do ámbito *Cidadanía* preséntanse, en detalle, todas as actuacións levadas a cabo en materia de cooperación e voluntariado social.

A OCV colaborou, no ano 2011, coas seguintes institucións:

a) A Xunta de Galicia, coa que se realizaron numerosas actividades:

- Por medio dun convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, organizáronse actividades de apoio e mantemento do servizo, encontros de voluntariado e edición de material divulgativo.
- Actividades de formación, de sensibilización e de voluntariado en materia de cooperación ao desenvolvemento, por medio dun convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. Destaca a organización do Congreso Estatal de Voluntariado na Coruña, onde



a OCV presentou unha comunicación e mantivo un posto informativo.

b) O Concello da Coruña. A OCV participou na “Feira de Asociacións Espazo Solidario 2011” que reuniu todas as entidades da cidade da Coruña nas que o voluntariado ten un papel relevante. Estivo organizada pola Concellaría de Xuventude, Solidariedade e Normalización Lingüística.

c) O Concello de Ferrol. Colaboración en actividades de promoción do voluntariado, cooperación ao desenvolvemento e inmigración.

No ano 2011, o 66,89% do financiamento da OCV proveu da UDC (97.000 €). O 33,11% restante foi achegado pola Xunta de Galicia (48.000 €), a través de dous convenios:

- Convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o desenvolvemento de programas e de proxectos de voluntariado: 13.000€.
- Convenio de colaboración coa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para a realización de actividades de formación, sensibilización e voluntariado en materia de cooperación: 35.000€.

11. ACTUACIÓN SOCIAL

Como administración pública con responsabilidades de xestión, garantimos o respecto dos dereitos e liberdades do estudantado, PDI e PAS e atendemos as consideracións e obrigas que emanen dos poderes públicos competentes en materia sociolaboral.

12. XESTIÓN EFICIENTE

A UDC é unha entidade comprometida coa eficiencia no uso dos recursos de que dispón, co fomento da transparencia e a rendición de contas.

Somos unha institución que aposta claramente por unha planificación económica realista e responsable, baseada nunha xestión eficiente dos recursos públicos. Durante o ano 2011, o rigor en materia orzamentaria permitiunos cumprir con solvencia as nosas necesidades.

1. A planificación económica.

a) As liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013 foron aprobadas no exercicio 2011 polo Claustro da UDC e estruturáronse nos seguintes puntos:

- Contexto orzamentario.
- Estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas.
- Plan xeral de investimentos.
- Previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

A previsión da UDC centrouse nunha redución sostida do orzamento para o trienio referido, baixo a hipótese dunha recuperación do financiamento público e a aplicación de fondos propios e recursos extraordinarios.

Esta decisión implicou que para o mantemento do persoal se tiveron que formular importantes recortes en gasto corrente e, sobre todo, en investimentos.

b) O orzamento do exercicio 2011 e a liquidación orzamentaria de 2010. O Plan Operativo Anual (POA) e o orzamento do exercicio 2011 desenvolveron as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013, unha vez concretada a asignación correspondente da Xunta de Galicia.

O POA recolle tres epígrafes:

- Concreción das previsións orzamentarias nas liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013.
- Conclusións xerais da revisión dos indicadores do Plan Estratéxico do exercicio 2009.
